Marcelino Agís Villaverde

XAIME ISLA COUTO

ENTRE O GALIZA CEIBE E O VENCEREMOS NÓS

Os feitos acaecidos na Misa de Rosalía de 1969



Fundación Isla Couto

SEPT

Marcelino Agís Villaverde

XAIME ISLA COUTO: ENTRE O 'GALIZA CEIBE' E O 'VENCEREMOS NÓS'

Os feitos acaecidos na Misa de Rosalía de 1969

Edita

Fundación Isla Couto / SEPT

Deseño da cuberta

Hayat Husein

Fotografía da cuberta

Detención de Xaime Isla Couto, San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela, 25-VII-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

ISBN 978-84-7337-067-7

Edición epub

Agradecementos

Expreso a miña gratitude ás persoas e institucións que me facilitaron información e documentación para poder elaborar este traballo.

Ocupa un lugar destacado o Arquivo da Fundación Isla Couto, en particular Iñaqui Solla e Xosé Luís Pastoriza Rozas, que me facilitaron a documentación do caso xudicial; e a Xavier Martínez Cobas, que apoiou a idea de publicar este libro. Quico Domínguez e Xosé Luís Pastoriza revisaron o manuscrito e fixeron importantes precisións. Á Fundación Rosalía de Castro, e, en particular, a Gonzalo Rey Lama (q.e.p.d.), secretario durante anos con Agustín Sixto Seco; Carlos Baliñas Fernández, vicepresidente durante máis de dúas décadas; e ao actual presidente Anxo Angueira, por facilitarme documentación sobre a "Misa de Rosalía".

Agradezo tamén o traballo dos estudantes da materia de Filosofía española e galega do curso 2014-15 Marta Villar Casas, Andrea Valiño Gómez, Tania Otero Martínez, Sandra Vázquez Espiño e David Lombao Buide, que escanearon e ordenaron cronoloxicamente toda a documentación.

Agradezo, por último, a información e documentación que me facilitou Loliña Mosquera, filla e depositaria do legado de Xosé Mosquera Pérez, "o vello dos contos", primeiro iniciador da misa en lembranza de Rosalía de Castro no ano 1932.

INTRODUCIÓN
UNHA HISTORIA POR CONTAR

Hai capítulos do galeguismo sen escribir. Pezas da nosa historia política que merecen ser contadas para coñecer o noso pasado e comprender algo mellor o presente. Nalgúns casos estas historias corren o risco non só de ficar no esquecemento senón de desaparecer por completo, logo da morte dos seus protagonistas. Fica, polo menos durante un tempo, esa historia recordada que alcanza unha ou dúas xeracións. Pero trátase sempre de relatos incertos porque están mediados pola subxectividade de quen lembra e de quen conta. Sen o traballo do historiador sobre as fontes documentais, decote moitos acontecementos son engulidos por unha néboa lendaria que esvaece os verdadeiros perfís dos acontecementos. Ou que é peor, aceptamos como válida a versión acaída dun feito que alguén espalla, pola sinxela razón de que outras testemuñas gardan silencio.

Algo disto foi o que me levou a pescudar primeiro e a escribir despois os feitos acaecidos na misa en lembranza de Rosalía de Castro, organizada polo Padroado Rosalía de Castro en San Domingos de Bonaval o ano 1969. Un acto relixioso e poético que se viña organizando desde o ano 1932, cabo do Panteón de Galegos Ilustres, no Día de Galicia, por Xosé Mosquera Pérez e Manuel Beiras García, dous galeguistas composteláns vinculados a *Deus Fratesque Gallaeciae*, unha irmandade de galeguistas cristiáns á que se unirá Xaime Isla Couto no ano 1935.

Mais aquel acto de 1969 non habería ser igual ao de anos anteriores e marcaría un feito diferencial para sempre na súa historia pola detención e procesamento de Xaime Isla Couto, un respectado avogado, profesor universitario na Escola de Peritos Industriais de Vigo e intelectual galeguista vinculado a ese proxecto cultural, político e económico que se chamou Galaxia e que acabou dando nome a toda unha xeración[1].

O réxime de Franco esmorecía en paralelo a decrepitude do propio ditador e a férrea censura dos primeiros tempos afrouxara. A Lei de prensa do 23 de abril de 1938, promovida por Ramón Serrano Suñer en plena Guerra Civil, que establecía e controlaba os contidos que aparecían na prensa, deu paso á Lei de Prensa e Imprenta do ano 1966, de Manuel Fraga Iribarne, ministro de Información e Turismo, que concedía maior liberdade ás empresas periodísticas[2]. Por outra banda, o Concilio Vaticano II, iniciado polo Papa Xoán XXIII no outono de 1962 e

clausurado polo Papa Paulo VI no ano 1965, trouxo á Igrexa católica aires novos, apreciables por exemplo no abandono do latín como lingua litúrxica e na progresiva introdución das linguas vernáculas. O castelán introdúcese sen demora en xaneiro do ano 1965 e con gran constancia e certas doses de astucia, os galeguistas, entre eles o propio Xaime Isla, logran autorización do Cardeal Quiroga Palacios para celebrar en galego, por vez primeira de xeito oficial, a misa en lembranza de Rosalía de Castro do 25 de xullo do ano 1965 en San Domingos de Bonaval presidida polo padre Xaime Seixas, unha historia que vén de ser contada non hai moito por outro xesuíta e profesor universitario, Manuel Cabada Castro[3]. Tamén con grandes doses de constancia e intelixencia acadouse a introdución do galego na liturxia. Para aqueles que dubiden que por seren temas relixiosos nada tiñan que ver coas conquistas políticas, arrincadas con afouteza ao réxime franquista, convídoos a ler a seguinte declaración de principios que nos revela Xaime Isla Couto no libro de conversas con Víctor Fernández Freixanes:

> A gran loita pola liturxia vernácula —que entrañaba mesmamente tamén unha pastoral vernácula— foi unha loita política, entendida no seu senso humán e de verdadeira política cristiá. Nel tivo *SEPT* e o seu entorno (aínda o ten) un papel moi importante. Pero logo está a outra política, na que a editorial *SEPT* (e o grupo) non quería xogar senón un papel promotor de pluralismo cristián e galego[4].

Cómpre engadir que o réxime de Franco nunca soubo moi ben que facer coa coñecida popularmente como "Misa de Rosalía" do 25 de xullo. Por unha banda, non descoñecían que era unha cita anual da resistencia galeguista interior. Mais, pola outra, con que argumentos podía prohibir unha misa un Réxime que tiña entre os seus principais sinais de identidade ideolóxica o nacional-catolicismo? A misa de Rosalía nacera no medio do clima anticlerical da II República española, celebrouse durante a Guerra Civil e burlaba sistematicamente a censura do réxime franquista. A pregunta que xorde inevitablemente é a de saber que feito diferencial tivo aquela misa do ano 1969, cando xa se levaba celebrando en lingua galega catro anos, para que se producise unha carga policial no adro de San Domingos de Bonaval e se fixesen varios arrestos. Que ou quen desencadeou a liorta? Por que foi Xaime Isla Couto a persoa agredida e o principal detido?

Hai moitos anos que teño escoitado distintas versións dos feitos porque este acontecemento, coñecido fundamentalmente a través do testemuño dos asistentes,

varía moito segundo quen o conte. Tiven a sorte de escoitalo directamente dos beizos de Xaime Isla e tamén escoitei outros relatos de persoas que me merecen o maior respecto intelectual. Porén, uns e outros difiren, ás veces, substancialmente na crónica dos acontecementos. Di o refrán galego, que cada un fala da feira segundo lle vai nela. No caso que nos ocupa, teño para min que a propia febleza da memoria, unida á particular vivencia que cada un dos asistentes tivo dos acontecementos, ofrece unha perspectiva que fai que cada relato, sendo distinto, poida ser unha versión lexítima desde o punto de vista subxectivo e mesmo complementario. A cuestión é se podemos, coa documentación escrita, gráfica e doutro tipo que hoxe posuímos, reconstruír con carácter veraz uns feitos sobre os que cadaquén, naturalmente, pode facer despois unha valoración e ter unha opinión. A convicción persoal de que é posible reconstruír cunha base documental sólida os feitos acaecidos levoume a escribir este ensaio. Ao meu ver, malia tratarse dun episodio singular dentro da complexa historia política da Galicia do século XX, ilustra ás claras o compromiso galeguista ao longo do pasado século, un compromiso que vai alén dun feito puntual e dunha persoa individual. Por iso, neste ano no que se conmemora o cincuentenario da Misa de Rosalía de 1969, alén dunha homenaxe persoal a Xaime Isla Couto, alma grande do galeguismo da Xeración Galaxia, pareceume unha cuestión de xustiza poñer a disposición de todos a crónica duns acontecementos que falan da xenerosidade e entrega de varias xeracións de galegos en prol da nosa liberdade e dignidade colectivas. Agardo telo logrado.

---

1 É propio Xaime Isla quen nos fala desta tripla orientación da Editorial Galaxia no capítulo que escribe no libro homenaxe a Ramón Piñeiro. Cf. ISLA COUTO, X.: "Ramón e Galaxia", en *Homenaxe a Ramón* Piñeiro. Galicia Editorial/Fundación Caixa Galicia, A Coruña 1991, pp. 51-66.

2 Ben é certo que no seu artigo 2 esta Lei de Prensa establecía os límites infranqueables da liberdade de expresión: "La libertad de expresión y el derecho a la difusión de información, reconocidas en el artículo primero, no tendrán más limitaciones que las impuestas por las leyes. Son limitaciones: el respeto a la verdad y a la moral; el acatamiento a la Ley de Principios del Movimiento Nacional y demás Leyes Fundamentales; las exigencias de la defensa Nacional, de la seguridad del Estado y del mantenimiento del orden público interior y la paz exterior; el debido respeto a las instituciones y a las personas en la crítica de la acción política y administrativa; la independencia de los Tribunales y la salvaguardia de la intimidad y del honor personal y familiar". Ley 14/1966, de 18 de marzo, de Prensa e Imprenta. BOE núm. 67 de 19 de Marzo de 1966. Así e todo, algo se tiña avanzado.

3 Cf. CABADA CASTRO, M.: *O padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*. SEPT, Vigo 2013, pp. 57 ss.

4 ISLA COUTO, Xaime: "Dende o cristianismo e a democracia", en FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor: *Unha ducia de galegos.* Editorial Galaxia, Vigo, 1982, p. 172.

PRIMEIRA PARTE
ANTECEDENTES HISTÓRICOS

CAPÍTULO I
A MISA DE ROSALÍA DE CASTRO NA HISTORIA DO GALEGUISMO

1. A orixe do culto rosaliano en Bonaval (1891-1931)

A primeira misa que se celebrou na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela, en memoria de Rosalía de Castro foi a do solemne funeral do 26 de maio de 1891, ao día seguinte do traslado dos restos de Rosalía desde Iria Flavia a Santiago. O documento fundamental do que sucedeu aqueles 25 e 26 de maio recóllese nunha crónica de *La Patria Gallega* do día 30 de maio de 1891[5]. Unha crónica que se completa con outros testemuños persoais, reproducidos na biografía de Rosalía de Castro elaborada por Victoriano García Martí[6]. Así mesmo, nos libros *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*[7], de Carlos A. Baliñas Fernández, e no libro *A cantora do Sar,* de Borobó[8], recóllense dous resumos dos actos, nos que se explican as razóns polas que podemos considerar a *traslatio* rosaliana, seguida con gran fervor polas xentes de Iria Flavia e Compostela, o comezo do mito rosaliano.

Temos noticia documental dunha misa en lembranza de Rosalía que se celebrou o 29 de xullo de 1899, como homenaxe do Centro Galego de Bos Aires. No transcurso do acto depositouse no seu sartego unha coroa de bronce que en 1897 se fixera na capital arxentina como homenaxe póstumo, coroa que hoxe se conserva na Casa-Museo de Padrón. A crónica desta homenaxe do Centro Galego de Bos Aires aparece o 29 xullo de 1899 en *El pensamiento de Galicia*, coa retórica xornalística moi propia da época[9].

Faríanse outras ofrendas e visitas á tumba con gran valor simbólico, como a do poeta Manuel Curros Enríquez no ano 1904. Curros lévalle, con gran solemnidade, unhas flores a Rosalía, cumprindo o encargo do Centro Galego da Habana e un compromiso consigo mesmo: "una deuda sagrada impuesta a mi corazón desde allá, desde Cuba, donde se sienten nostalgias de la tierra"[10]. Curros deixou entre as flores un poema, "N'a tumba de Rosalía":

Collidas á ped'ir de porta a porta
(Que eu non herdey xardíns nin hortas teño)
¡Sombra sin paz d'a nosa 'Musa' morta!

Aquí estas frores á traguerche veño.
Y-o esparexalas sobre á pedra fría
que un "Resur'exit" para crebarse agarda,
Sinto cuase ó tremor que sentiría
O ladrón que recêa e se acobarda.

No ano 1927, Manuel Beiras García (1904-1996) participa nunha ofrenda floral a Rosalía de Castro no Panteón de galegos ilustres, xunto con outros galeguistas[11]. Mantense viva, pois, a necesidade de homenaxear a Rosalía malia as dificultades políticas. Pero será en tempos da II República e coincidindo cos anos da creación do Partido Galeguista (abril e decembro de 1931, respectivamente), cando se fragüe a idea de organizar unha misa anual para lembranza e homenaxe de Rosalía de Castro como emblema da cultura galega. Velaí o sentido de celebrar esta misa nas vésperas ou no día 25 de xullo, Día de Galicia. Unha data que se celebra desde o ano 1920, promovida nos seus inicios polas Irmandades da Fala, que aproveitan a solemnidade da festividade do martirio do Apóstolo Santiago para a reivindicación festiva dos valores patrióticos e culturais de Galicia. A festa da patria interrompeuse durante a Ditadura de Primo de Rivera, que prohibiu os actos públicos e o emprego de símbolos que atentasen contra a unidade da nación española. As Irmandades da Fala puideron volver celebrar con gran boato o Día de Galicia e da súa fala o 25 de xullo de 1931. A partir dese momento o Partido Galeguista apoiou e celebrou esta data[12]. Castelao conságraa na súa *Alba de Groria*, derradeiro discurso público que pronuncia o 25 de xullo de 1948 no Centro Galego de Bos Aires, como "Festa maor de Galiza", vivida con especial fervor pola emigración galega[13].

Foron Xosé Mosquera Pérez (1895-1965), o vello dos contos, coa axuda de Manuel Beiras García, os que organizan o 25 de xullo do ano 1932 en San Domingos de Bonaval unha primeira misa en honor de Rosalía de Castro que, a partir do ano 1933, se celebrará coa decidida vontade de que fose un acto enmarcado na celebración do Día de Galicia e tivese continuidade anual. Así o explica Manuel Beiras: "Para encetar as xornadas do Día de Galicia, nada mellor se nos ocorreu que adicar unha misa á nosa Rosalía, diante do seu sartego en San Domingos de Bonaval, na que a homilía fose dita en galego, xa que daquela non se podía, nin soñar, na liturxia en galego" [14].

O poeta Manuel María no seu artigo "Pequena historia da Misa de Rosalía", publicado nun monográfico de *A Nosa Terra*, dedicado a Rosalía de Castro, sitúa os seus inicios nos anos 1949-50[15]. Non obstante, son moitas as fontes documentais

que sitúan o comezo desta tradición galeguista a comezos dos anos trinta. Os propios protagonistas da súa organización, Mosquera e Beiras, achegan dous valiosos testemuños. O primeiro nun discurso que pronuncia en Bos Aires o 24 de xullo de 1959 e que se conserva no Arquivo Sonoro de Galicia:

> No ano 32, e perdoádeme esta efeméride que non ten importancia ao parecer, inaugurouse a emisora Radio Galicia de Santiago, invitáronme para que axudara a darlle un pouco de calor. Acudín e o primeiro que se me ocorreu foi espallar por todos os ámbitos da nosa Terra as composicións de Rosalía. Deste xeito, facíase tamén patria, facíase tamén Terra. Ao pouco tempo, preséntanse as festas do noso Apóstolo e por idea tamén doutro compañeiro meu fíxose a Misa de Rosalía o Día de Galiza na igrexa de San Domingos, na capela onde está o mausoleo onde repousan os seus restos, tendo a fronte tamén o daquel esgrevio galego, morto tempranamente, aquel gran Alfredo Brañas. Aos poucos días fixen a promesa solemne, tamén pola emisora, para que todos o souberan e o gravaran, que namentres eu tivera vida e no meu peto houbera unhas cadelas, non lle faltaría nunca esa Misa pola súa ánima, o Día de Santiago, o Día de Galicia. Ata agora cumpriuse[16].

O compañeiro ao que alude "O Vello dos Contos" non é outro que don Manuel Beiras García, quen, a súa vez, dedica un artigo completo a "Historias da 'Misa de Rosalía'". Nel afirma que a idea xurdiu no ano 1933. Trátase dunha confusión ou responde ao feito de que ata 1933 non se baralla a idea de facela todos os anos e convertela nunha das citas obrigadas do galeguismo? Segundo o seu testemuño,

> No día de Santiago de 1933 xurdiu a idea de iniciarmos o Día de Galiza cunha misa, que acadou rango tradicional: a 'Misa de Rosalía'; aínda que elo fose sen pretensións históricas do porvir, senón levándonos un degaro afervoado de contribuír á práctica do sentimento relixioso, indudable, do noso pobo co erguemento dese pulo vital de galeguidade que estaba a repuntar por aqueles anos, e mais, aínda, con motivo do movemento autonomista que estaba nas vésperas da súa eclosión, coas tarefas previas de concenciación cara o Estatuto do 36[17].

O cura que celebrou esta primeira Misa, segundo sinalan varias as fontes, foi don Jacinto Piñeiro, o popular don Chinto, cóengo entón de Ourense e despois da catedral de Segovia onde, por mor dun "intercambio" fracasado cun cóengo

compostelán, se sentía desterrado[18]. Don Chinto, que nacera en Santa Minia (Brión), no mundo rosaliano, mostraríase sempre moi disposto a vir a Galicia e a participar na misa, sen que lle dera medo predicar ou realizar unha alocución en galego unha vez rematada.

> A moitedume qu-enchía o fermoso templo de San Domingos —conta Borobó na súa crónica— uníuse co Sacerdote nos pregos á Deus pol-o descanso eterno dos nosos mortos da Causa, e gorentou despóis ao finar a Misa unha bela prédica dita na nosa lingua con elegancia e unción pol-o Rvdo. Piñeiro.
>
> Por desdita non se adoita nos templos galegos á expresar o sentimento relixioso no noso idioma. […] O ver qu-un galego que vive fora da Terra, lonxe, onde se sinte máis fondamente a saudade é un pulo á todos nós a que non deixemos de praticar o galego, sobre todo cando compre a maior sinceridade, espontaneidade i efusión como acontece ao falar con Deus[19].

Manuel Beiras recorda o momento e fala dun sentimento inesquecible malia os anos transcorridos:

> Foi, para todos nós, unha emozoante esperiencia, aquela explicación do Evanxeo en galego, por vez primeira, ver e escoitar a Don Xacinto arredor do 'Pósumos' do Evanxeo, o que tiñamos que facer e 'podíamos' facer todos nós, xunguidos irmanadamente, a prol da Terra, pola que tantas bágoas derramara, e tamén ceibara delicadas carraxes de serafíns, a nosa Cantora, foi algo que, si xa vellos, non podemos esquecer[20].

Rosalía de Castro camiñaba cara á súa definitiva consagración simbólica, por riba de ideoloxías e de crenzas, como un patrimonio de todos os galegos. Pero hai nomes propios que cómpre non esquecer no relativo á organización da misa de Bonaval. Como é o caso de Xosé Mosquera Pérez e Manuel Beiras, os iniciadores desta tradición, unida como imos ver a acontecementos que xa son parte na nosa historia, como a primeira vez que se oficiou en galego no ano 1965, ou o arresto e posterior procesamento de Xaime Isla Couto no ano 1969.

2. Testemuño e resistencia durante a II República e Guerra Civil (1931-1939)

No ano 1933 non haberá unha misa en lembranza de Rosalía senón dúas. Todo ten a súa explicación. Na véspera do Día de Galicia as autoridades municipais de

Santiago, xunto cos galeguistas Castelao, Suárez Picallo e Blanco Amor, acompañan aos representantes de Euskadi e Cataluña para facer unha ofrenda floral diante do monumento a Rosalía de Castro. Ese día vaise propoñer oficialmente a reactivación do Pacto de Galeusca, asinado por vez primeira en Cataluña o 11 de setembro de 1923.

Ademais da ofrenda floral do día 24, o Partido Galeguista organiza unha misa o día 25 de xullo. O sorprendente é que, tal como recolle a prensa local, o día 26 hai outra misa, organizada por Mosquera Pérez e Beiras. O adiamento suxire a intención de deixar patente unha concepción distinta da homenaxe a Rosalía. Máis sentimental, romántica, cultural, a misa de fervor rosaliano que organiza a dereita galeguista de Mosquera e Beiras. Fronte ao perfil máis político da que organiza o emerxente Partido Galeguista. Aínda que adoita dicirse que un dos primeiros motivos que crea unha forte división interna é a resolución da III Asemblea, que tivo lugar en xaneiro de 1934, de principiar conversas coas forzas de esquerda para formar unha alianza ou fronte común, podemos ver neste feito de celebraren dúas misas diferenciadas por Rosalía, cun día de diferenza, unha das primeiras mostras do conflito ideolóxico interno do Partido.

A Misa organizada por Mosquera e Beiras foi celebrada polo Moi Ilustre Cóengo de Valladolid D. Antón López Carballeira, definido por Manuel Beiras como "destacado escritor, poeta e ensaísta galego, autor entre outras moitas obras de *Meiga, Galicia la mágica*, de exaltación de Galicia, tan afouto ao movemento que, daquela, tiña xa un marcado selo galeguista"[21]. En palabras de Manuel Beiras foi unha "misa memorable" por dúas razóns. A primeira, porque nela estiveron presentes as delegacións de Cataluña e o País Vasco que acudiran aos actos de Galeusca. A segunda, polo sermón do cóengo López Carballeira: "unha peza oratoria de gran contido intelectual e poético, cara o soerguemento e solidaridade das nacionalidades dunha España que semellaba levar un camiño federalista naqueles días"[22].

Ao ano seguinte o Partido Galeguista organiza na Praza da Quintana o primeiro Mitin das Arengas, un acto de exaltación galeguista que *A Nosa Terra* cualifica como "un dos máis fermosos e felices de cantos o Galeguismo ten celebrado". Unha vez rematado o acto da Quintana, os asistentes dirixéronse ao monumento de Rosalía de Castro da Alameda, onde conclúe o evento.

No Mitin da Quintana participan vinte cinco oradores entre os que está, nunha das súas primeiras intervencións públicas, Ramón Piñeiro, e no que actúa de presentador o irmán maior de Xaime, Ramiro Isla Couto. Foi tamén protagonista

Emilia Docet[23], "a primeira muller que soupo sentirse orgullosamente galega fora da súa terra", que acababa de ser nomeada Miss España. Da misa de Rosalía non di nada a noticia e, sen embargo, celébrase, como o demostra o anuncio que aparece na prensa. Semella que a nota quere deixar claro que o organizador do acto é o señor Mosquera Pérez, de quen é tamén a idea. Sería inxusto, sen embargo, esquecer a Manuel Beiras.

En efecto, Mosquera e Beiras eran dous amigos que traballaban no "almacén de Ángel Estévez"[24]. Ambos compartían inquedanzas galeguistas, paixón rosaliana e unha fonda relixiosidade cristiá. O que levou a Borobó a afirmar, con esa retranca súa tan característica, que ambos "merecerían ser beatificados pola súa consagración á cultura galega, en todos os seus aspectos"[25]. Os dous amigos deberían pertencer a "aquela rapazada, despois tan fecunda, do Apostolado Social Litúrxico de Galicia, coas misas por Rosalía de Castro e o intento de levar a lingua galega a Eirexa", que xurdiu, segundo Filgueira Valverde, na casa pontevedresa de Lousada Diéguez nos anos 1920 a 1922[26].

Neste ano 1934 Mosquera Pérez, coa colaboración de Beiras, volve organizar a misa en lembranza de Rosalía. O partido Galeguista, en cambio, prescinde da misa no seu programa de actos do día 25 de xullo. Hai dentro do Partido dúas sensibilidades ben distintas e serán as súas contradicións internas as que acabará esgazando a formación. A cuestión fundamental era "a loita que se está rifando no curazón mesmo da vella Cristiandade antre a conceición católica do mundo e da sociedade (… fundamento do ser íntimo e tradizoal da nosa Terra) e a conceición laica e materialista"[27], segundo as palabras asinadas en 1931 por Otero Pedrayo, Vicente Risco, Filgueira Valverde, e Pedret Casado. Nomes que, coa excepción de Risco, formarán parte do futuro *Patronato Rosalía de Castro*.

No ano 1935 Xaime Isla Couto, que malia a súa mocidade tiña participado arreo nas actividades da Federación das Mocidades Galeguistas, vai dar mostras do seu compromiso cristián. En primeiro lugar, integrándose no mes de febreiro na asociación *Deus Fratesque Gallaeciae* (DFG) "que ven ser un intento de ampliación e introdución social do pensamento de *Logos*[28], especialmente na mocidade. […] Desde Pontevedra a 'DFG' exténdese a Santiago e Ourense. Como máximos expoñentes cómpre salientar a Iglesias Vilarelle, Filgueira Valverde, Sesto López, Fontenla Méndez e Illa Couto, entre outros"[29]. Unha asociación que promove xunto coa Mocidade Galega Católica, organización promovida a principios doa anos sesenta por Xosé Luís Fontela Rodríguez, a introdución da lingua galega na liturxia.

Un segundo feito dese ano 1935 que nos fala da sensibilidade cristiá de Xaime Isla

é o desprazamento a Santander para seguir un ciclo de conferencia do filósofo francés Jacques Maritain. En efecto, "na Universidade de verán de Santander asiste ás seis conferencias-lecciónns tituladas 'Problemas espirituais dunha nova cristiandade', impartidas polo filósofo católico Jacques Maritain, e que foron un anticipo da súa obra *Humanismo integral*"[30]. Con vinte anos, Xaime Isla incorpórase ao grupo de galeguistas cristiáns que están detrás, entre outras iniciativas, da organización da misa en lembranza de Rosalía de Castro.

En maio de 1935 prodúcese finalmente a segregación do Partido Galeguista e nace a chamada Dereita Galeguista en Pontevedra, encabezada por Xosé Fernando Filgueira Valverde, con Xerardo Álvarez Limeses e os irmáns Caramés que, segundo comunican ao secretario xeral do Partido, "non podemos ver con bos ollos a entrega do galeguismo ós enemigos da Relixión"[31]. Un movemento que tería pouco percorrido histórico por mor do levantamento militar do 18 de xullo de 1936. Os membros da Dereita Galeguista non compartían os pactos que o Partido Galeguista tiña feito coa esquerda, nin a incorporación formal do Partido Galeguista na Fronte Popular, coalición política de republicanos de esquerda, socialistas e comunistas que gaña as eleccións celebradas o 16 de febreiro de 1936.

En febreiro constitúese a Dereita Galeguista, da que forman parte Xosé Mosquera e Manuel Beiras, así como Vicente Risco e outros destacados galeguistas que non compartían o anticlericalismo da esquerda española daqueles anos. O esgazamento do PG podemos aprecialo na ausencia dunha parte sensible dos militantes na misa do ano 1935, e na queixa pública dos organizadores, laiándose de que os galeguistas non participen nos actos relixiosos na honra de Santiago nin na misa de Rosalía de Castro. Na nota que recolle *El Eco Compostelano* dise, entre outras cousas:

> Nuestro asombro es mayor, porque según tenemos entendido, el literato encargado es galleguista, y estos acordaron no dar brillantez a las Fiestas del Apóstol, por lo que tienen de religiosas, haciendo, por decirlo así, "su rancho aparte", sea en actos como el cívico en honor de Rosalía de Castro, a la cual tributarán ellos otro por separado[32].

Esta misa de 1935 é convocada por medio dunha nota que publica *El Eco Compostelano* que, con moi poucas variantes, se ía repetir ata os anos 60:

> Siguiendo la ya tradicional costumbre, el próximo lunes, día del Apóstol Santiago, tendrá lugar en la iglesia de Santo Domingo, a las ocho y media una misa aplicada por el alma de nuestra inmortal cantora. Al rogar al pueblo

> compostelano la asistencia a la misma se ruega, igualmente, a las señoras que procuren llevar algunas flores para depositar en el mausoleo en el que se guardan los restos de nuestra eximia poetisa[33].

Nun apaixonado artigo de exaltación rosaliana, Manuel Casás Fernández (A Coruña, 1867-1960), que un ano despois sería nomeado presidente interino da Real Academia Galega, fala de que o Día de Galicia é sinónimo do Día de Rosalía. Unha data obrigada para lembrar e homenaxear a Rosalía no templo de San Domingos de Bonaval, onde descansan os seus restos mortais:

> Nosotros quisiéramos que en el 'Día' de hoy una caravana de poetas y artistas, cuantos lleven en la frente una estrella, acudiesen al templo de Santo Domingo y postrados ante la tumba de la musa gallega la cubriesen de flores, como sacerdotes y vírgenes suelen cubrir de violetas la sepultura del cantor de Maguncia. Tenemos por cierta en nuestra fe que a esa caravana acompañarían también las sombras de Añón y Pintos, de Pastor Díaz y Curros, de Pondal y Aguirre[34].

Rosalía de Castro estase a converter nun símbolo da cultura de Galicia e comeza circular o apelativo metonímico da "nosa santiña". Cando non se canoniza directamente, como podemos ler na crónica que se publica en *A Nosa Terra,* o 25 de xullo de 1935, co gallo do seu cincuenta cabodano, na que se refiren a ela como "santa Rosalía".

Tamén o 25 de xullo de 1935, o xornalista vigués Jaime Solá (1874-1940), fundador da revista *Vida Gallega* escribe en *El Pueblo Gallego* unha colaboración chea de tópicos, lembrando que se achegaba o centenario do nacemento de Rosalía de Castro e que a efeméride merecería unha celebración á altura da poeta. Por desgraza, no ano 1937, no que se cumpriu o devandito centenario, non estaba Galicia, nin o resto de España, para moitas celebracións poéticas.

Rosalía tiña conquistado un importante espazo político e social e os organizadores da misa e da ofrenda floral diante do seu sartego en San Domingos de Bonaval celebran puntualmente este dobre acto no Día de Galicia. Naquel ano de 1935, segundo podemos ler na crónica de 26 de xullo de 1935, *A Nosa Terra* infórmanos de que presidiu a celebración o "sacerdote galeguista señor Ogando". A noticia de *El Pueblo Gallego* do día 27 confírmao: "el sacerdote predicó el evangelio en gallego". É interesante sinalar que nesta crónica dise que non se puido realizar a procesión ata o monumento de Rosalía na Alameda, ao final do mitin das Arengas, porque as

autoridades non o permitiron. Porén, a mesma crónica recolle a procesión do concello ata o monumento da Alameda. Homenaxe protocolaria das autoridades a Rosalía, si; manifestación popular, non.

Como comentamos máis arriba, no ano 1936 agudízase a fenda entre os galeguistas de dereita e de esquerdas. Os motivos son fundamentalmente dous: o pacto alcanzado para integrar o PG na candidatura da Fronte Popular e a cuestión relixiosa. En realidade, ambos os dous asuntos son solidarios na medida en que poñen de manifesto a gran distancia ideolóxica entre uns e outros. Xaime Isla non participa, por ideade ou se cadra polo seu compromiso coa Federación das Mocidades Galeguistas, na chamada Dereita Galeguista, pero si se integra no grupo *Deus Fratesque Gallaeciae*. Unha irmandade de cristiáns galegos que organizan o 15 de marzo daquel mesmo ano unha misa que preside Paulino Pedret Casado (Santiago, 1899-1969) no Panteón de Galegos Ilustres, diante dos sartegos de Rosalía e Alfredo Brañas.

En canto á actitude dos galeguistas composteláns verbo da escisión do Partido Galeguista, cómpre dicir que tanto Xosé Mosquera como Manuel Beiras, entre outros, asinan o día 1 de abril de 1936 o manifesto da Irmandade da Dereita Galeguista.

> Tratouse —escribe Xavier Carro— máis ben dun desdoblamento mutuamente acordado por tacticismo. Considerando que o movemento escisionista quedara convertido nun feito consumado coa marcha dos ourensáns, e non poidendo o P. G. constreñir este proceso á localidade pontevedresa de xeito que non fose máis que un pequeno problema local, semella que o P. G. aceptou que os seus membros dereitistas que o quixesen así, pasaran a engrosa-las precarias liñas de «Dereita Galeguista», de modo que esta tivese máis posibilidades de atraguer á opinión conservadora ó eido do galeguismo[35].

Nese mesmo mes de abril publicase unha "Interesante nota" en *El Compostelano*, firmada pola Federación de Mocidades Galeguistas, na que se propuña conmemorar o Centenario de Rosalía no ano 1937 coa adquisición da Casa de Rosalía; requirindo ao Partido Galeguista para que, por medio dos seus alcaldes, concelleiros e deputados acadaran unha achega económica; así como á Universidade, Academia, asociacións, etc., ao tempo que se abría unha subscrición popular. Por outra parte, Otero Pedrayo e Bouza Brey preparaban os actos. Non sería ese o camiño para a

adquisición da casa de Rosalía de Castro, mais denotaba unha preocupación por dar á memoria da poeta unha sede física[36].

Ninguén pensaría que o 25 de xullo de 1936, tan só unha semana despois do levantamento militar do 18 de xullo, se celebrase a misa en lembranza de Rosalía de Castro. E, porén, mantivéronse os actos en San Domingos de Bonaval por iniciativa de Mosquera Pérez. Segundo nos conta Carlos Baliñas "A Guerra Civil non lle quitara os tentos: un recibo conservado demostra que pagara do seu peto os gastos da Misa de Rosalía […] A misa costoulle exactamente 10 pesetas. Cómpre supoñer que a súa man andivese tamén detrás da ofrenda floral diante da estatua no paseo da Ferradura: flores para unha poeta no medio de tiros e sangue"[37].

O anuncio da Misa de 1936 aparece nas páxinas de *El Compostelano*. Sete días antes producírase o *Alzamento Nacional* e no xornal santiagués notábase certo nerviosismo: "A nota, que seguía a un artigo en galego de Aquilino Iglesias Alvariño, -comenta Baliñas con sorna- non constitúe precisamente unha xoia literaria —se cadra porque o medo do redactor póidolle ás leis da gramática-, pero, xuzgando polo que veu despois, parécenos hoxe increíble"[38].

Grazas a Borobó sabemos que a eucaristía celebrouna don Chinto. E, malia non estar o forno para bolos, don Paulino Pedret Casado dedicoulle a Rosalía de Castro un amplo artigo no xornal *El Compostelán*[39]. Podemos pensar que a súa condición de crego facía que as autoridades militares durante a Guerra Civil e despois as do Réxime foran algo máis permisivas. Mais do que non cabe dúbida é da súa valentía na defensa das causas galegas, entre elas a preservación dunha parte da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos ou a propia misa de Rosalía na que participou en varias ocasións.

A Guerra Civil coutou todas as actividades galeguistas nunha Galicia dominada polo exército de Franco. Non obstante, de cando en vez colábase algunha noticia sorprendente polo seu contido ou polos asinantes. Salientamos, por exemplo, o poema de Ramón Armada Quiroga, autor de *Emociones literarias de la Guerra de Marruecos*, cualificando ao galego de Rosalía como "dialecto armonioso", poema escrito, por suposto, en castelán, que aparece o 2 de marzo de 1937 en *El Compostelano*. O poema está dedicado a Rosalía co gallo do centenario de seu nacemento.

O tan agardado centenario do nacemento de Rosalía de Castro quedou asolagado pola magnitude e o curso da Guerra Civil. De feito, o único acto do que se ten noticia neste ano 1937 é unha misa que se celebra o 24 de febreiro, día do

centenario do nacemento de Rosalía. Celebrouna, como noutras ocasións Pedret Casado.

A frustrada conmemoración en Galicia do Centenario do nacemento de Rosalía de Castro viuse, en parte, compensada, polos actos organizados na diáspora. Así en *Cultura Gallega*, a revista dos galegos de Cuba, dáse conta dos eventos organizados na illa caribeña. No acto principal, celebrado no Teatro Nacional de La Habana, o deputado a Cortes de España, Ramón Fernández Mato, proclama que "la apocalíptica hecatombe actual de España ha tenido, cuando menos, esta consecuencia de justicia: la celebración aquí y no allá, del centenario de Rosalía de Castro…"[40] Os galegos de Cuba consideraban a Rosalía como cousa propia e, de feito, a revista *Cultura Gallega* de La Habana organizou dous premios para conmemorar o centenario da poeta que gañou o xornalista e ensaísta Xerardo Álvarez Gallego (Ourense, 1899-Miami, 1986)[41].

Os anos 30 son, polo tanto, unha época de inseguridade política na que o galeguismo tenta atopar o seu espazo, e cando parece que xa o tiña acadado, non sen traumas, é obxecto dunha mutilación radical. É tamén a mediados desta década cando Xaime Isla Couto se integra na irmandade cristián encarnada polo grupo *Deus Fratesque Gallaeciae*, colaborador e afín aos actos en lembranza de Rosalía de Castro en Bonaval. Como ben indica Carlos Baliñas, en alusión ao significado da misa de Rosalía do 25 de xullo, o galeguismo sería durante o Franquismo pouco máis ca Rosalía. Razón polo que a poeta volve reunir a todos, galeguistas e non galeguistas, crentes e non crentes, arredor dun acto de exaltación patriótica, consentido polo réxime de Franco por non saber moi ben que facer con el, que pasou a coñecerse popularmente como a "misa dos ateos". É neste contexto cando se produce a detención e procesamento de Xaime Isla Couto, como axiña veremos.

3. A *misa dos ateos*: galeguismo e relixión durante o franquismo (1939-1975)

Logo da paréntese da Guerra Civil española, Xosé Mosquera e Manuel Beiras retoman a organización do acto. As novas circunstancias políticas da España da posguerra impoñen algo máis de cautela. Apréciase na discreción e sobriedade das notas de prensa convocando o acto. A que publica *El Correo* Gallego o día 24 de xullo de 1940 ten apenas tres ou catro liñas[42]. Tamén a hora é moito máis discreta pois celébrase ás oito e media da mañá do 25 de xullo, para non interfir na misa solemne do día do Apóstolo que se celebra na Catedral compostelá a partir das dez e media da mañá. Folga dicir que tanto a hora como o medo ás represalias por asistir a

un acto "politicamente incorrecto" aos ollos do novo Réxime foron factores disuasorios para os asistentes. As fotos que se conservan das misas destes primeiros anos do Franquismo amosan este espírito de resistencia no que só unha manchea de fieis asistían a unha eucaristía que se celebraba no interior da Capela da Visitación que dá acubillo ao Panteón de Galegos Ilustres. E sobraba espazo!



Misa de Rosalía a comezo dos anos 40. No primeiro banco, Xosé Mosquera Pérez; detrás, Fermín Bouza Brey. Predica don Jacinto Soto Piñeiro, coñecido como "don Chinto"[43].

Manter a misa de Rosalía o día 25 de xullo durante os primeiros anos da ditadura era, abofé, un risco para os organizadores. Por unha banda, para o réxime o 25 de xullo era o Día de Santiago Apóstolo, patrón de España e data na que se facía a Ofrenda Nacional[44]. Pola outra, a data non coincidía con ningunha data rosaliana: non era nin o 24 de febreiro, data do seu nacemento, nin o 15 de xullo, cabodano do seu pasamento. Manter a data do 25 foi un desafío implícito ás novas autoridades franquistas pois dábase continuidade á celebración do Día de Galicia a través da súa figura simbólica máis sobranceira. Unha intelixente estratexia que xogaba co feito de que se trataba dun acto relixioso, bendicido polo Réxime, e que, porén, tiña un carácter abertamente reivindicativo da patria galega.

Rosalía de Castro, a través desta misa, á que asistía cada ano Xaime Isla Couto e un grupo de persoas que foi en aumento, converteuse na única presenza pública do galeguismo durante os primeiros anos do Franquismo. Deste xeito, a Misa de Rosalía foi un acto cun grande alcance político ao que asistían persoas que amaban a

liberdade e a Galicia a partes iguais. O 25 de xullo rezábase ao Apóstolo pedíndolle protección e rezábase a Rosalía pedíndolle que o seu testemuño non esmorecera.

E, abofé, que as dificultades dos primeiros anos foron paseniño desaparecendo. Boa mostra disto é que a partir do ano 1946, e xa con carácter ininterrompido, cada ano aparecerá unha foto de familia dos asistentes á misa nas escaleiras do adro de San Domingos de Bonaval ou da entrada. O 26 de xullo deste ano 1946, o xornal *El Correo Gallego* publica unha foto na que se aprecia a presenza dunha selecta nómina de persoeiros da cultura galega, comandada por Xosé Mosquera Pérez, a súa dona Dolores Souto e a súa filla Loliña Mosquera. Son medio cento de persoas, incluíndo o sacerdote que presidiu a celebración, o Padre Carballo, elocuente orador que predicara na novena do Apóstolo.

Foto de Familia da Misa de Rosalía do ano 1946. *El Correo Gallego,* 26-7-1946

Unha das iniciativas máis salientables dos anos corenta nos que Xaime Isla participa é a constitución do *Patronato Rosalía de Castro* o día 15 de novembro de 1947. A xuntanza celébrase na sala de xuntas do Hotel Compostela, convocados por Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel. Asisten: Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Luís Iglesias Iglesias, Fermín Bouza Brey, Paulino Pedret Casado, Felipe R. Cordero Carrete, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Beiras García, Xaime Isla Couto, Antonio Fraguas Fraguas e Xesús Ferro Couselo.

O principal motivo que leva á constitución do Patronato é o de dar un soporte institucional á recente adquisición da Casa da Matanza en Padrón, con mentes en facer dela o espazo que perpetúe a memoria de Rosalía de Castro. Así queda recollido na Acta de Constitución:

> El señor Mosquera Pérez, en nombre propio y del señor Villar Granjel, da cuenta de que, llevados ambos de su amor a Galicia y la memoria de su inolvidable cantora la excelsa poetisa doña Rosalía Castro de Murguía, adquirieron la casa del lugar de la Matanza, inmediato a la villa de Padrón, donde vivió y murió Rosalía, a fin de establecer en ella un Museo dedicado a su memoria, a la de su esposo don Manuel Murguía y a la del hijo de ambos don Ovidio[45].

O encargado de elaborar o anteproxecto de Estatutos, aprobados na sesión do día seguinte polo avanzado da hora, é Fermín Bouza Brey pola súa condición de xurista[46]. Na mesma sesión toma a palabra Ramón Otero Pedrayo para expresar "en nombre de todos los amantes de Galicia y de la memoria de Rosalía la inmensa satisfacción que a todos produce este rasgo generoso y patriótico, que viene a llenar una aspiración desde hace mucho tiempo sentida, y que, a pesar de los intentos, nunca pudiera verse lograda"[47].

O primeiro en adiantar esta importante nova é o xornal *El Correo Gallego*, incluíndo o día 25 de xullo de 1947 na primeira plana do xornal, ademais do anuncio da celebración da tradicional misa de Bonaval polo eterno descanso de Rosalía, a adquisición da casa da Matanza e a próxima constitución para xestionala dun padroado[48]. Tamén informa da viaxe que está a realizar Ramón Otero Pedrayo por distintos países de América e do cablegrama que lle envían a Bos Aires desde Galicia:

> Hoy Día de Galicia, es fiesta grande y nunca como este año por adquisición Casa Rosalía, vibrando corazones y aspiraciones unión íntima. Enviámosle saludo lleno emoción que transmitirá, 'apreixando' en fraternal abrazo todos hijos nuestra bendita tierra, seguros contar con ayuda gran obra realizar. ¡Viva Galicia![49]

Cómpre ler entre liñas o texto do cablegrama porque agacha unha historia que coñecemos a través dun testemuño de Xosé Mosquera Pérez do ano 1949. A compra da casa da Matanza era un tema recorrente e falábase de que as Deputacións ou

mesmo a Real Academia Galega tiñan o propósito de adquirila, mais todo quedaba en boas palabras e o tempo pasaba poñendo en perigo a oportunidade de que Rosalía retornase ao seu fogar. O día 28 de xullo de 1946, o xornalista Xesús Rey Alvite, gran amigo de Mosquera Pérez, comunícalle que un emigrante galego en Bos Aires chamado Antonio Santos quere entrevistarse con el.

> El resumen de nuestra entrevista —escribe Mosquera Pérez— se concreta en lo siguiente: que traía el encargo del Centro gallego de Buenos Aires de averiguar en qué estado se encontraban las gestiones de que se venía hablando sobre la adquisición por las Diputaciones de la Casa de Rosalía; yo no supe contestarle otra cosa que repetir lo que en la prensa había leído; el Sr. Santos prosiguió: "Porque se as Diputacións non a mercan, farao o Centro Galego". En su expresión pude observar una censura, tan manifiesta como justa, por nuestro proceder; poco faltó para sentirme avergonzado y, reaccionando a mi manera, le contesté rápidamente: "Non, o Centro Galego de Bos Aires que acade cartos, e moitos, para facer as cousas máis grandes, porque a casa mercámola os galegos de eiquí"[50].

Así talmente foi como sucederon os acontecementos, cun pequeno matiz: ademais da viaxe de Ramón Otero Pedrayo para animar aos galegos da emigración a colaborar no proxecto de converter a casa da Matanza na Casa Museo soñada para Rosalía, viaxaría tamén máis adiante o propio Xosé Mosquera Pérez, quen sufriu moitos desvelos e desgustos por esta cuestión. Quero lembrar tan só para non prolongar excesivamente este fío do relato que Villar Granjel morrería o 29 de novembro de 1947, tan só catorce días despois da reunión fundacional do Patronato Rosalía de Castro. De tal xeito que Xosé Mosquera Pérez tivo que pedir un préstamo bancario por importe de 45.000 pesetas para facer fronte á obriga contraída coa propietaria da casa da Matanza. Diñeiro que lle sería devolto por acordo do Patronato en 1949, se ben demorando o pago durante dez anos[51]. Mais habería que agardar vinte e cinco anos para ver cumprido o soño de ter rehabilitado e convertida en Casa Museo de Rosalía a Casa da Matanza.

Despois da compra da *Casa de Rosalía* (1946) e da creación do *Patronato Rosalía de Castro* (1947), o día 24 de xullo de 1949 toman posesión os membros do Consello Asesor do Padroado no salón artesoado do pazo de Fonseca. Unha xuntanza na que ademais se transmite ao Patronato a propiedade da casa na que viviu e morreu Rosalía de Castro.

Pronuncian cadanseu discurso os señores Mosquera Pérez e Iglesia Alvariño. O primeiro, que ocupa o cargo de Vicepresidente do Patronato, le con fervor unha memoria na que detalla a historia da compra da casa da Matanza e os proxectos de futuro, sendo interrompido polos aplausos en varias ocasións. O segundo ofrece unha emotiva visión da obra de Rosalía, nun discurso titulado *El legado de Rosalía de Castro es el tesoro del alma de un pueblo hecho canción*. Os dous discursos foron lidos en castelán, lingua na que se tivo que celebrar forzosamente o acto. Para comprender a situación abonda engadir un simple dato: incorpóranse ao acto, unha vez comezado, o Capitán Xeral da VIII Rexión Militar e o Gobernador Civil da Coruña, o que indica, tal como comenta Baliñas, que o Réxime daba tamén luz verde ás actividades do Patronato, mais tamén facían seguimento do proceso[52]. Unha circunstancia política que explica por que se redactaron en castelán os Estatutos do *Padroado* e mais as actas ata o ano 1965.

Ao día seguinte, directivos e conselleiros do Patronato asisten á misa de Rosalía en San Domingos de Bonaval, con gran afluencia de público, segundo informa *El Correo* Gallego o día 26 de xullo de 1949. Francisco Fernández del Riego, asinando como Salvador Lorenzana, envía unha crónica do acto á revista do Centro Galego de Bos Aires.

> Son las ocho y media de la mañana del día 25. Nos aproximamos al claro templo ojival de Santo Domingo. Penetramos, con devota unción en el gótico escenario. Sobre las losas tumbales, los emblemas heráldicos de destacados linajes de Galicia. La iglesia se halla ya materialmente abarrotada de público, pese a lo temprano de la hora. En ella se han dado cita todos los intelectuales del país, las representaciones americanas, y gentes de la más varia condición social. La misa fue oficiada por el presbítero santiagués, y arqueólogo, Don Jesús Carro García.
>
> El Obispo Dr. Souto Vizoso, pronunció una conmovedora homilía en lengua gallega. A ambos lados del presbiterio, Rosalía de Castro y Alfredo Brañas, escuchaban, desde el profundo silencio de sus mausoleos, la voz episcopal diciendo en el idioma nutricio la verdad esencial de una espiritualidad imperecedera. Durante el transcurso del oficio divino, los coros del Instituto Rosalía de Castro, interpretaban diversas y delicadas composiciones.
>
> Al final de la misa, se inicia el acto literario de la conmemoración. Por nuestro ánimo corre una sacudida de emociones. Allí, al pie de la tumba del poeta

> sentimos todos la magnífica lección de su ejemplo. Y es que, en estos instantes llegaba a nuestras vidas esa divina gracia de su recuerdo. Que a ella — la inmortal cantora— alma del más claro sentimiento de mujer, vida exquisita para la comunión de la paz y del silencio, el amor de todos, le clavó para la Eternidad, en la cruz de su sacrificio. En breves instantes, el mausoleo rosaliano quedó materialmente cubierto de flores. Las mujeres de Galicia le hicieron ofrenda de sus ramos[53].

Tamén o xornal *El Ideal Gallego* informa amplamente dos actos do día 25 en San Domingos de Bonaval, así como do acto formal de constitución do Patronato Rosalía de Castro, celebrado no Salón Nobre de Fonseca da Universidade de Santiago e a transferencia da Casa de Rosalía:

La Coruña, martes, 26 de julio de 1949

El Patronato "Rosalía Castro" constituído en Santiago

El Dr. Souto Vizoso ofició en una misa de requiem

El Presidente del Patronato don Luis Iglesias firmando el acta de adquisición de la casa de Rosalía Castro

(Foto Arturo).

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24. En el histórico salón de artesonado de Fonseca se ha celebrado el acto de constitución del Patronato "Rosalía Castro", y la transferencia de la Casa de Rosalía a este nuevo organismo. Abierta la sesión, por el señor Iglesias, presidente del Patronato, el señor Mosquera Pérez, Vicepresidente del mismo dió lectura a una memoria en la que se hace historia de la adquisición de la Casa de Rosalía, situada en la villa de Padrón. Contestó al orador el catedrático señor Iglesia Alvariño, que hizo un magnífico estudio de la obra de la insigne poetisa. Seguidamente se dió lectura al acta de adquisición de la Casa de Rosalía Castro. Cerró el acto el señor Iglesias, con unas palabras que fueron muy aplaudidas.

MISA OFICIADA POR EL OBISPO

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25. Esta mañana, en el templo de Santo Domingo y ante el mausoleo que guarda los restos de la poetisa gallega Rosalía de Castro, se ha celebrado una misa de requiem a la que han asistido numerosos intelectuales de Galicia, representantes de los Centros gallegos de Buenos Aires y de La Habana, representantes de la Real Academia Gallega, autoridades, jerarquías y numerosas personalidades. Hubo la tradicional ofrenda de flores por parte de las mujeres de Santiago, en el mausoleo. La misa fué oficiada por el arqueólogo doctor don Jesús Carro y durante ella, comentó el Evangelio en gallego, el obispo preconizado de Palencia, doctor Souto Vizoso. Terminada la ceremonia religiosa se procedió a descubrir una lápida, fundida en bronce, que el Centro Gallego de Buenos Aires dedica a Rosalía de Castro. Pronunció un elocuente discurso, en el que glosó la obra póstuma de Rosalía de Castro, el escritor don Ramón Otero Pedrayo. (CIFRA).

El Patronato "Rosalía Castro" celebró sesión en honor de las representaciones de los Centros Gallegos de Buenos Aires y La Habana, en la que se hizo presente la gratitud del organismo por el homenaje rendido por dichos Centros a la figura de Rosalía Castro.

Fueron enviados telegramas a Su Excelencia el Jefe del Estado, ministro de Educación Nacional y a los presidentes de los Centros Gallegos de La Habana y Buenos Aires, dándoles cuenta de haberse celebrado actos en honor de la insigne poetisa gallega.

Cultura Nacional

DELEGACION ADMINISTRATIVA DE ENSEÑANZA PRIMARIA DE LA CORUÑA

Las señoras Maestras nacionales de esta provincia que a continuación se indican, se servirán remitir a esta Delegación en el más breve plazo posible los documentos que se expresan al objeto de poder ser incluidas en el nuevo Escalafón:

Doña Edelmira Ochoa Gallego, hoja de servicios y partida de nacimiento; doña Alicia Elvira Ramudo Lamas, hoja de servicios; doña Sandalia Ortiz Vieira, hoja de servicios y partida de nacimiento, y doña Africa Páramo Gómez, hoja de servicios.

LEA Y ANUNCIESE EN EL IDEAL GALLEGO

Como vimos de comprobar, ao remate da década dos corenta as cousas melloraran. A Misa de Rosalía, que comezara sendo unha celebración familiar polo medo ás represalias do réxime, remata como un acto de moi ampla participación, organizado por un Padroado que leva o nome de Rosalía de Castro e se responsabiliza da organización da misa, do coidado do mausoleo en San Domingos de Bonaval e que posuía tamén legalmente a Casa da Matanza. O que non significa que non quedaran aínda moitos capítulos escuros e difíciles. Entre eles, a

restauración da casa da Matanza recentemente adquirida e a organización da misa. Sobre o primeiro asunto escribiron Carlos Baliñas e Gonzalo Rey Lama (1937-2013), Secretario da Fundación Rosalía de Castro durante anos[54]; sobre o segundo paga a pena ler un breves traballo de Manuel Beiras García, titulado "Historias da 'Misa de Rosalía'"[55], así como o testemuño de Borobó, nun dos seus artigos dedicados á causa rosaliana:

> Desde a constitución do Padroado, os seus fundadores, Mosquera Pérez e Manuel Beiras, traspasáranlle a responsabilidade e a honra de organizar a Misa de Rosalía; que denantes do 'Movemento Nacional' e inda no primeiro Apóstolo dela, sufragaban os bos e xenerosos homes da Dereita Galeguista. Faciámolo con tanta anticipación, porque viña sendo moi difícil preparar aquela extraordinaria Misa, a única predicada en galego durante a longa noite de pedra.
>
> Sumidos nas cavilacións adrede de quen había de dicila, e se lle permitiría celebrala, pasabamos medio ano moi divertidos, dos presbíteros académicos (don Xesús e don Paulino), un deles catedrático da Universidade; catro académicos máis, un deles maxistrado; outros dous catedráticos máis e o comisario do Patrimonio Artístico, Chamoso Lamas. Sen contar os dous xornalistas (o outro era Landeira Yrago) e os restantes sinxelos membros do Patronato.
>
> Había que contar coa autorización episcopal para celebrar a Misa, en San Domingo de Bonaval. Pero o máis complicado era atopar o crego disposto a dicila que non suscitara suspicacias entre as xerarquías da Falange compostelá e da Coruña[56].

Era, de certo, un acto de resistencia galeguista co que non puido o réxime de Franco, nin sequera nos primeiros e máis férreos tempos da Ditadura. Tamén en San Domingos, o mesmo grupo de galeguistas cristiáns celebraron outros actos de fonda significación galeguista como a misa funeral que tivo lugar no Panteón de Galegos Ilustres o 5 de febreiro de 1950 polo eterno descanso de Castelao, que finara había un mes en Bos Aires[57].

O 25 de xullo dese ano 1950, como xa era tradicional, celebrase en San Domingos de Bonaval a Misa en lembranza de Rosalía de Castro. Unha data que quedará impresa para sempre na historia cultural de Galicia porque nese mesmo día moitos

dos galeguistas que pola mañá participan no acto rosaliano no Panteón de Galegos Ilustres, constitúen oficialmente a Editorial Galaxia.

Foto de familia da asemblea fundacional da Editorial Galaxia en Santiago (25/7/1950)[58]

> O 25 de xullo de 1950 —podemos ler na páxina web da Editorial— celebrouse no bodegón do hotel Compostela, en Santiago, a Asemblea fundacional da Editorial Galaxia. Baixo a presidencia de Ramón Otero Pedrayo, o Patriarca das Letras, e coa presenza de personalidades senlleiras do galeguismo, como Manuel Gómez Román, secretario do Partido Galeguista, configurábase daquela o núcleo principal da resistencia cultural e política do galeguismo, obrigado á clandestinidade e ao exilio despois da Guerra Civil (1936). Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro foron as tres personalidades que dende o primeiro momento orientaron a editorial, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galega, nos tempos difíciles da ditadura[59].

En efecto, Galaxia foi unha fiestra aberta á cultura europea e demostrou que esa lingua menosprezada, cando non ridiculizada, polo Réxime era unha lingua de cultura, na que expresar algo máis que poesía. Tal como escribe Franco Grande, "Galaxia irradiaba xa con forza sobre o panorama cultural galego. Publicacións como *Da esencia da* Verdade, de Heidegger, ou *Mito e realidade da Terra* Nai, de Rof Carballo, poñían de manifesto que se estaban sentando as bases dun renacemento cultural galego. Estes libros supoñían a consagración dunha prosa galega realmente non afeita a certos exercicios da intelixencia: unha lingua na que se podía expresa-lo pensamento máis requintado e difícil de Europa, ou na que se

podía tratar os temas culturais máis escollidos, como en calquera outra era, sen dúbida, unha lingua de cultura"[60]. Un proxecto tan ben concibido desde o punto de vista estratéxico que non só foi quen de dar continuidade á herdanza dos intelectuais da Xeración Nós, silenciada polo Réxime, senón erixirse nun renacemento cultural no medio do ermo cultural do Franquismo, alén de ser un proxecto económico e político. Ninguén como Xaime Isla acertou a describir esta tripla dimensión de Galaxia[61]. En realidade, como ten confesado o propio Xaime Isla, aínda que foi un proxecto colectivo o seu papel foi o de "proxectista"[62].

Nese mesmo ano terá lugar un dos actos de maior significación para causa rosaliana: a visita que fai á tumba de Rosalía a súa filla Dona Gala Murguía Castro o día 10 de setembro. Dona Gala deita unhas floriñas enriba do sartego, da que que se conserva unha testemuña gráfica. Fermín Bouza Brey inmortalizou o momento nun fermoso poema titulado "A Rosalía":

A ROSALÍA

Pra acarinhar a mármore geada
Que quixo dar embrulho e acalento

á vossa humanidá martirizada,
ouh, señora da Dor e o Esquecimento.

Conozco vem, do tempo aluarada,
prensa que é vossa, frol do vosso alento,
verso de amor, estrofa de tormento
no vosso seo escrita e mais cantada.

E… como vai quencendo a pedra agora
C'o bico que issa filha deu, senhora,
Remanecendo os bicos dalgum dia!

Ja nao enfriará, que a pátria em roda
No agarimo filial puso a alma toda

E a Galiza é eviterna, Rosalía!

FERMÍN BOUZA-BREY

Visita de dona Gala Murguía Castro, filla de Rosalía, ao mausoleo de Bonaval (10/9/1950)[63]

Foi tamén a comezo da década dos 50 (exactamente, desde novembro de 1949 ata decembro de 1950), cando Manuel Vidán Torreira elaborou no suplemento semanal do xornal *La Noche* de Santiago a tradución ao galego das lecturas dominicais. Vidán Torreira, asistente asiduo ás misas de Rosalía[64], participaría tamén na primeira tradución ao galego do Misal que se imprimiría na imprenta Moret da Coruña o 10 de setembro de 1968. Describe polo miúdo os antecedentes do proceso nunha colaboración en *El Correo Gallego* titulada "Historia do primeiro Misal en galego"[65].

No ano 1953 refúndase formalmente a irmandade *Deus Fratesque Gallaeciae*, a que Xaime Isla Couto pertencía desde a súa primeira creación en 1935. Un grupo que participará activamente na organización da misa de Rosalía, presidido a partir de agora por Florentino López Cuevillas e no que xa non participa Xosé Fernando Filgueira Valverde[66]. Grazas ás fotos de familia daquel tempo sabemos que Xaime Isla era un dos asiduos á misa en lembranza de Rosalía de Castro, podémolo ver na foto de familia da misa de 1956, celebrada por Don Rafael Taboada, cóengo da Colexiata de Santa María do Campo, da Coruña. A foto aparece publicada o 26 de xullo en *La Voz de Galicia*. Tamén *El Correo Gallego* reproduce con certa amplitude a crónica da misa con alusións ao sermón de Rafael Taboada.

Foto de Familia da Misa de Rosalía do ano 1956. Aínda que parcialmente tapado, podemos ver perfectamente a Xaime Isla Couto na parte superior esquerda. Arquivo: Gonzalo Rey Lama

Coido que Carlos Baliñas atinou ao titular un dos seus capítulos do seu libro sobre Rosalía de Castro "Cando Galicia foi (oficialmente) pouco máis que Rosalía" para expresar o significado desta misa durante o Franquismo. Unha misa que era bastante máis ca unha misa xa que, a falta doutros actos que non estaban permitidos, era o xeito de celebrar o Día de Galicia e reivindicar os degaros dun futuro en liberdade para a nosa Terra e a nosa cultura. O propio Baliñas resume moi ben esta metonimia política dicindo que:

> Desde ese ano de 1949, a ceremonia deixa de ser aquel acto minúsculo e testimonial que viña sendo para coller en diante tamén certa transcendencia cívica. Os nostálxicos do fervor minoritario teñen lamentado o cambio, pero impoñíanse —nesto como en todo— se Galicia tal como os galeguistas a vían había de ter reconocimento público e poder fáctico. Polos anos cincuenta non era aínda o acto relixioso-político que chegaría a ser na década seguinte; pero sí algo parecido a un pase de revista anual de cantos propugnaban unha Galicia galeguista. Polas fotografías que se conservan, evidénciase que acostumaba reunir arredor de cen personas, […]. Comparándoas, advírtese a chegada das

primeiras promocións de estudantes galeguistas, as modificacións de edade dos asiduos, a definitiva ausencia doutros"[67].

En efecto, haberá que agardar ata os anos sesenta para que a misa en lembranza de Rosalía de Castro sexa a "misa dos ateos". Un acto de forte reivindicación política á que asistían non só o grupo de galeguistas cristiáns dos comezos senón todos os que tiñan unha esperanza certa nun futuro mellor para Galicia. Manuel María (1929-2004) na súa "Pequena historia da Misa de Rosalía" evoca o ambiente destes anos: "nos primeiros anos a asistencia era moi minoritaria e soio iba xente moi ligada ó mundo das letras. […] A misa celebrouse durante varios anos ás nove da mañá. Os de fora de Santiago íbamos de víspora. O punto de reunión era o 'Café Derby' ou o desaparecido 'Café Español' que estaba na rúa do Vilar"[68].

Tamén Xosé Luís Franco Grande, nesa radiografía colectiva dos anos cincuenta que chamou *Os anos escuros*, nos fala da misa de Rosalía como un dos actos que figuraban no calendario dos mozos galeguistas e nacionalistas daquel tempo, mesmo dos que estaban afastados das prácticas relixiosas, a falta doutro acto público para facer visible a presenza dunha nova xeración que chamaba ás portas:

> Calquera acto era bó para estar presentes. Por exemplo, a misa por Rosalía, á que polo xeral non faltaba ningún galeguista de entón, nin sequera aqueles que estabamos moi lonxe das prácticas relixiosas. Era un acto de afirmación patriótica —o único tolerado-, sempre coas forzas represivas preto de nós e, nalgunhas ocasións, dentro do templo de Santo Domingo de Bonaval. Era un lugar de encontro, e moitos conocémonos no adro de Bonaval, e outros atopábanse alí despois de anos de alonxamento. Pois unha homilía en galego, o acto rosaliano en si, ou o feito de canta-lo himno galego no adro, eran dos poucos actos públicos de carácter galego ós que nos era dado asistir. Unha carta que me escribe a Tebra Méndez Ferrín —sen data, coma tódalas súas, pero con carimbo de correos de 5 de xullo de 1956— é ben reveladora desta preocupación por asistir ó acto:
>
> Fai o favor de non ferir os meus sentimentos políticos e relixiosos: Dios y España. Supoño que irás a Santiago para a misa de Rosalía. A ver qué tren collemos. ¿É o mesmo día do Apóstolo? Contesta axiña.
>
> Naqueles tempos Méndez Ferrín non podía soñar cun sindicalismo galego —parecíalle a el mesmo unha tolería— e tiña que se conformar con ir á misa de

Rosalía (se ben, á consagración mantíñase en pé, como para dicir que aquilo só relativamente ía con el). O seu catolicismo irlandés xa era pasado…"[69]

A chamada Misa de Rosalía foi, abofé, nos anos cincuenta un acto de referencia para os galeguistas cristiáns, ao que paulatinamente se foron incorporando persoas que coñecían o significado histórico do acto e a súa dimensión política. Coa chegada da década dos sesenta abrangueu a moitas outras persoas, da esquerda, da dereita e do centro, que tiñan a lexítima aspiración dun futuro en liberdade para Galicia e para España e que o expresaban coa súa presenza no adro e no templo de San Domingos de Bonaval cada 25 de xullo.

---

5 Cf. *La Patria Gallega. Boletín-Revista. Órgano Oficial de la Asociación Regionalista*, ano I, nº 5, 30 de maio de 1891, edición Facsímil, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

6 GARCÍA MARTÍ, Victoriano. "Biografía" en *Rosalía de Castro. Obras Completas.* Ed. Aguilar, Madrid, 1958.

7 BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos A.: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Patronato Rosalía de Castro, Padrón, 1987.

8 GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (Borobó). "La traslación de Rosalía" en *A cantora do Sar*. Fundación Rosalía de Castro, Padrón, 1999.

9 "La hermosa Corona de bronce, admirada por todos, fue colocada en lo alto del mausoleo y en el centro de la artística y primorosa cornisa en la que el cincel hizo maravillas. En aquel momento, parecía que un coro de ángeles se dejaba oír en las alturas, y que el espíritu de los gallegos argentinos revoloteaba en torno a la urna cineraria". *El pensamiento de Galicia*. *Diario Católico Tradicionalista*, Santiago de Compostela, 2-1-1900.

10 CURROS ENRÍQUEZ, Manuel: *Curros Enríquez canta a Rosalía de Castro (1891,1904)*. Fundación Rosalía de Castro-Centro de Estudios Rosalianos, Padrón, 2001.

11 Cóntao nunha entrevista: "Trataba a Vilar Ponte e Luís Freire o vello, á xente das Irmandades. E logo, nos anos 30, a Castelao e Bóveda. Paco del Riego e eu estivemos xuntos no recibimento a Castelao en Nadela, preto de Lugo. Xunto con eles organicei a homenaxe floral a Rosalía, na súa tumba". BEIRAS GARCÍA, M.: "Entrevista a Manuel Beiras García", en *La Voz de Galicia*, 3-1-1995.

12 Cf. CORES TRASMONTE, B. et al.: "Día de Galicia" en *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 13, Ed. El Progreso, Lugo 2003, p. 226.

13 "Así dá comenzo a solemnidade d-este día; a Festa maor de Galiza, a Festa de todol-os galegos. Pero ninguén pode sentila coma nós, os emigrados, porque en tal día coma este reviven as lembranzas acuguladas, e coa moita destancia agrándase o prodixio da patria". CASTELAO, Alfonso R.: *Alba de Groria*, Ed. Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1951, p. 1.

14 BEIRAS GARCÍA, Manuel: "Historias da 'Misa de Rosalía'", en *Galicia 1950-1980. Trinta anos de cultura. Publicación conmemorativa do trinta aniversario da Editorial Galaxia,* Ed. Galaxia, Vigo 1980, p. 24.

15 MARÍA, M.: "Pequena historia da Misa de Rosalía", en *Rosalía Vive*, número monográfico extraordinario de *A Nosa Terra*, dedicado a Rosalía de Castro, Vigo, 1984.

16 MOSQUERA PÉREZ, Xosé: "Discurso pronunciado en Bos Aires o 24 de xullo de 1959", Arquivo Sonoro de Galicia, Consello da Cultura Galega.

17 BEIRAS GARCÍA, M.: "Historias da 'Misa de Rosalía'", op.cit., p. 24.

18 "Esta primeira misa a Rosalía, foi oficiada polo M.I. Coengo —entón de Ourense- D. Xacinto Piñeiro, natural de Santa Minia de Brión, afervoado nazonalista, companheiro e amigo que foi de Alfredo Brañas e de Cabeza de León". Ibid.

19 GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (*Borobó)*: "A Misa dita por D. Chinto", *O Correo Galego*, 25-10-00.

20 BEIRAS GARCÍA, M.: "Historias da 'Misa de Rosalía'", op. cit., p. 24.

21 BEIRAS GARCÍA, M.: "Historias da 'Misa de Rosalía'".

22 Ibid.

23 Emilia Docet (Vigo, 1915- 1995), foi unha deportista galega, filla de galego e peruana, emparentada coa familia de Xosé Núñez Búa, fundador do Partido Galeguista. gañadora do concurso de Miss España en 1933, chamado daquela "Señorita España" e militante do Partido Galeguista na súa agrupación local de Vigo. Foi a única muller que interveu no primeiro Mitin das Arengas, acto público do Partido Galeguista celebrado o 25 de xullo de 1934 en Santiago de Compostela.

24 Pai de Xerardo Estévez, alcalde de Santiago de Compostela nos períodos 1983-1986 e 1987-1998.

25 GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo, *Borobó:* "El almacén de Ángel Estévez" en *A cantora do Sar*. Fundación Rosalía de Castro, Padrón, 1999 (Tradución do autor).

26 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé Fernando: *Discurso de apertura do 1º Seminario galego de arte e comunicación*. Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, Edicións do Castro, Sada, 1984.

27 GONZÁLEZ BERAMENDI, Xusto: "Nación e tradición" no monográfico de *La Voz de Galicia* dedicado a Otero Pedrayo, 1-2-2001.

28 *Logos. Revista de Cultura Relixiosa* foi creada en Pontevedra en 1931 e editada en galego. Participaron na súa creación, entre outros, Xesús Ferro Couselo.

29 LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da Igrexa en Galicia.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989, p. 30.

30 PASTORIZA ROZAS, X.L. (ed.): *Xaime Isla. Raíz e utopía*. Editorial Galaxia-Fundación Isla Couto, Vigo, 2015, p. 31.

31 "O movemento de segregación da ala dereitista do P.G. parte de Pontevedra onde acada completo éxito, conquerindo arrastrar a tódolos elementos significativos desta tendencia (Filgueira, García Vidal, Álvarez Limeses, etc.). Aínda que xa antes algúns foron comunicando a súa baixa non é senón en maio de 1935, concretamente o día 25, que sae a luz o manifesto de «Dereita Galeguista de Pontevedra» firmado por Martínez Tiscar, Sexto López, García Vidal, Lino Sánchez, Darío Caramés e Filgueira Valverde. Na proclama pontevedresa propugnábase a creación dun partido galeguista de dereita e expúñase un índice do ideario que lle debía servir de base, pero esta proposta tardará aínda algúns meses en ser acollida. A nova da escisión foi amplamente comentada polos conservadores ourensáns no seu órgano de expresión «Heraldo de Galicia». Mais as opinións estaban divididas entre os partidarios da escisión e os contrarios a ela. Dende logo todos coincidían coa ideoloxía exposta no manifesto pontevedrés, pero uns non eran en absoluto partidarios do esgazamento, e os outros aínda non estaban totalmente convencidos de que fora chegada a hora". CASTRO, Xavier. *O galeguismo na encrucillada republicana*. Tomo II. Publicacións da Deputación de Ourense, Ourense, 1985.

32 *El Eco Compostelano*, 22-7-1935.

33 *El Eco Compostelano,* 24-7-1935.

34 CASAS, Manuel: "Día de Rosalía Castro". *El Pueblo Gallego*, 25-7-1935.

35 CASTRO, Xavier: *O galeguismo na encrucillada republicana*. Tomo II, Publicacións da Deputación de Ourense, Ourense, 1985.

36 *El Compostelano,* 28-4-1936. A historia da adquisición da Casa da Matanza en Padrón ata convertela en Casa Museo de Rosalía e todos os pormenores deste longo e complexo proceso atópanse no libro de BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política.* Op.cit.

37 BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*, op. cit. p. 109.

38 Ibid. A nota dicía o seguinte: "ACTO A ROSALÍA DE CASTRO.- Este que como todos los años se celebra ante la estatua de esa ilustre escritora gallega reducirase a una misa que los galleguistas tuvieran esta mañana en la iglesia de Santo Domingo donde descansan sus restos y después rezose un responso en el sepulcro donde descansa". *El Compostelano*, 25-7-1936.

39 Don Paulino Pedret Casado foi sacerdote e profesor de Dereito Canónico dende 1942 na Facultade de Dereito da USC e persoa moi comprometida coa causa galega. Foi membro da Real Academia Galega e "destacou cedo pola súa tendencia galeguista. Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e logo do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, do que era vicedirector no momento da súa morte". VOZ "PEDRET CASADO, Paulino", en *Gran Enciclopedia Galega "Silverio Cañada",* tomo 35, Ed. El

Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo 2003, p. 133.

40 *Cultura Gallega.* Núm. 23-26. La Habana, marzo-abril, 1937.

41 Cf. DOMINGO CUADRILLERO, Jorge: *El exilio republicano español en Cuba*. Siglo XXI Eds., Madrid, 2009, p. 354.

42 "Siguiendo la tradicional costumbre, mañana, día 25, será aplicada una Misa por el eterno descanso de nuestra inmortal cantora. El acto tendrá lugar a las ocho y media de la mañana, en la iglesia de Santo Domingo, donde descansan sus restos. Al propio tiempo que se encarece la asistencia, sería de desear que las señoras llevasen ramos de flores para depositar en el mausoleo, como sentida ofrenda a la que tanto quiso y honró a su tierra". *El Correo Gallego*, 24-7-1940.

43 Fonte: BALIÑAS FERNÁNDEZ, C.: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Op. cit., p. 104.

44 En relación á Ofrenda Nacional, durante a II República a participación dos representantes do Goberno fora suspendida. En 1937, Franco restaura por decreto a Ofrenda Nacional (BOE, 22 de xullo de 1937) que se viña celebrando desde 1643.

45 *Acta de constitución* do Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 15 de novembro de 1947.

46 Figura no punto 4, capítulo II, deses primeiros estatutos o compromiso de "Cuidar en todo tiempo del mausoleo de Rosalía en la iglesia de San Domingos de Compostela y de su decoro, en especial los días 15 e 25 de julio y 1 y 2 de noviembre de cada año, extendiendo este cuidado al propio monumento religioso, como panteón de gallegos ilustres". Ibid.

47 Ibid.

48 "En el templo de Santo Domingo y ante el mausoleo donde reposan sus restos, se celebra hoy la tradicional misa por el eterno descanso de la inmortal cantora de Galicia, Rosalía de Castro. Con tal motivo se hará público de modo oficial la adquisición por dos santiagueses de la casa donde murió, en Padrón, al objeto de ser convertida en Museo y que será entregada a un patronato, ya en vías de constituirse, que tendrá por misión desarrollar un proyecto de tales proporciones que repercutirá de modo insospechado en el porvenir artístico y cultural de Galicia. Para su desenvolvimiento se cuenta ya con ofrecimientos valiosísimos de la región y de los emigrados residentes en distintos países americanos". *El Correo Gallego*, 25-7-1947.

49 Ibid.

50 Testemuño de Xosé Mosquera Pérez que se conserva nos arquivos da Fundación Rosalía de Castro, cit. por BALIÑAS FERNÁNDEZ, C. *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Op. cit. p. 111.

51 Pode seguirse a intrahistoria da adquisición da casa da Matanza e de todas as reviravoltas ata convertela en Casa Museo de Rosalía no capítulos VI: "A escritora volve ao seu fogar" e VII "Cando Galicia foi (oficialmente) pouco máis que Rosalía", no libro citado de Carlos Baliñas, *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Op. cit. pp. 101 e ss.

52 Cf. Ibid., p. 128.

53 FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: "Las jornadas rosalianas del Día de Galicia. Homenaje del Centro Gallego Bonaerense, a nuestra Gran Lírica", en *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, Año XXXIII, n. 442, 1949.

54 Cf. BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos: *Rosalía de Castro. Entre a poesia e a política*, op.cit. Cf. tamén REY LAMA, Gonzalo. *Vinte quilómetros ó sur de Santiago. A Casa-Museo de Rosalía.* Colección Escribiduras, núm. 1. Fundación Rosalía de Castro. Padrón, 1999.

55 Cf. BEIRAS GARCÍA, M.: "Historias da 'Misa de Rosalía'". Op. cit., p. 24.

56 GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (Borobó): "As cavilacións do Padroado de Rosalía". *El Correo Gallego,* 26-10-2000.

57 Reprodúcese o recordatorio fúnebre no libro de LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da Igrexa en Galicia.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989, p. 234.

58 Fonte: http://fundacionoteropedrayo.org/

59 http://www.editorialgalaxia.es/editorial/historia.php.

60 FRANCO GRANDE, Xosé Luís: *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeneración* da noite *(1954-60).* Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1985, p. 99.

61 Cf. ISLA COUTO, X.: "Ramón e Galaxia", op.cit. Cf. tamén ISLA COUTO, Xaime: "Limiar" en ISLA COUTO, Xaime: *Construír Galicia*. Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Trasalba (Ourense),

1992, pp. 8-9.

62 Na entrevista feita por Carme Vidal en *A Nosa Terra*, pregúntalle explicitamente verbo de Galaxia: "*Vostede aparece como o autor do proxecto, recoñécese nese papel?* Un dos valores de *Galaxia* é que é un proxecto de grupo. Foi un traballo solidário de equipa pero dentro dela a miña aportación foi a de proxectista —sempre me gustou facer organigramas". VIDAL, Carme: "Xaime Isla Couto —entrevista", en *A Nosa Terra*, 919, 27-1-2000, p. 8.

63 Fonte: MÍNGUEZ GOYANES, Xosé L.: *Quiroga Palacios no seu tempo.* Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 2000.

64 Malia a súa feble saúde, estivo presente na misa en lembranza de Rosalía de Castro que se celebrou en San Domigos de Bonaval o 25 de xullo de 2015.

65 VIDÁN TORREIRA, Manuel: "Historia do primeiro Misal en galego", *El Correo Gallego*, 18-7-1987, p. 26.

66 Cf. LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da igrexa en Galicia*, op.cit., p. 312.

67 BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*, op.cit., pp. 130-131.

68 MARÍA, Manuel: "Pequena historia da Misa de Rosalía", en *Rosalía Vive*, Nº Monográfico Extraordinario de *A Nosa Terra*, dedicado a Rosalía de Castro, Vigo, 1984.

69 FRANCO GRANDE, Xosé Luís: *Os anos escuros,* I, op.cit. pp. 99-100.

CAPÍTULO II
VENCEREMOS NÓS:
A LOITA POLA LIBERDADE NA IGREXA NOS ANOS 60

O traslado da misa en lembranza de Rosalía para a tarde do 25 de xullo data do ano 1960. As razóns deste cambio, ao meu modo de ver, son dúas. A oficial: interferir o menos posibles cos actos do Día do Apóstolo (procesión e misa na Catedral); a oficiosa: ter unha maior visibilidade, nun tempo no que o Réxime comezaba tanto a dar mostras de esgotamento como a afrouxar a férrea censura. Sexa como for, a partir do ano 1960 a misa comezou a celebrarse ás seis da tarde, adiantándose pouco despois para as cinco e media da tarde, practicamente o horario que aínda ten agora.

Preside a celebración neste ano 1960 o cura de Cea, Abelardo Santorum. Necesariamente, a parte litúrxica faise en castelán, aínda como xa é tradicional, Don Abelardo pronuncia un sermón en galego loando a figura de Rosalía. Os cantos litúrxicos corren a cargo da coral "Cantigas e Agarimos", que volverá noutras ocasións e daralle unha gran prestancia estética ao acto ao responsabilizárense da colocación das ofrendas florais, antes de que a Asociación do Traxe galego se faga cargo desta parte do acto.

A comezos dos anos sesenta está consolidada a presenza dos representantes dos centros galegos de Bos Aires, Montevideo, Caracas, Porto Rico, A Habana, Santiago de Chile, Nova York; así como os representantes dos centros galegos máis sobranceiros dentro do territorio español. Neste aspecto, as xestións do Padroado Rosalía de Castro serían decisivas.

Outro aspecto que fala da normalidade con que se acepta a misa en lembranza de Rosalía a partir do ano 1961 é que comeza a incorporarse ao programa das festas do Apóstolo que edita o Concello de Santiago. Un programa, por certo, no que anuncia a estrea na compostelá praza da Quintana da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, a cargo do grupo de teatro *Cantigas e Agarimos*, dirixido por Rodolfo López-Veiga (A Habana, 1923- Santiago, 1999). Castelao comezara a escribir a obra en Pontevedra no ano 1931 e rematouna en Nova York oito anos despois, sendo estreada en Bos Aires no ano 1941[70]. Xerardo Fernández Albor que asistiu a este acto tenme falado da fonda emoción do momento, do impacto de

escoitar cantar en galego "Lela" e tamén da sorpresa de que o réxime autorizase tal evento.

A mediados da década (1964) celebrará a misa Don Xesús Precedo Lafuente, un cóengo moi noviño que sería un gran colaborador e membro do Padroado Rosalía de Castro e da organización da misa a partir destes anos. Tamén Don Xesús, como a continuación veremos, terá un gran protagonismo como mediador perante o Cardeal Quiroga para que se puidese celebrarse a primeira misa en galego no ano 1965. Son os anos da apertura da Igrexa grazas ao Concilio Vaticano II, que clausura Paulo VI neste ano 1965. E é tamén a finais desta década (1969), cando se producen os feitos da carga policial no Adro de San Domingos de Bonaval, despois de rematar a misa, coa conseguinte detención e procesamento de Xaime Isla Couto, como a continuación veremos.

1. A primeira misa "oficial" en galego

O ano dos feitos, 1965, é tamén o da renovación da xunta directiva do *Padronado Rosalía de Castro*. Celébrase a sesión con toda solemnidade, o día 21 de abril de 1965. Pasan a ocupar a Presidencia e a Secretaría, Octavio San Martín Domínguez e Avelino Abuín González de Tembra, respectivamente. Xaime Isla Couto continuará ata a súa morte como "persoeiro", na súa calidade de membro fundador. O presidente saínte non é outro que Xosé Mosquera Pérez, quen pide desculpas pola inactividade do Padroado nos últimos tempos por mor da súa feble saúde. O señor Mosquera Pérez, iniciador da tradicional misa en lembranza de Rosalía de Castro en Bonaval, fina o 30 de decembro dese mesmo ano. Forma parte da nova xunta directiva como vocal 4º o cóengo compostelán D. Xesús Precedo Lafuente. Os presentes piden por unanimidade que Mosquera Pérez siga figurando na xunta de goberno do Padroado. Accede a ocupar o último posto da xunta directiva.

Dous días despois desta xuntanza, o 23 de abril de 1965, celébrase no Instituto Padre Sarmiento de Santiago de Compostela outra xuntanza do Padroado Rosalía de Castro onde toma posesión a nova xunta directiva, integrada por:

Presidente:	Octavio San Martín Domínguez
Vicepresidente:	Xosé Mª de la Fuente Bermúdez
Secretario:	Avelino Abuín de Tembra
Vicesecretario:	Manuel Vidán Torreira

Tesoureiro:	Gustavo Varela y Gutiérrez de Caviedes
Vicetesoureiro:	Manuel Beiras García
Conservador:	Manuel Chamoso Lamas
Viceconservador:	Raimundo García Domínguez
Vogal 1º:	Paulino Pedret Casado
Vogal 2º:	Domingo García Sabell
Vogal 3º:	Xesús Carro García
Vogal 4º:	Xesús Precedo Lafuente
Vogal 5º:	Xosé Mosquera Pérez

Aínda que a presidencia de don Octavio San Martín é relativamente breve (1965-1970) aprécianse algúns cambios importantes. Un dos primeiros acordos é o de redactar en galego as actas das súas reunións. Nas xuntanzas do 30 de abril e do 13 de maio os temas que centran os debates son económicos e teñen que ver coas obras de arranxo da Casa da Matanza e a busca de financiamento. Non se fala da organización da misa en lembranza de Rosalía en Bonaval daquel ano 1965 ata a xuntanza do 18 de xuño, celebrada no domicilio do presidente Octavio San Martín. A xunta directiva acorda visitar ao Cardeal Quiroga Palacios para presentarlle de xeito institucional os altos fins que persegue o Padroado e pedirlle que a misa dese ano 1965 se celebre en galego. Noméase unha comisión para este fin da que forman parte o presidente Octavio San Martín, o secretario Avelino Abuín de Tembra, o vicesecretario Manuel Vidán Torreira, e o vogal Xesús Precedo Lafuente, cóengo da Catedral compostelá.

Nos anos anteriores a *Misa* celebrábase en latín e só algunhas das partes dicíanse en galego: o Evanxeo, o Noso Pai, e a homilía. Moitas veces realizábase unha alocución en galego ao rematar o acto relixioso, antes da ofrenda floral. A chamada popularmente "Misa de Rosalía" era un dos poucos actos relixiosos, por non dicir o único, nos que o uso do galego era "obrigado", dentro das limitacións litúrxicas impostas polo ordenamento católico vixente. A maioría dos cregos aos que se invitaba para celebrar a Misa estaban na "loita" pola introdución do galego na liturxia ou, polo menos, estaban de acordo co uso do galego.

Desde 1963, cando o Concilio Vaticano II aproba a introdución progresiva das diferentes linguas vernáculas na liturxia da Igrexa, acompañando ás correspondentes reformas litúrxicas, intensifícase en Galicia o esforzo por conseguir que o galego teña o seu lugar no culto católico de cada día. O Padroado Rosalía de Castro estaba comprometido nesta tarefa, en particular, por parte daqueles membros que un día formaron parte da Dereita Galeguista, do grupo *Deus Fratesque Gallaeciae* ou da revista *Logos*[71], entre eles Xaime Isla Couto, para os que a conciliación do cristianismo co galeguismo era algo natural. Como consecuencia deste movemento de integración da nosa lingua na liturxia créase neste mesmo ano 1965 a Editorial SEPT, na que participan varios membros do *Padroado*[72]. Un dos seus inspiradores, Xaime Isla Couto, fai a seguinte declaración de principios:

> Como cristián que son, preocupoume de sempre o divorcio grande antre a Eirexa en Galicia e as realidades galegas. Por eso arredor do ano 1965 creamos a editorial SEPT pra sensibilizar, precisamente, a grande masa cristiá encol da problemática e as reivindicacións concretas da terra en todos os sensos, cultural, social, relixioso, económico, político, etc. Era unha laboura difícil, longa, sensibilizadora, como tantas outras que neste senso se levaron adiante no país[73].

A prensa destes anos faise eco tamén deste movemento emerxente que reivindica o galego na liturxia. Escribe sobre o asunto María Boguszewicz, lembrando que:

> Entre 1964 y 65 surgió en la prensa local gallega un amplio debate acerca de la lengua de la liturgia en Galicia. La polémica debió de inquietar a las autoridades civiles, ya que en marzo de 1965 el Ministerio de Información y Turismo prohibió a la prensa gallega tratar este asunto. Los católicos comprometidos con el galleguismo sospechaban que la directriz ministerial fue inspirada por la misma jerarquía eclesiástica gallega. Sea como fuere, las instrucciones del Ministerio se quedaron en papel, porque poco después *El Correo Gallego* publicó una carta abierta a los obispos gallegos firmada por 1200 personas, muchas de ellas eminentes personalidades de la vida pública de Galicia, en la cual se pedía expresamente la introducción del gallego en la liturgia. La petición fue interpretada por la Iglesia no como una preocupación por la formación de los fieles de acuerdo con las enseñanzas conciliares, sino como una reivindicación de carácter nacionalista. Uno de los altos funcionarios de la diócesis compostelana comentó acerca de este tipo de diligencias que la lengua gallega debería servir a la liturgia y no al revés"[74].

A primeira vez que a xunta directiva trata o tema de facer a misa do 25 de xullo en galego é na xuntanza do 18 de xuño de 1965. O acordo que toman é o de "facer unha visita ao Sr. Cardeal-Arcebispo, pra informalo dos outos fins que persigue este Patronato. Ao mesmo tempo acórdase pregarlle que consinta que a misa de Rosalía sexa en galego". Para este fin nomease unha comisión integrada polo presidente, o secretario, o vicesecretario e o vogal don Xesús Precedo. Cómpre lembrar que o Padroado tiña unha boa relación co prelado e felicitárao no ano 1949 polo seu nomeamento como arcebispo; e don Fernando, ano e medio despois da súa toma de posesión, acercouse a Bonaval na mañá do 25 de xullo de 1951 a rezar un responso por Rosalía e Brañas antes de que comezase a misa.

A entrevista celebrouse o 22 de xullo e nela convidaron ao prelado a presidir a Misa en lembranza de Rosalía. Coa máxima cortesía o cardeal declinou o convite pero comprometeuse a buscar un sacerdote que a celebrarse con toda dignidade, por vez primeira e de xeito oficial, na nosa lingua. Os labores de mediación e as xestións previas corresponden ao cóengo compostelán don Xesús Precedo Lafuente, secretario aquel ano da xunta central do Ano Santo e membro do *Padroado*.

Lendo o capítulo de Manuel Cabada Castro dedicado á "Misa galega compostelá" no seu libro *O Padre Seixas desde dentro* podemos reconstruír como se desenvolveron os feitos do que Cabada cualifica como "o acontecemento tan importante da súa vida e tamén —podemos engadir- da historia social, eclesiástica e lingüística do país galego"[75]. Neste capítulo reprodúcense as partes máis esclarecedoras sobre o tema que aparecen nas páxinas do *Faro de Vigo* do 24 de xullo de 1966, onde non só se reproduce a homilía completa de Xaime Seixas senón tamén as explicacións de como se desenvolveron os acontecementos e mesmo partes inéditas do texto que Cabada rescata dos arquivos do Padre Seixas:

> Aínda non facía un mes que chegara eu de Madrid dimpois de vivir perto de catro anos na Liña Noroeste da República Dominicana, a carón de Haití, como crego de Loma de Cabrera. Levaba pouco tempo na miña cibdade nativa, Sant-iago de Compostela, cando me entregan unha tarxeta de don Xesús Precedo, cóengo de Sant-iago e Segredario da Xunta do Ano Santo Compostelán. O señor Precedo comunicábame o meu designamento pra celebrar a misa dedicada a Rosalía de Castro na eirexa de San Domingos polo Padroado Rosalía de Castro e que esta Misa, e tamén a homilía, sería no noso idioma galego.
>
> Axiña que puiden fun falar co señor Precedo pra agradecerlle o meirande

> honor que me facían, mais ao mesmo tempo, pra declinalo considerando que tan outo honor, como celebración da primeira misa do mundo no noso idioma, cumpría dedicarllo a unha persoa de máis autoridade no país galego. O señor Precedo insistiu que a cousa xa estaba determinada e que fora falar co señor Cardeal, don Fernando Quiroga, pra recibir instrucións súas. *Co gallo disto fun falar coa súa Eminencia. O señor Cardeal encargoume moita fidelidade á nova liturxia e ao noso idioma"*[76].

Por que o padre Seixas?[77] Xaime Seixas era un xesuíta compostelán que participara moi activamente na fundación de movementos obreiros cristiáns, en Salamanca, Madrid e Xixón; e que pasara tres anos en Francia traballando cos emigrantes. Volvera a España en xuño do 1965, despois de pasar catro anos na República Dominicana. Era moi amigo de Mosquera Pérez, a quen definirá como "un místico da galeguidade"[78] e de Manuel Beiras. Era un crego cun grande prestixio, humanidade e sensibilidade galeguista[79].

Para sermos xustos, cómpre dicir que alén das xestións do cóengo don Xesús Precedo, é o propio cardeal Quiroga Palacios quen se implica persoalmente no asunto desta primeira misa en galego. Segundo o testemuño do propio Xaime Seixas, foi o Cardeal Quiroga Palacio quen fala con el para pedirlle que celebre a misa en lembranza de Rosalía e o xeito de facela:

> *¿Dixeches que a Misa foi celebrada baixo os auspicios do Cardeal Quiroga, ¿chegaches a falar con el disto?*
>
> —Si, chamoume e fun falar con el. Tíñame moito cariño porque xa nos trataramos noutras veces sobre todo cando me nomeara Delegado de Peregrinaxes no sur de Francia. Don Fernando doume unha forte aperta cando nos vimos. Eu volvinlle falar de que non me consideraba a persoa axeitada e tamén a el lle dixen que me parecía mellor que fora Guerra Campos. O Cardeal fíxome dúas recomendacións: que celebrase a misa seguindo a liturxia renovada, a liturxia conciliar, que é maravillosa, e que na homilía coidase o idioma, que falase nun bo galego, porque se trataba da primeira experiencia e tiña gran interés en que saíse ben[80].

Conseguido o permiso do Cardeal e comprometido un cura da relevancia do Padre Seixas, o *Padroado* envía á prensa a gozosa convocatoria. *El Correo Gallego* publica a nota de prensa con absoluta fidelidade ao texto enviado:

La misa por Rosalía Castro será en lengua gallega

Correo G 23/7/65

La tradicional Misa que, por el eterno descanso de Rosalía Castro organiza el Patronato Rosalía Castro el próximo 25 de los corrientes, Día de Galicia, será este año en lengua gallega, por especial autorización que, para este caso, ha dado Su Eminencia Rvdma. el Cardenal Quiroga Palacios, quien gustosamente accedió a la petición que, en este sentido, le formuló la Junta de Gobierno del Patronato, en visita rendida a tal efecto en el día de ayer.

La noticia de que, por primera vez, se va a celebrar una Misa en lengua gallega y con la feliz ocasión de aplicarse por la Cantora del Sar, ha causado gran complacencia en todos los medios religiosos y culturales de Galicia.

Los folletos conteniendo el texto gallego de la Santa Misa, editados por la "Mocedade Galega Católica," estarán a disposición de los fieles a la entrada del Templo.

La Misa cuya hora se anunciará oportunamente, será oficiada por el Rvdo. P. Seijas, jesuita, hijo de Santiago.

entrevelo oían a Jesús orar al Padre para que se hiciera la voluntad del Padre. Ellos vieron que estaba en agonía y que aquel sudor era de sangre.

Por ellos lo sabemos; quiso el Señor confiarles esta intimidad, para que ellos lo contaron luego en todos los rincones de la tierra.

Al recordar esta hora de redención seguimos despertando ecos de la predicación de nuestro Apóstol y asimilando su enseñanza. Ninguna manera —dice— mejor de honrarle.

Por él sabemos hasta qué profundidad el Verbo tomó nuestra

El Correo Gallego, 23-7-1965

Nesta nota non se recolle o acordo que adopta a xunta directiva do Padroado para que se cubrisen os gastos da misa a través dunha colecta entre os fieis, mais así sucedeu e debe estar recollido na correspondente acta. A igrexa de San Domingos estaba en obras, pero o Padre Seixas confirma que foi nos claustros de San Domingos, seguramente polo empeño do *Padroado* de non apartarse moito do lugar tradicional da celebración, onde tivo lugar a misa:

Había moita xente ilustre nesta misa. ¿A quen recordas?

—Alí estaba D. Ramón Otero Pedrayo, o decano D. Luis Iglesias un home de alta categoría intelectual, había catedráticos, médicos, e moita xente do pobo e estudantes, moita xente nova […] Alí había de todo, estaban cheíños os claustros de Santo Domingo, porque a igrexa estaba en obras. Recordo que chegou o aparellador municipal preocupadísimo, que non podía ofrecer garantías de seguridade, estaba aquilo ata os topes, había xente polas esqueiras[81].

Un ano máis tarde, o *Faro de Vigo* publica o día 24 de xullo unha crónica do acto e da súa preparación escrita polo propio P. Seixas e a homilía do xesuíta . É o propio Cunqueiro, director do *Faro de Vigo*, quen lle pide o texto para publicar[82]. Lida agora, despois de tanto tempo e con todo o que sabemos da propia *Misa*, esta crónica e, sobre todo, esta homilía, prodúcenos unha certa sorpresa[83]. De decidido carácter relixioso e de exaltación do Apóstolo, de Santiago e da lingua galega, con referencias á emigración e aos perseguidos pola súa raza, lingua ou relixión, Daniel López Muñoz refírese a ela desta maneira:

> Nun aceno de admirable naturalidade 'normalizadora' a homilía de Seixas non se centra sobre a excepcionalidade lingüística do acto, nin na súa trascendencia histórica: predica en galego sobre outras cousas, sobre "a esperanza nun mundo mellor para os doentes deste mundo, para os pequenos que amou Cristo, para os asoballados polas inxusticias dunha vida que para moitos aínda é morte"[84].

O propio Seixas confesa na entrevista con Silvestre Gómez Xurxo que non reparara no carácter histórico que, ao cabo, tería esta misa como a primeira celebrada integramente en galego:

> *Pero hai algo nesta homilía que me resulta curioso, que soamente haxa unha frase que faga alusión ó tema da liturxia en galego, a que di … "ista Santa Misa, a primeira do mundo nu noso idioma galego", ¿por que razón non adicaches por enteiro a homilía a falar disto?*
>
> —Pois non reparara eu niso. Tes razón. Visto desde hoxe adicaría toda a homilía a falar da liturxia en galego, pero eu daquela tiña outras vivencias moi próximas. Penso ademais que ten varios defectos tanto de tipo lingüístico como de tipo ideolóxico. Cecais sexa algo conservadora, pero está ben, bastante ben[85].

Foron, probablemente, estas "vivencias moi próximas" que teñen que ver co compromiso social de Xaime Seixas, co agarimo polos emigrantes galegos, cos asoballados polas inxustizas, cos doentes diste mundo, cos pequenos, cos perseguidos en razón de raza, lingua ou relixión, os que levan ao Padre Seixas a falar dun xeito xenérico de todos estes aspectos, engadindo os nomes de Brañas e de Asorey e mencionando unha soa vez a Rosalía de Castro como "poetisa da Raza"[86]. "Dixeches todo o que se pode dicir, nin menos do que podías nin máis, porque máis tampouco se pode decir", comentou Antón Beiras despois da misa. Máis rotundo

foi aínda Ramón Otero Pedrayo: "Estaba agardando que chegara este día e chegou, xa podo morrer contento"[87].

Así e todo, é difícil establecer cal foi a primeira misa en galego. O padre Seixas no libro de *Conversas* con Silvestre Gómez Xurxo advirte que "foi a primeira misa dita oficialmente en galego, baixo os auspicios do Cardeal Quiroga"[88]. O termo "oficialmente" alude efectivamente a que puideron celebrarse outras misas en galego con anterioridade, e con seguridade se celebraron, pero sen autorización eclesiástica. Por iso, cando Silvestre, no seu libro de *Conversas* se interesa polo asunto e comenta "*Supoño que dis o de oficialmente porque antes xa celebraras outra misa en galego na Coruña ¿non si?* Si —contesta Seixas—, pero esta misa non foi oficial, díxena, digamos, co permiso do Espírito Santo. Agora non recordo ben se foi a misa enteira ou parte"[89].

O mesmo podería dicirse da misa que celebra Antonio Rodríguez Fraiz, egrexio fillo de Terra de Montes coñecido como o "cura de Campañó", encargado de celebrar unha misa polo eterno descanso de Castelao no cemiterio da Chacarita o Día de Galicia de 1961. Cóntao no seu libro *Castelao na alma dos escritores do seu tempo*: "O 25 de xullo de 1961 tiven o meirande honor que se pode desexar, de celebrar no camposanto da Chacarita a misa en galego. A primeira misa que se celebrou na nosa lingua en todos os tempos foi polo acougo eterno de Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao"[90].

No seu ensaio sobre *A Igrexa e a lingua galega*, Xesús Ferro Ruibal confirma que a primeira misa en galego, aínda que "parcialmente en galego", díxoa Antonio Rodríguez Fraiz en memoria de Castelao, no camposanto de Chacarita de Buenos Aires, o 25 de xullo de 1961[91]. Da mesma opinión é Victorino Pérez Prieto, quen indica que o cura de Campañó foi pioneiro na liturxia en galego, "introducindo o galego en tódalas partes da celebración onde non era preceptivo o latín"[92].

Un último testemuño, mais de gran relevancia, fala da misa celebrada en Bos Aires polo Rodríguez Fraiz, o cura de Campañó, como preámbulo daqueloutra misa en galego celebrada polo padre Seixas en Bonaval en 1965. Estoume a referir a Monseñor Miguel Anxo Arauxo Iglesias, quen ademais presidiría dúas veces en Bonaval a celebración da misa en lembranza de Rosalía de Castro nos anos 1974 e 1978, naturalmente en galego[93]. Na entrevista realizada por Víctor F. Freixanes en *Unha ducia de galegos* di que:

> Aos poucos meses de entrar en vigor a constitución litúrxica *Sacrosanctum concilium* decíase en Bos Aires a primeira misa en galego. Foi no Centro

> Galego, pola alma de Castelao, a cárrego de don Antonio Rodríguez Fraiz, hoxe párroco de Campañó, en Pontevedra, mais daquela capelán de emigrantes […] Despois daquela primeira misa en Bós Aires a Eirexa do noso país escomeza a facer as primeiras xestións no Vaticano pra que se recoñeza o galego como idioma litúrxico. […] Seixas Subirá (é) o home que di a primeira misa galega na Terra, en Santiago de Compostela, o 25 de xulio na eirexa de Santo Domingo e pola alma de Rosalía[94].

Son varios os autores que se refiren a Misa en lembranza de Rosalía de Castro do ano 1965, celebrada polo padre Seixas, como a primeira misa en galego. Caamaño Suárez e Rodríguez Pampín no seu libro *Pro e contra da liturxia en galego* afirman que "o día 25 de xullo de 1965, aproveitando a tradicional misa a Rosalía, o xesuíta P. Seixas di a primeira misa en galego, utilizando o ritual recén publicado"[95]. E a continuación fan un interesante seguimento da crónica de Xosé Morente en *El Ideal Gallego*, titulada "El gallego en la liturgia". Do fervoroso carácter desta crónica pode dar idea que calcule en máis de dúas mil persoas o número de asistentes á misa, desde o pobo sinxelo, ata a aristocracia cultural; así como a descrición do mundo interior dunha velliña que asiste a misa "Y ¿qué decir de aquella vieja, ataviada al estilo aldeano, siguiendo con sus ojos miopes el texto sagrado y apretando a veces contra su corazón en ademán de triunfo, por largos años soñado y al fin hecho realidad aquella tarde?"[96].

No número 10 da revista *Grial* de 1965 atopamos un artigo titulado "A primeira misa en galego", referíndose deste xeito á misa do Padre Seixas en Bonaval:

> Niste Ano Santo de 1965 a 'Misa de Rosalía' acadóu un siñificado verdadeiramente histórico: foi a primeira Misa dita en galego. Con ela iniciouse a incorporación da nosa lingua vernácula á liturxia. […] A este Misa, oficiada polo P. Seixas, recén chegado de terra de América onde tantos e tantos galegos alivian as súas nostalxias da terra cos versos de Rosalía, acudiron centenares de fieis de tódolos puntos do país e de tódalas condicións sociais. Todos iles, formando unha comunidade afervoada, sentían a emoción e a trascendencia daquil intre histórico prá espiritoalidade galega[97].

Esta crónica, que aparece anónima na sección o "Rego da Cultura", ben podería ser un dos moitos textos sen firmar de Xaime Isla Couto, quen volverá aludir a esta "histórica misa de San Domingos de Bonaval" nunha entrevista na revista *Encrucillada* con Silvestre Gómez Xurxo, con motivo do pasamento do padre Seixas.

Alí vólvese afirmar que "no ano 1965, tamén Ano Santo compostelán, celebra no día de Santiago a misa de San Domingos de Bonaval, que figura como a primeira misa oficiada en lingua galega, aínda que Seixas tiña usado o galego nas celebracións eucarísticas con anterioridade, polo menos parcialmente"[98].

Alén das razón estilísticas e lingüísticas, inclínome a pensar que o texto de *Grial* pertence a Xaime por dous aspectos recorrentes verbo do enraizamento da fe cristián[99]. O primeiro, o recoñecemento ao Papa Xoán XXIII, "o bon Papa de corazón cristianísimo que nos nosos días, como Rosalía fixera nos seus, soupo que non hai verdadeiro amor ao pobo si se menosprecia o 'verbo' do pobo, e infundía na doutrina pontificia e, a través dela, na conciliar, a sabia e vivificante quentura espiritual do amor ás língoas vernáculas"[100]. O segundo aspecto é a reivindicación do uso normalizado do galego na liturxia que podería encarnar unha misa no altar maior da catedral de Santiago de Compostela:

> Si era xusto que esta primeira Misa na nosa língoa —que, polo de agora aínda é excepcional— se dixese no lugar e na data en que os galegos se axuntan pra honraren a memoria de Rosalía, consideramos igualmente xusto que a primeira Misa 'normal' en galego, se diga en memoria de Xoan XXIII e se diga no Altar Maior da catedral compostelá, ondia os restos do Santo Apóstolo, evanxelizador de Galicia[101].

Nos libros citados de López Muñoz, Ferro Ruibal e Caamaño Suárez-Rodríguez Pampín, entre outros, detállase a historia desta conquista colectiva que foi a incorporación da lingua galega na liturxia. Unha historia na que a misa en lembranza de Rosalía de Castro do 25 de xullo ocupa un capítulo destacado, desde o seu nacemento a comezos dos anos trinta do século XX e con especial referencia á misa do ano 1965, a primeira celebrada oficialmente en galego con autorización eclesiástica. Un fito histórico que lle tocou cumprir ao Padre Seixas, sacerdote galeguista exemplar que presidiu aquela eucaristía.

Lendo o artigo de Andrés Torres Queiruga "Nota pra unha teoloxía do galeguismo", publicado curiosamente no mes de setembro daquel ano 1965, podemos comprender ata que punto a incorporación do galego á liturxia era, para moitos cristiáns comprometidos coa cultura galega, moito máis ca unha conquista política do galeguismo porque formaba parte dunha cosmovisión teolóxica e dunha vivencia da fe. Paga a pena reler as palabras de Queiruga:

> Cantar as loubanzas de Deus é algo ó que a Escritura invita a todas as

> criaturas: á neve i ó fogo, á pedra, ó paxaro i hastra o cetáceo. Negarlle tal dereito a unha criatura de tan grande i entranábel entidade coma o galego, no que tantos recibimos o don maravilloso da fala, aprendimos a amar os pais i a Deus, espresamos as nosas ledicias i os nosos temores ou participamos dos demáis, no que, en fin, se trasfunde e no que se alimenta canto hai de máis íntimo e de máis sublime nos corazós de varios millós de seres sería unha cousa —e perdónese a dureza da verba— sinxelamente monstruosa. Sería —visto pola outra faciana— intentar privar a Deus de unha voz, de un tono no coro unánime das súas loubanzas, impedir o acceso ó ámeto do seu amor deses finos e peculiarísimos recunchos de sensibilidade que sólo o xenio da nosa língua pode espresar axeitadamente[102].

Moitas persoas tiñan reivindicado a liturxia en galego, Queiruga ademais é quen de darlle unha xustificación teolóxica na que non falta algo de poesía. Sexa como for, o certo é que a partir do ano 1965, prodúcese un punto de inflexión na historia da Misa en lembranza de Rosalía de Castro e, como sinala Manuel Cabada, na "historia social, eclesiástica e lingüística do país galego". Unha misa que fora sempre e, segue a ser a día de hoxe, testemuño dun compromiso galeguista que, sendo cristián, vai mesmo máis alá da fe. Nesta longa historia para conquistar a dignidade da nosa lingua é de xustiza falar da incorporación do galego no culto católico e na liturxia. Unha historia que precede, certamente, a esta misa en San Domingos de Bonaval que celebrou integramente en galego por vez primeira o padre Xaime Seixas en 1965 e que terá con posterioridade outros capítulos tan importantes como a publicación da tradución ao galego da Biblia e dos materiais litúrxicos.

2. Deus tamén fala galego: a introdución do galego na liturxia

Existen diversas obras que glosan esta conquista non pequena para a cultura galega: a introdución do galego na liturxia e mais a tradución ao galego da Biblia[103]. A normalización dunha cultura implica tamén facer que a súa lingua sexa lingua vehicular para falar con Deus. Non se ten acadado plenamente pero tense avanzado moito e, sobre todo, moitas persoas teñen entregado o mellor de si nesta conquista que reúne galeguismo e relixión. Se introduzo este apartado no libro e para salientar que Xaime Isla Couto, xunto con outros compañeiros de xeración foi unha desas persoas que traballou arreo durante toda a súa vida para que a Igrexa galega fose xustamente iso: galega. E fíxoo, como noutros tantos proxectos, cunha gran

intelixencia estratéxica cuns froitos que son apreciables hoxe en día. Vaiamos a modo.

O culto católico e a liturxia tiveron o latín como lingua vehicular ata ben entrado o século XX. Mais a mediados da pasada centuria comeza a cambiar a doutrina lingüística da Igrexa. O primeiro Papa en denunciar a opresión que sufrían as linguas e as culturas minoritarias foi Pío XII na súa radiomensaxe de Nadal, pronunciada o 24 de decembro de 1941:

> No campo dunha nova orde baseada en principios morais non hai lugar para para a opresión aberta ou encuberta das peculiaridades culturais e lingüística das minorías nacionais, para a obstaculización ou redución da súa propia capacidade económica, para a limitación ou abolición da súa natural fecundidade. Canto máis conscientemente respecte a autoridade competente do Estado os dereitos das minorías, tanto máis seguramente e eficazmente poderá esixir dos seus membros o leal cumprimento dos deberes civís comúns aos demais cidadáns[104].

E o papa Xoán XXIII na súa carta encíclica *Pacem in Terris,* sobre a paz entre todos os pobos escribía, que "o que a xustiza demanda: que os gobernantes se consagren a promover con eficacia os valores humanos das devanditas minorías, especialmente no tocante á súa lingua, cultura, tradicións, recursos e iniciativas económicas"[105]. Unha declaración que mencionaba e concretaba o expresado por Pío XII.

En sintonía con esta doutrina da Igrexa verbo das linguas e das culturas minoritarias, o "Concilio Vaticano II —dinos Ferro Ruibal— reafirma a doutrina da encarnación cultural na lingua de cada pobo na constitución *Gaudium et spes* (n. 44) e o compromiso de respectar cada cultura aceptándoa incluso na propia liturxia, na constitución *Sacrosanctum Concilium* (n. 37). Este documento promulgado o 5-XII-1963 redondeou a obra dos Concilios de Tours (813) e de Trento (1563), abríndolle-la porta grande dos templos ás linguas modernas"[106]. Para abraio xeral, nas normas de aplicación das pautas conciliares que se publican no Boletín Oficial do Arcebispado de Santiago, o 20 de decembro de 1964, indícase que a lingua vernácula de Galicia é o castelán[107]. Habería que agardar ata o 7 de xaneiro de 1969 para que se autorizase a liturxia en galego. Non foi, de certo, un regalo senón unha conquista, como se pode deducir das actividades realizadas por distintas persoas e colectivos para contribuír a galeguización da Igrexa galega.

Moi cedo, en agosto de 1963, concédese o *imprimátur* ao texto do Misal dos Fieis (Ordinario de Misa) que seis anos antes solicitara o grupo *Deus Fratesque Gallaeciae*, no que, como xa dixen, estaba comprometido Xaime Isla Couto. Foi unha batalla gañada mais de moi pouca efectividade porque, logo das modificacións litúrxicas introducidas no Concilio, o texto do misal estaba desfasado[108].

En outubro de 1964 a Mocidade Católica Galega manda unha carta ao Cardeal Quiroga, da que reparte milleiros de copias, reivindicando a edición galega do Misal, da Biblia, do calendario litúrxico, da Folla Diocesana, da formación dos seminaristas, etc. O máis curioso do asunto é que esta Mocidade Católica Galega era, segundo revela Vidán Torreira, unha asociación fantasma. Paga pena ler as súas palabras: "Daquela, empezara a funcionar en Santiago unha organización fantasma intitulada 'Mocedade Católica Galega', integrada por Xosé Luís Rodríguez Fontenla como presidente e Del Castillo como secretario. Estes dous rapaces —que logo contactaron comigo- funcionaban que era unha maravilla; eles os dous inventaban xuntanzas e, naturalmente, facían actas das mesmas. Logo mandábanlle copias autorizadas cas súas firmas ós bispos, arzobispos, a Guerra Campos, á Conferencia Episcopal, ó Cardenal Benelli da Secretaría do Vaticano, etc."[109]. Así naceu a famosa carta que recibe Don Fernando Quiroga Palacios e milleiros de persoas máis en Galicia.

Tamén en outubro de 1964 aparece publicado na revista *Grial* a tradución ao galego do *Cantar dos Cantares*, feita por Manuel Vidán Torreira desde o hebreo, con notas do cóengo Xesús Precedo Lafuente e licenza eclesiástica[110]. Non era a primeira das accións galeguizadoras de Vidán Torreira. Lembremos que o 10 de maio de 1964 comezara a publicación no diario *La Noche*, na sección "Liturxia Sacra", de diversos textos sagrados traducidos ao galego. Ao longo de dous anos aparecen os Evanxeos, Epístolas, e as partes variables da misa. Materiais que con posterioridade lle servirán para dar ao prelo o primeiro misal galego que abarcaba 244 páxinas no ano 1968[111].

Manuel Vidán fala de que non é o único en tomar a iniciativa de verter na nosa lingua textos sacros e menciona a Espiña e Morente, animados polo sacerdote Manuel García García, que traducen os catro *Evanxeos*; Alonso Estravís fai o propio cos *Salmos*. En realidade, nestes anos finais da década dos sesenta van aparecer moitos textos e documentos que van contribuir á galeguización da Igrexa. Tal como sinala Quico Domínguez:

> Ademais de *O Misal galego* SEPT publica outro tipo de material de apoio para

a liturxia en galego:

— *Fichas musicais de cantos litúrxicos en galego:* Promovidos na súa maioría polos Irmandiños. (1968 a 1970)

— *A Palabra de Deus: Os Evanxeos.* De Manuel Espiña e Xosé Morente. 1965.

— *Os Salmos:* Versión de Isaac Alonso Estravís. 20 marzo 1967.

— *Pacem in terris*. (Versión galega) 1968.

— *Populorum progressio*. (Versión galega) 1968

— *Ordinario da Misa para os fieis:* Editáronse milleiros de exemplares para facilitar as respostas dos fieis[112].

Xa que logo, por riba das loables iniciativas individuais, salienta un logro colectivo que terá unha gran importancia no éxito final da empresa: a creación da Editorial SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos).

> Todas estas actuacións e moitas máis —como a creación da editorial 'SEPT', ideada por ese home profundamente cristián chamado Xaime Illa Couto; o proxecto que despois tamén se realizou na revista 'Encrucillada' eran unha gran testimuña; pero seguía faltando o principal e inexcusable pra santa misa: o libro que contase ca aprobación da Santa Sede respecto da traducción do *Misale Romanum* ao galego[113].

Efectivamente, Xaime Isla foi dos inspiradores de SEPT nese ano 1965 no que se celebraría, por primeira vez de xeito oficial, a misa en galego. A oportunidade da súa creación explícaa Xaime nos seguintes termos:

> Como cristián que son preocupoume de sempre o divorcio grande antre a Eirexa en Galicia e as realidades galegas. Por eso arredor do ano 1965 creamos a editoral *SEPT* pra sensibilizar, precisamente, a grande masa cristiá encol da problemática e as reivindicacións concretas da terra en todos os sensos, cultural, social, relixioso, económico, político, etc.[114]

Finalmente, o Misal Galego editouse nas Edicións do Adro de SEPT en setembro de 1968, co preceptivo *imprimátur* do Cardeal Quiroga e a autorización "entusiasta"

do censor eclesiástico don Andrés Lago-Cizur Goñi, gran amante de Galicia e membro da Real Academia Galega. Abonda ler o informe que remite ao señor cardeal:

> O censor informante ten a obriga lediciosa de lle dicir á Vosa Eminencia que —lonxe de atopar cousa algunha que puidera magoar o Dogma e a Moral cristiáns— si que atopou, en cambio, moito que louvar e que lle agradecer ós que, do texto orixinal autorizado, fixeron a versión ao noso doce e expresivo idioma galego. Foi, desde logo, un esforzo oportuno e laborioso en prol da nosa lingua vernácula e pra ben tamén do noso pobo[115].

A cronoloxía deste importante fito desenvólvese do seguinte xeito: o cardeal Quiroga recibe en audiencia cara a finais do ano 1967 aos representantes de SEPT, que lle levan o manuscrito do Misal. Don Fernando Quiroga, conta Manuel Vidán, arrimouno ao seu gran corazón e prometeu seguir traballando para acadar o recoñecemento do galego como lingua oficial da liturxia. Unha frase, saída dos beizos do cardeal, quedou para historia: "Non quero —exclamou con solemnidade o cardeal— que a Historia diga que o cardeal Quiroga foi traidor a Galicia". Por iso, habilidoso como sempre, Quiroga Palacios recoméndalles aos representantes de SEPT que vaian visitar a Mons. Vicente Enrique y Tarancón (1907-1994), daquela arcebispo de Oviedo, pois é o presidente da Comisión de Liturxia da Conferencia Episcopal española.

Unha delegación integrada por Xaime Isla Couto, Domingo Fernández del Riego, Xosé Morente Torres, Manuel Santos Santórum, Manuel Vidán Torreira e o Padre Xaime Seixas viaxou a Oviedo e foron recibidos por Mons. Tarancón o 27 de setembro de 1968. O prelado, que non descoñecía os atrancos e mesmo a oposición que existía contra o proxecto, deixou outra frase para a posteridade. Apreixando con emoción o Misal Galego entre as súas mans dixo: "Contra este libro ninguén poderá". Aínda habería outra a viaxe a Madrid para entregarlle en man ao secretario da comisión de liturxia da Conferencia Episcopal un exemplar do Misal Galego e, tamén nesta ocasión, formaría parte da delegación Xaime Isla[116].

O 13 de novembro daquel ano 1968, Xaime Isla escribe unha longa carta ao cardeal Quiroga transmitindo a preocupación do grupo polo retraso calculado de Roma á aprobación do Misal Galego. En realidade, os de SEPT fixeran unha xestión en Roma a través do xesuíta Santos Santórum. O retraso, explícanlle, non é cousa do Vaticano senón da falta de apoio da Conferencia Episcopal Española ou, polo

menos, dos bispos de Galicia. "Tendo, pois, coñecemento da inminente reunión da Conferencia Episcopal —pídelle Xaime Isla na carta-, apresurámonos a poñer en coñecemento da V. Emncia. esta impresión, confiando en que esa asemblea ofrece a coxuntura precisa para formalizar aquel refrendo ou delegación requiridos"[117]. A breve resposta do cardeal resulta, porén, tranquilizadora:

> O cardeal arcebispo de Santiago de Compostela saúda e bendice ao seu distinguido e querido amigo Xaime Isla Couto e ten o gusto de comunicarlle que, reexpedida desde Santiago, recibiu en Madrid o seu atento escrito do 13 do pasado novembro. Aquí en Roma visitei ao cardeal Gut e ao P. Bugnini. Prometéronme que resolverían axiña o noso asunto, que non estaba parado por defecto de procedemento senón por outras causas que non acabo de ver claro. Gustaríame falar con Vde. ao meu regreso a Santiago[118].

Como rematou a cousa? Pois neste caso, a historia tivo un final feliz, que relata sen deixar atrás ningún detalle Manuel Vidán Torreira: "Polo mes de nadal do 1968, o cardeal Quiroga foise ó Vaticano levando consigo a Guerra Campos. Foron ver ó Cardeal Benelli e, despois de ter que dar un puñetazo na mesa, o cardeal Benelli deulle o 'Rescripto da Santa Sede', no que se aprobaba o texto dese misal como 'texto oficial na Liturxia Católica'"[119]. Abofé que non era conquista pequena! A lingua galega quedaba incorporada en pé de igualdade coas demais linguas do mundo dentro do ámbito da Igrexa Católica. Foi todo un regalo de Reis, así o quixo presentar o Cardeal Quiroga que deu a coñecer a nova, xunto cos demais bispos, o 5 de xaneiro de 1969, véspera da festividade dos Reis Magos. Dous días despois, o 7 de xaneiro de 1969, SEPT difunde a seguinte circular:

> O Consilium aproba o galego como lingua oficial litúrxica de Galicia. O Misal Galego de SEPT quedará autorizado con carácter provisional para ser empregado na liturxia. O 8 de xaneiro de 1969, Xaime Isla, presidente de SEPT, dirixe un telegrama ao cardeal Quiroga: RECIBA FONDO AGRADECEMENTO DESTA SOCIEDADE POLA DECISIVA INTERVENCIÓN VOSA EMINENCIA PRESIDINDO EPISCOPADO GALEGO PRO RECONOCEMENTO NOSA LINGUA VERNÁCULA USOS LITÚRXICOS. BICAN ANELO PASTORAL. SEPT. PRESIDENTE[120].

En todo este proceso que veño de contar estivo sempre Xaime Isla Couto, desde os anos corenta, nos que se reunía cun entusiasta grupo de galeguistas cristiáns en Pontevedra. Cóntao el mesmo na entrevista con Mª Luísa Brey.

> Xa desde os anos corenta —fala Xaime Isla—, cando traballaba co grupo de Pontevedra, pensamos facer un ordinario da misa en galego. Conservo un exemplar que a miña muller pasou a man o mesmo ano que casamos (1947). Trátase da tradución ao galego desde o latín que fixemos do ordinario da misa. Estreámolo co gallo da morte dun galeguista notable que morreu por esas datas. Cando chegou o Concilio Vaticano II coa aprobación das linguas vernáculas para a liturxia, pensamos que era o momento de que a Igrexa asumise o galego e presentamos esta tradución do misal á aprobación do cardeal Quiroga Palacios […] Polo que se refire á liturxia en lingua vernácula, SEPT e o seu entorno tivo e ten un papel moi importante. O caso é que fixemos uns manifestos e uns escritos. E fomos a Oviedo a vernos co cardeal Tarancón que era presidente da comisión de liturxia e tratar a adaptación conciliar da liturxia ao galego […] Foi a visita da que saímos máis contentos, mesmo entusiasmados. Logo fomos a Madrid para levarlle ao secretario da comisión de liturxia o proxecto do misal en galego[121].

Como se pode comprobar, as versións do relato de Manuel Vidán e Xaime Isla coinciden no esencial. Se ben, Manuel Vidán afastouse posteriormente do grupo de SEPT, que sigue adiante en solitario para realizar o proxecto que constituiría un dos máis importantes capítulos da introdución do galego na Igrexa: a tradución ao galego da Biblia, desde os textos orixinais, no ano 1989[122]. Pero iso, … xa é outra historia.

---

70 MANDIÁ, Diana: "A estrea galega de Castelao", *El País*, 11-2- 2011.

71 Nomes como os de Paulino Pedret Casado, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Xosé Filgueira Valverde, Xaime Isla Couto, Xosé Mosquera ou Manuel Beiras, entre outros.

72 Xaime Isla Couto, Agustín Sixto Seco, Xerardo Fernández Albor, Carlos Baliñas Fernández, Isidoro Millán González-Pardo, Gonzalo Rey Lama, ou Alfonso Zulueta de Haz, entre outros.

73 ISLA COUTO, X.: "Dende o cristianismo e a democracia", en FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: *Unha ducia de* galegos, op.cit., p. 171.

74 BOGUSZEWICZ, M.: "La actitud lingüística de la Iglesia católica en Galicia cincuenta años después del Concilio Vaticano II", en *Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos*, Universidad de Varsovia, Vol. 16 / 2012, p. 35.

75 CABADA CASTRO, M.: *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*, op.cit.,, p. 60.

76 SEIXAS SUBIRÁ, X.: "Primeira misa en idioma galego" en *Faro de* Vigo, 24-7-1966, cit. por CABADA CASTRO, M.: *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*, op.cit., p. 60.

En cursiva figuran os parágrafos que Manuel Cabada Castro engade procedente do orixinal escrito a máquina por Seixas e que non foron incluídos no xornal impreso. Tamén se recolle a intrahistoria deste encargo nas páxinas de CAAMAÑO SUÁREZ, M. e RODRÍGUEZ PAMPÍN, X. M.: *Pro e contra da Litúrxia en galego. Historia dunha polémica*, SEPT, Vigo 1980, p. 209. "O P. Seixas […] foi invitado polo Sr. Precedo, segredario da xunta do Ano Santo, e logo, cambiando impresións co Cardeal, decidiuse a tirar polo san dentro das posibilidades de entón. Prácticamente todo o ritual e partes variables, según o Ordinario da Misa, editado había pouco pola Mocidade Católica Galega".

77 Sobre este tema pode verse o meu traballo AGÍS VILLAVERDE, M.: "O padre Seixas e a misa en Rosalía de 1965. No cincuenta cabodano da primeira misa en galego", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e GÓMEZ XURXO, S. (eds.): *O Padre Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da Irmandade. Homenaxe no centenario do seu nacemento (1915-2015)*. SEPT, Vigo, 2015, pp. 37-41.

78 GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Seixas con Silvestre G. Xurxo*. SEPT, Vigo 1985, p. 107.

79 Para coñecer ao Padre Xaime Seixas contamos hoxe co magnífico libro de CABADA CASTRO, M: *O padre Seixas desde dentro. Unha aposta galeguista, progresista e universialista,* Ed. Sept, Vigo 2013. Outra fonte importante é o libro de conversas GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Seixas con Silvestre G. Xurxo*, Ed. Sept, Vigo 1985. Así como os traballo de DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "O Padre Seixas na nosa lembranza", en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián,* 151, 2007, pp. 69-75 ou do mesmo autor o titulado "A Comunidade de vida cristiá de Vigo Vigo e a liturxia en galego", en *Lumieira. Revista galega de pastoral,* 17 (1991), pp. 211-213.

80 GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Xaime Seixas*, op.cit., p. 109.

81 Ibid., p. 112.

82 "*Imos falar un pouco máis da homilía que foi publicada en varios xornais e tamén a ten recollida Pampín no seu libro "Pro e contra da Liturxia en Galego", ¿ti consérvala?* —Eu teño unha grabación, porque aquí en Vigo grabouno Enrique Ximénez Bascoi que logo me fixo una copia, e que só escoitei unha vez. Despois pedírama Álvaro Cunqueiro, sendo Director do *Faro de Vigo*, e publicouna no primeiro aniversario deste acontecemento; eu non quería pero el reproduciuna completa xunto cun artigo meu sobre o tema". GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Xaime Seixas*, op.cit., p. 110.

83 O Foro Galicia Milenio editou un folleto co texto completo da homilía con motivo do cincuentenario da misa de Rosalía de 1965, que se repartiu aos asistentes á misa en lembranza de Rosalía do 25 de xullo de 2015. Cf. SEIXAS SUBIRÁ, X.: *Homilía do Padre Seixas, pronunciada na Misa en lembranza de Rosalía de Castro de 1965*. 50 aniversario da primeira misa en galego (1965-2015), Galicia Milenio. Foro de Pensamento e Opinión, Santiago de Compostela, 2015.

84 LOPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da igrexa en Galicia*, op.cit., p. 36.

85 GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Xaime Seixas*, p. 112.

86 "… e, niste intre, os vosos pregos pol-a poetisa da Raza, sin esquencer ao noso arnelo Alfredo Brañas e ao noso escultor Asorey, xúntanse cos nosos nesta Misa rosaliana de tudol-os anos". SEIXAS SUBIRÁ, X.: "Homilía da Misa en lembranza de Rosalía de Castro do ano 1965", en CAAMAÑO SUÁREZ, M. e RODRÍGUEZ PAMPÍN, X. M.: *Pro e contra da Litúrxia en galego. Historia dunha polémica*, op.cit., p. 210.

87 Cf. GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Xaime Seixas*, pp. 112 e 113, respectivamente.

88 Ibid., p.106.

89 Ibid.

90 RODRÍGUEZ FRAIZ, A.: *Castelao na alma dos escritores do seu tempo*, Deputación de Pontevedra 1990, p. 315.

91 "25-VII-1961: 1ª misa en galego. Díxoa pola alma de Castelao Antonio Rodríguez Fraiz, hoxe cura de Campañó, no camposanto da Chacarita de Buenos Aires. En realidade, foi parcialmente en galego: o 'Dominus vobiscum" e os textos variables, que pediu traducir Suárez Picallo para desmenti-la sona que aquí lle botaban 'de herexe'". FERRO RUIBAL, Xesús. *A Igrexa e a lingua galega*. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1987, p. 69.

92 PÉREZ PRIETO, V.: *Galegos e Cristiáns*, SEPT, Vigo, 1994, p. 152.

93 Os textos das súas homilías están publicados en ARAÚJO IGLESIAS, M. A.: *Escritos cristiáns sobre*

problemas, personaxes e conflictos de Galicia, Ed. do Castro, Sada (A Coruña), 1987, pp. 257 e 252, respectivamente.

94 ARAÚXO IGLESIAS, M. A.: "Cara a unha eirexa galega", en FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: *Unha ducia de galegos,* op.cit., pp. 251-253.

95 CAAMAÑO SUÁREZ, M. e RODRÍGUEZ PAMPÍN, X. M.: *Pro e contra da Litúrxia en galego*, op. cit., p. 129. Unhas páxinas máis adiante volven sobre o tema afirmando que "no día de Santiago de 1965, Ano Santo Compostelán, e aproveitando a xa tradicional Misa por Rosalía, celebrouse no templo de Santo Domingo de Santiago a primeira misa en galego", Op. Cit., p. 209.

96 MORENTE TORRES, Xosé: "La liturgia en gallego". *El Ideal Gallego*, 28-8-1965.

97 ANÓNIMO: "A primeira Misa en galego", en *Grial. Revista galega de cultura,* 9, 1965, p. 376.

98 ISLA COUTO, X. e GÓMEZ XURXO, S.: "O padre Seixas: profético, galego e universal", en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián* , 90, novembro-decembro 1994, p. 540/100.

99 Desta nosa mesma opinión é Xosé Luís Pastoriza que recolle esta crónica como autoría de Xaime na escolma de textos publicada en *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia,* op.cit. p. 170.

100 ANÓNIMO: "A primeira Misa en galego", p. 376.

101 Ibid.

102 TORRES QUEIRUGA, A.: "Nota pra unha teoloxía do galeguismo", en *Grial. Revista galega de cultura,* 9, 1965, p. 310.

103 Ademais dos traballos que serán citados neste apartado recomendo especialmente o artigo de recente aparición de DOMÍNGUEZ, F. (Quico): "Xaime Isla e a inculturación da Igrexa galega", en *Grial. Revista galega de cultura*, 207, 2015, pp. 42 e ss. Un traballo especialmente acaído porque vai percorrendo os fitos sobranceiros da biografía de Xaime Isla con respecto á galeguización da Igrexa.

104 PÍO XII: "En el alba y en la luz. Radiomensaje de Navidad de su Santidad Pío XII*"*, 24 de Nadal de 1941, Librería Editrice Vaticana, Roma. (Tradución do autor).

105 XOÁN XXIII: *Carta Encíclica Pacem in Terris. Sobre la paz entre todos los pueblos que ha de fundarse en la verdad, la justicia, el amor y la libertad*, 11 de abril de 1963, Librería Editrice Vaticana (Tradución do autor). Existe unha edición galega desta Carta Encíclica de Xoán XXIII publicada por Sept no ano 1968. Cf. XOÁN XXIII: *Pacem in terris : a paz entre todolos pobos fundada na verdade, na xusticia, no amor, na libertade* , versión e limiar de Isaac Alonso Estravís, Ed. Do Adro, SEPT, Vigo, 1968.

106 FERRO RUIBAL, Xesús: *A Igrexa e a lingua galega. Ensaio*, op.cit., p. 45.

107 Cf. LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da Igrexa en Galicia*, op.cit., p. 33. Unha miúda presentación das reaccións a favor e en contra que provocou a publicación destas normas atopámola no libro de CAAMAÑO SUÁREZ, M. e RODRÍGUEZ PAMPÍN, X. M.: *Pro e contra da Litúrxia en Galego. Historia dunha polémica*, op. cit., pp. 25 e ss.

108 Ibid., p. 32.

109 Ibid.

110 Cf. VIDÁN TORREIRA, Manuel e PRECEDO LAFUENTE, Xesús: *O Cantar dos Cantares* de Salomón, en *Grial. Revista galega de cultura,* 6, 1964, pp. 465-478. Dous anos máis tarde aparece, tamén en *Grial*, a tradución do libro da *Apocalipse* de San Xoán. Cf. . VIDÁN TORREIRA, Manuel e PRECEDO LAFUENTE, Xesús: *A Apocalipse* de San Xoán (Escolma), en *Grial. Revista galega de cultura,* 1966, pp. 447-465.

111 Cf. VIDÁN TORREIRA, M.: "Historia do primeiro misal en galego", op.cit.

112 DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "50 anos na inculturación da Igrexa Galega", en http://editorialsept.gal/sample-page/sept-50-anos-na-inculturacion-da-igrexa-galega.

113 Ibid.

114 ISLA COUTO, Xaime: "Dende o cristianismo e a democracia", en FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor: *Unha ducia de* galegos, op.cit., p. 171. Cf. Tamén LAGO-CIZUR GOÑI, A.: "Informe do Censor", en *O Misal Galego co Ritual dos Sacramentos e máis unha escolma das principás oracións do fiel Cristián*, Edicións do Adro, SEPT, Vigo 1968.

115 VIDÁN TORREIRA, M.: "Historia do primeiro misal en galego", op.cit.

116 Cf. BREY, María Luisa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", entrevista inédita, realizada no ano 1993 .Arquivo da Fundación Isla Couto.

117 ISLA COUTO, Xaime: "Carta de Xaime Isla Couto ao Cardeal Quiroga de 13 de novembro de 1968", en LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da igrexa en Galicia*, p. 229 (Tradución do autor).

118 QUIROGA PALACIOS, Fernando: "Carta do Cardeal Quiroga Palacios a Xaime Isla Couto de 4 de decembro de 1968". Ibid., p. 230.

119 VIDÁN TORREIRA, M.: "Historia do primeiro misal en galego", op.cit.

120 Texto difundido nunha circular de SEPT de xaneiro de 1969 que se conserva no Arquivo da Fundación Isla Couto. Cf. tamén DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "50 anos na inculturación da Igrexa Galega", en http://editorialsept.gal/sample-page/sept-50-anos-na-inculturacion-da-igrexa-galega.

121 BREY, María Luisa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", op.cit.

122 Previamente aparece publicado por SEPT na súa versión galega *O novo Testamento* (1980), e no 1985 a tradución dos *Salmos e Cánticos da Biblia* en 1985 (Ed. Galaxia/Ediciones SM).

CAPÍTULO III
A COUSA COMEZOU EN COMPOSTELA

1. O compromiso galeguista dun militante cristián: Chámase Xaime[123]

Pasaron máis de vinte anos e aínda resoa nos oídos dos asistentes aquela melodía que os amigos vigueses de Xaime Isla levaron a Trasalba, con letra de Mª Carme Casas e a música da "Rianxeira": "Chámase Xaime, chámase Xaime, amigo de todos é. Para el e pra Cristina van os nosos parabéns". Facía de locutor Xosé Luís Blanco Campaña, quen, logo de acabar a estrofa preguntaba: "Como din que se chama?" E volta a empezar: "Chámase Xaime, chámase Xaime…"[124] Era o día 28 de xuño do ano 1992 e Xaime Isla Couto, acompañado da súa dona Cristina Nóvoa, recibía o Premio Trasalba, distinción que a Fundación Otero Pedrayo outorga anualmente a unha persoa ou institución que se teña destacado ao longo da súa vida na defensa da lingua e da cultura galega. Foi un día de festa entrañable na que, presididos polo inesquecible Agustín Sixto Seco, compartimos a ledicia de ver premiado a un ser humano que entregara toda a súa vida a Galicia, en moi variados ámbitos.

Non é a miña intención facer unha biografía polo miúdo de Xaime Isla Couto. Contamos, entre outros traballos, co recente libro publicado co gallo do centenario titulado *Xaime Isla: raíz e utopía de* Galicia. Tentaremos unicamente salientar aqueles aspectos nos que se aprecia a íntima e solidaria unión entre as súas posicións galeguistas e o seu compromiso cristián, así como a súa vivencia da fe dende ben pequeno.

Xaime Isla Couto naceu en Santiago de Compostela o día 23 de outubro do ano 1915 no seo dunha familia humilde de orixe campesiña. Seus pais, naturais da zona rural da Estrada, trasladáronse a Santiago por mor do traballo de seu pai que era garda civil. Xaime naceu na casa cuartel que estaba na praciña de San Miguel dos Agros, fronte a San Martiño Pinario. Da que se xubilou seu pai, marcharon vivir para a rúa dos Loureiros que era, segundo conta Xaime, como vivir na aldea: "Viviamos en Santiago, na rúa dos Loureiros 12, pero tiñamos unha corte para o porco e unha leira onde iamos traballar. O camiño que pasaba por alí era o da Estila e había un muro que a min me parecía enorme. Anos máis tarde, cando volvín a Santiago, vin que aquilo non era nada"[125]. Aínda que marcha moi noviño para Vigo, con sete anos, escolarízase en Santiago e asiste a unha escola situada no Colexio de

San Xerome, que hoxe é a reitoría da USC. Era a escola anexa á Escola Normal de Santiago, onde estudaban os futuros mestres, dirixida daquela polo pai de Lois Tobío.

Xa instalados en Vigo por razóns de traballo do pai, no ano 1923, continúa estudos no colexio Balmes, situado na praza da Constitución. Un colexio cuns métodos pedagóxicos tan pedestres que Xaime convence a súa nai que o cambie de colexio. Ao pouco tempo xa estaba nos Salesianos de Vigo, un colexio que deixou pouso nel porque reforzou a relixiosidade na que foi educado por seus pais. Así o explicaba Xaime Isla:

> Podo dicir que a miña fe está moi viva. Xa desde pequeno fun moi relixioso. Asumir a fe dunha maneira consciente tan pronto foi para min unha grande vantaxe. Primeiramente con esa ensinanza tradicional do país, co influxo da nai que aprende ao neno a rezar e tamén co exemplo, porque ía á igrexa, ás procesións e aos cultos sempre da man do meu pai[126].

No colexio dos Salesianos cursa un par de anos e prepárase para o ingreso no Instituto de Vigo. O instituto foi decisivo para Xaime Isla porque gozou dun profesorado mozo que proviña do Instituto-Escola de Madrid, creado no 1918 por Santiago Alba, un ministro moi influído pola Institución Libre de Ensinanza.

> Co meu profesor de Literatura, Jerónimo Toledado que era xenro de Valle Inclán, traballaba intensamente, profundando no galeguismo e en todo o que era afín. Con algúns compañeiros do Instituto fundara unha *Asociación Escolar de Iniciación Cultural* desde a que enviamos un telegrama de adhesión á derradeira asemblea das Irmandades da Fala[127].

Non foi a única mostra de precocidade política. Conta Xaime Isla que:

> Cando Marañón, Ortega y Gasset e Pérez de Ayala crean en Madrid a Agrupación ao servizo da República, nós fixemos tamén unha Agrupación escolar ao servizo da República e preparamos tamén unha bandeira […]. Un día pola tarde púxenme en contacto cun conserxe que era republicano e coloquei a bandeira nun mastro antes de entrar nun estudo que había pola tarde e proclamamos a República no Instituto de Vigo. O secretario do Instituto ao ver aquilo chamou a policía e mandou sacar a bandeira. […] Despois de marchar a policía, o conserxe aquel volveume dar a bandeira e volvina poñer unha ou dúas veces, ata que chegou a noticia de Madrid da proclamación da República[128].

O azar quixo que chegara ata nós un testemuño que publica *El Pueblo Gallego* dun estudante de 14 anos do Instituto de Vigo chamado Xaime Isla Couto. Foi co gallo dunha visita que realizaron ao Instituto de Vigo Johán Carballeira, redactor do xornal, e o caricaturista Torres.

> JAIME ISLA COUTO, PENSATIVO E INTELIGENTE. En la clase de filosofía hemos visto a Jaime Isla Couto, 14 años, contestar entrecortadamente como buscándose a sí mismo en la lección. Él no sabe de memoria las cosas. Todas las ideas provocan lucha dentro de él y así lo que va diciendo está teñido con su personalidad. […] Es un lector acendrado del gallego y devoto de Otero Pedrayo. Colma de elogios a Eugenio Montes, a Bal, a Santiso, a Blanco Amor… Jaime es por lo menos republicano y cuando habla de ideas 'avanzadas' lo hace naturalmente. 'Hoy le llaman avanzadas a estas ideas', nos dice, 'pero dentro de poco serán la cosa más corriente'. Torres y yo estamos verdaderamente contentos delante de este chico. Y tácitamente pensamos: Jaime Isla Couto: tú serás un verdadero hombre[129].

Despois dunha crise relixiosa que Xaime atravesa nos anos do instituto, precisamente, volve á fe grazas ao "grupo Labor Gallega de Pontevedra que editaba a Revista *Logos*, un boletín católico mensual que se publicou entre 1931 e 1936. Tamén influíu neste cambio a miña estadía na Misión Biolóxica de Pontevedra cos Ultreya na semana santa de 1932. Asistimos aos oficios no Mosteiro de Poio, precedidos dunha explicación da misa gregoriana por Iglesias Vilarelle, un dos fundadores de *Logos*, e Filgueira Valverde"[130].

Titula Xosé Luís Pastoriza o capítulo dedicado aos anos da Guerra Civil no libro-catálogo da exposición conmemorativa do centenario "O machadazo brutal da Guerra Civil". É unha expresión fiel ao termo que adoitaba empregar decote Xaime para referirse á guerra. Para el supuxo o afastamento da Escola Normal de Pontevedra e da práctica profesional do maxisterio, cando xa rematara o terceiro ano. A orde parte do Gobernador Civil de Pontevedra que o exclúe pola súa ideoloxía política. É chamado a filas e participa na guerra nun rexemento de artillería. Ata que a finais de 1938 enferma de paludismo e xa non volverá á fronte[131].

No ano 1940, rematada a guerra, tenta retomar a súa vida e solicita ser readmitido para realizar o período de prácticas como alumno-mestre e que se lle asigne escola. Incóase expediente disciplinario formulando contra el os seguintes cargos:

1. Haber militado en el Partido Galleguista.

2. Ser afecto a las izquierdas.

3. Ser de ideología separatista.

4. Haber signado durante sus estudios en la Normal, con una estrella de cinco puntas, al lado de la firma[132].

Xaime que está a cursar a carreira de Dereito en Santiago, estudos iniciados por libre no ano 1934, é inhabilitado durante un ano para realizar as súas prácticas de maxisterio e xa nunca rematará estes estudos.

Na posguerra multiplícanse os compromisos cristiáns de Xaime Isla. É nomeado presidente local da Asociación de Antigos Alumnos dos Salesianos no ano 1945 e colaborará ao longo de toda a súa vida coa comunidade salesiana viguesa. Foi nomeado no ano 1967 vicepresidente rexional da Asociación de Antigos Alumnos e conselleiro nacional da federación estatal. A familia salesiana renderalle unha multitudinaria homenaxe pública no Centro Cultural Caixanova de Vigo o 25 de marzo de 1995[133]. Non menos salientable é tamén o seu activismo no apostolado de Acción Católica que comeza no 1945:

> O 21 de xullo presentárase ao bispo de Tui, frei José López Ortiz, a iniciativa de crear un Apostolado Social Católico en Vigo. Xaime formará parte do seu consello de dirección xunto co padre Gómez, SI, Adolfo Gregorio Espino e representantes das principais familias empresariais da cidade (Albo, Alfageme, Álvarez, Barreras e Massó, entre outras). Tras a guerra, manterá unha participación activa nas actividades organizadas polas diversas seccións de Acción Católica (Universitarios de Acción Católica, Homes de Acción Católica ou Apostolado Rural dos Homes de Acción Católica)”[134].

Como xa quedou dito, nos anos corenta participa na refundación de *Deus Fratesque Gallaeciae*. É a época na que comeza a conectar co pensamento personalista francés de Emmanuel Mounier, coñece a revista *Esprit* e profundiza na herdanza de Jacques Maritain. A revolución que cativa a Xaime Isla non é a marxista senón a personalista comunitaria de Mounier. Escribe sobre o asunto nunha entrevista recollida no seu libro *Construír Galicia*:

> A verdadeira revolución pendente esixe unha auténtica socialización do poder —hoxe en mans do dominio capitalista, no primeiro caso (liberalismo), ou dos

> aparatos do partido, no segundo (socialismo); a súa devolución efectiva á comunidade a aos homes concretos que a integran; constitúe isto a dobre revolución comunitaria e personalista —na suxestiva expresión de E. Mounier — que inspira o noso pensamento e a nosa acción[135].

O que máis lle atrae a Xaime Isla do pensamento personalista é que cumpre ao pé da letra o espírito da décimo primeira tese de Marx contra Feuerbach: "Os filósofos non fixeron máis que interpretar de diversos modos o mundo; agora cómpre transformalo"[136], co pequeno matiz de que se trata dunha filosofía da acción cristián. O pensamento de Mounier conxuga a plena realización da persoa coa súa circunstancia histórica, política económica e social. É, xa que logo, unha revolución non só filosófico-teorética senón tamén política, moral e económica. Mounier exprésao nos seguintes termos: "A crise é *á vez* unha crise económica e unha crise espiritual, unha crise das estruturas e unha crise do home"[137]. Moitos anos despois, escribirá Xaime no seu discurso de investidura como doutor honoris causa da Universidade de Vigo verbo da revolución ética:

> Precisamos dunha utopía posible e realizable, dunha revolución pacífica, paciente e pacificadora, *dunha revolución ética*, en suma. Endexamais se especulou, se falou e se escribiu tanto sobre ética coma nos nosos días, o que evidencia claramente a súa carencia. […] Vivimos neste século nunha crise profunda de pensamento e de civilización… crise teorizada profunda e criticamente polos filósofos da posmodernidade e da desconstrucción. A gran tarefa do século vindeiro terá que ser a reconstrucción baixo os novos paradigmas da complexidade, do recoñecemento da diferenza e do conflito, da confrontación pacífica e do diálogo, da complementariedade dos opostos, e da sinerxia entre inmanencia e trascendencia[138].

Estamos diante dunha filosofía da acción que Xaime Isla ten interiorizada e leva adiante ao longo da súa vida. Con este espírito nace o Instituto Galego de Estudos Comunitarios (IGESCO): "Para servir de axuda a investigadores e estudiosos no desenvolvemento e profundización plural destas e doutras prospectivas, creouse en 1987 un instituto Galego de Estudios Comunitarios e unha Biblioteca Interdisciplinar de Ciencias e Humanidades para integrar na Fundación Penzol"[139], con obras dedicadas ao tema do pensamento galego[140] ou ao desenvolvemento local[141]. Os principios reitores do Instituto evocan ás claras o pensamento personalista:

> Servir de apoio e estímulo para o desenvolvemento social e cultural da sociedade galega e estimular unha sociedade civil participativa e crítica. Actuar coma unha plataforma informativa, formativa e promocional do desenvolvemento local e comunitario desde unha perspectiva social ideoloxicamente independente e comprometida coa realidade galega[142].

Existen, polo demais, formulacións explícitas verbo dunha filosofía personalista como a que atopamos nun fragmento extraído dunha editorial da *Revista de Economía de Galicia* do ano 1959, onde se pode apreciar o seu personalismo comunitario ao defender unha economía ao servizo da persoa e da comunidade. Segundo Xaime:

> A verdadeira entraña do problema económico atinxe decote a unha comunidade peculiar de homes, cunhas necesidades concretas e uns recursos dados para satisfacérenas. Permitiranos penetrar na pletórica e contraditoria diversidade de intereses e tendencias que integran a existencia económica concreta, axudándonos a resolvela nunha perspectiva verdadeiramente humana e comunitaria[143].

E na súa tan querida faceta de "proxectista", ao redactar no ano 1976 un texto para o Partido Popular Galego (PPG), resume os conceptos constituíntes do personalismo comunitario ao integralos como "ideas-forza" ou valores configuradores dunha nova organización da sociedade:

> *Comunitaria*. Por unha socialización na liberdade, pola autonomía das colectividades naturais e voluntarias; e por unha sociedade máis xusta, máis fraterna, de onde se eliminen a un tempo a explotación do home polo home e o antagonismo das clases. *Personalista*. Como loita pola causa do home total, da súa plena realización e libre iniciativa creadora; o recoñecemento da súa enteira dignidade, e dos seus dereitos non soamente individuais —políticos, económicos e sociais— senón tamén colectivos e comunitarios[144].

Ao personalismo de Mounier cómpre engadir o pensamento doutro filósofo francés cristián do pasado século, ao que Xaime chegou coñecer persoalmente: Jacques Maritain (1882-1973). Maritain é o filósofo da persoa, mais tamén da verdade e do amor, autor, xa que logo, dunha filosofía cunha vertente antropolóxica moi fonda; un pensamento que culmina nunha idea filosófico-relixiosa do home. "Filosófica, porque esta idea ten por obxecto a natureza ou esencia do home.

Relixiosa, polo estado existencial da natureza humana respecto a Deus e polos dons especiais, as probas e a vocación implicados neste estado"[145]. O achegamento intelectual entre as teses de Xaime Isla e Maritain é total neste punto.

Xa tivemos oportunidade de falar no apartado dedicado á galeguización da liturxia das achegas de Xaime Isla, da importancia estratéxica da creación de SEPT, da loita por incorporar o galego como lingua oficial para o culto católico, proxectos todos eles nos que Xaime tivo un papel protagonista. Quixera completar esta visión do "activista cristián" coa outra complementaria e vivida con grande intensidade polo noso autor: refírome a súa vivencia comunitaria da fe nas misas das Trinitarias de Vigo co padre Seixas; así como da súa colaboración na súa parroquia adoptiva de Raxó, onde asiste aos oficios moitas fins de semana e mesmo colabora como catequista durante os anos oitenta do século pasado.

Sobre o Padre Seixas, fala Xaime nun artigo/entrevista en colaboración con Silvestre Gómez Xurxo con motivo do seu pasamento, afirmando que "vanse poñendo en marcha iniciativas que perduran como a Misa das Trinitarias, que agora se celebra na igrexa dos Apóstolos, e o Coro Ondas do Mar de Vigo. Tamén puxemos en marcha a elaboración do guión de homilías para as misas en galego. Foi unha fermosa experiencia na que quedou patente o espírito aglutinador e ecumenista de Seixas."[146]. Francisco Carballo na súa contribución ao libro homenaxe a Xaime Isla con motivo dos seus 80 anos completa esta visión ao falar do seu traballo para a inculturación da fe na realidade galega.

> Quizais o colectivo que máis pronto e máis perseverantemente teña feito ese descubrimento e exercicio é o que se aglutina arredor de SEPT e da comunidade de Nosa Señora da Guía e Apóstolo Santiago (Vigo). Xaime Isla Couto estivo nese colectivo desde o primeiro momento —arredor de 1965— e tivo sempre un rol animador e clarificador no proxecto de inculturación tanto na súa comunidade viguesa como na intención de estender o labor por toda Galicia…[147]

Monseñor Xosé Cerviño, bispo de Tui-Vigo, alén de citar a súa petición aos bispos galegos e a Roma para introducir o galego nos libros litúrxicos, sintetiza á perfección esta íntima unión que se daba en Xaime entre galeguismo e cristianismo lembrando que "nunca tivo receo de aparecer como home de práctica relixiosa e de senso apostólico: animador das Misas en galego, membro da comunidade de vida cristiá, colaborador da Catequese no medio rural, preocupado por espallar a

Doutrina Social da Igrexa, impulsor da Comisión Diocesana de Xustiza e Paz, comunicador fácil coa xuventude pola súa conversa culta e animosa"[148]. Este último aspecto que menciona monseñor Cerviño do contacto de Xaime Isla coa mocidade lévanos aos SAEFES[149], por unha banda e, pola outra, á súa colaboración coa Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó (Poio).

En efecto, a outra parroquia de Xaime Isla Couta era a de Raxó, a que estivo unido para sempre despois de casar no 1947 con Cristina Nóvoa (1922-2014). Cristina e Xaime participaban na misa dominical e, como xa dixen, chegou ser catequista durante un tempo. Queda para outro traballo o apoio prestado ao grupo de mozos da parroquia no eido da cultura, que deron o nome de Xaime Isla ao concurso literario para escolares da parroquia no ano 1992, e que pouco tempo despois se estendeu a todo o municipio de Poio, e que aínda hoxe se segue organizando. Un labor cultural que levaría ao Concello de Poio a poñerlle o seu nome ao centro cultural inaugurado no mes de agosto do ano 2010 no centro da vila[150].

Esta dimensión que uniu ao longo de toda a súa vida quedaría tamén en dous dos seus legados: a Biblioteca de Ciencias Relixiosas e a Fundación Isla Couto, que ten entre os seus fins: "Axudar nas tarefas a prol da inculturación dos valores cristiáns na sociedade galega e, singularmente, no enraizamento e difusión da liturxia vernácula"[151]. Unha andaina longa que tiña na misa en lembranza de Rosalía de Castro que se celebraba cada 25 de xullo en Bonaval unha das súas citas anuais con maior poder simbólico. Sería precisamente nunha destas misas, a de 1969, onde Xaime Isla foi detido e posteriormente procesado polo Tribunal de Orde Pública. Dispoñemos a contar como foron os feitos.

2. Os feitos acaecidos na misa de Rosalía de 1969 e como se contaron

Subtitulei este ensaio inicialmente "unha historia por contar do galeguismo político do século XX" en alusión aos acontecementos que se produciron o 25 de xullo do ano 1969 cando, remataba a misa en lembranza de Rosalía de Castro. É un capítulo da nosa historia que moita xente conta, desde a súa propia e particular perspectiva, pero que agardaba poder ser reconstruído cunha base documental. Así e todo, hai tres ou catro versións dos acontecementos, publicadas en distintas épocas e lugares por diferentes protagonistas: Manuel Beiras García, un dos históricos organizadores da misa de Rosalía; Xaime Isla Couto, que alude aos feitos nunha entrevista de *A Nosa Terra* do ano 2000; e, máis recentemente, Xosé Luís Pastoriza

no capítulo "Un galeguista maligno (1969-1975)", pertencente ao libro *Xaime Isla. Raíz e Utopía de Galicia*; e Quico Domínguez nun libro que vén de ver a luz. Posto que son testemuños xa publicados dos feitos queremos principiar con eles, antes de introducir neste relato da nosa historia política contemporánea outros matices e aspectos non demasiado coñecidos. Imos facelo por orde cronolóxica inversa e comezar pola breve crónica dos feitos realizada por Xosé Luís Pastoriza, probablemente a persoa que máis traballou as fontes documentais conservadas polo propio Xaime Isla Couto no seu arquivo persoal:

> O 25 de xullo (1969), á saída da Misa de Rosalía e tras a interpretación autorizada do Himno galego polo coro vigués Ondas do Mar de Vigo, Xaime, o doutor ourensán Carlos Guitián Rodríguez e Fidel Villar, membro do coro, foron detidos polo canto do 'Venceremos nós' e supostos berros dos gritos subversivos 'Viva Galicia ceibe' e 'Liberdades para Galicia'. O canto colectivo do 'Venceremos nós' no Adro de San Domingos de Bonaval foi iniciado polos membros da UPG que, liderados por Xosé Luís Méndez Ferrín e Bautista Álvarez, acudiron á saída da misa. Xaime foi zarandeado, golpeado polos 'grises' e levado polo aire até o *jeep* policial. Tras prestaren declaración, sería o único axuizado polo Tribunal de Orden Público. En abril de 1970 foi condenado a tres meses de arresto maior, suspensión de todo cargo público, profesión, oficio e dereito de sufraxio pola comisión do delito de desordes públicas. Presentado o correspondente recurso, a sala segunda do Tribunal Supremo anulou a sentenza condenatoria en febreiro de 1971 ao coidar que o berro de 'Viva Galicia Ceibe' non perturbara a paz cidadá[152].

Velaí o primeiro relato completo dos feitos e das consecuencias. O segundo atopámolo no artigo de Manuel Beiras García, titulado "Historias da 'Misa de Rosalía'", escrito con motivo do trinta aniversario da editorial Galaxia (1950-1980). A versión de Manuel Beiras, testemuña directa dos feitos, introduce algún aspecto diferencial:

> O día de Galicia do 1969, foi o día dramático que deu lugar ao respaldo xurídico do berro 'Viva Galiza ceibe', pronunciado á saída da Misa de Rosalía deste ano, polo irmán Xaime Illa Couto, motivo polo cal foi detido, mallado a porrazos, guindado polo chan, na calzada de San Domingos de Bonaval, na mesma tarde en que na Universidade Compostelán se lle outorgaba, pola Facultade de Dereito, o título de Doutor Honoris Causa a Francisco Franco.

> Por este motivo, a Misa de Rosalía deste ano, tivo a honra de ser como un acto 'contestatario' pois que xa antes da misa atopámonos cunha arriscada i espectacular presencia das FOP, coa súa dotación motorizada de catro 'jeeps' e outros vehículos policiais.
>
> Era daquela gobernador de La Coruña Landín Carrasco que se atopaba, ao parecer, bastante inquedo pola forte presenza de numerosas personalidades galeguistas que encomezaron os seus actos de fraternidade xa de mañá, co recibimento e xantar de homaxe no Hostal á viúva de Castelao e a Rodolfo Prada, nun día tan pouco doado, tan comprometido como este, en que o Caudillo ía ser investido dos máximos honores académicos.
>
> No recurso de casación contra a sentencia dictada polo TOP, contra Xaime Illa, porque dempois de cantar a concurrencia o Hino galego, seguido do 'Venceremos Nós, ao saír da Misa, profireu o berro de 'Viva Galicia ceibe', que según o ponente neste recurso 'non é reprochable e incluso resulta defendible no cultural e político, por non lesionar senón seguramente beneficiar a seguridade e intereses do Estado…'[153]

É inevitable unha dobre corrección histórica a un relato, polo demais, valente: a visita de Franco para participar na ofrenda nacional ao Apóstolo ten lugar o 25 de xullo de 1965, ano santo compostelán. Dous días despois, o 27 de xullo, é cando se nomea a Franco Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela a proposta da Facultade de Ciencias. Por outra banda, Manuel Beiras acerta ao destacar o protagonismo do gobernador civil da Coruña, Prudencio Landín Carrasco, responsable da orde pública na provincia e que, paradoxicamente, fora amigo de Xaime na mocidade, tal e como lembraba o propio Xaime[154].

Non teño a certeza de que Xaime pronunciara o berro de "Viva Galiza Ceibe". En realidade, cando algunha vez Xaime Isla me falou destes feitos referiume con detalle a emoción de cantar cos asistentes o "Venceremos Nós", máis non de berrar "Viva Galiza ceibe", berro que lle pareceu cousa dalgún dos mozos e que andaban por alí e identificamos neste relato. Sexa como for, temos un testemuño escrito que provén de alguén que estivo alí e presenciou os feitos.

O último testemuño é do propio Xaime Isla. Algunha vez falamos persoalmente destes acontecementos mais non tiven o coidado de gravar a conversa. Por iso, a breve alusión aos feitos na entrevista que lle fai Carme Vidal en *A Nosa Terra* en xaneiro de 2000 ten un gran valor como testemuño vivencial, directo, do que alí

aconteceu ou, polo menos, de como o viviu Xaime. Vén o conto a propósito da tradución ao galego da canción "Venceremos nós":

> Basilio Losada leu *Grial* e quedou entusiasmado. Eu tiña amigos na Nova Cançó Catalana e falei con el porque pensei que tamén na Galiza necesitabamos iso. Atopamos un cantante catalán que estaba disposto a cantar en galego. Entón decidimos mandar os textos, entre eles, a canción de Joan Baez, 'Venceremos nós' que, por certo, Méndez Ferrín se negou a traducir porque non lle pareceu suficientemente revolucionaria. Despois dinlla a Xohana Torres e a Franco Grande, que traballaba no meu despacho porque mo mandara Piñeiro. Franco, con Beiras ao piano, foi elaborando a canción. A fin dos sesenta, cando estabamos na misa de Rosalía no día de Galiza a UPG convocara unha manifestación. Viñeron pola tarde até alí a provocar. Eu mirei para Ferrín cantando 'Venceremos nós' porque ademais aquel ano conseguiramos que o coro interpretase por vez primeira o himno galego. Cantei forte e mirei para Ferrín dicíndolle cos ollos que, por el, non teriamos aquel tema musical na nosa lingua. A policía deunos vergallazos pero eu decidín continuar cantando[155].

Xosé Luís Méndez Ferrín no adro de San Domingos de Bonaval (26-7-1969) (Arquivo da Fundación Isla Couto)

Ferrín lembra tamén os acontecementos nun traballo recente: "En 1969, a policía desfixo violentamente a pequena concentración que cantaba 'Venceremos nós' na escalinata de Bonaval á saída da misa de Rosalía, e alí detiveron a Xaime Illa Couto e o levaron perante o Tribunal de Orden Público de Madrid"[156]. Ben, non o levaron a Madrid senón á Comisaría da Policía de Santiago de Compostela, pero a cousa

acabou no Tribunal de Orde Pública, como di. Noutro retallo da súa memoria, Ferrín recoñecía o valor político do 'Venceremos nós' que unía a loita polas liberdades e a democracia en Galicia coas revoltas universitarias en EE.UU e no mundo, un valor profético e político grazas ao talento tradutor de Xosé Luís Franco Grande que se atreveu a traducir o orixinal 'We shall overcome' por 'Venceremos nós', en troques do 'Regresaremos' que figuraba nos discos en castelán de Joan Baez[157].

O último testemuño escrito que quero mencionar é o de Quico Domínguez, nun libro homenaxe dedicado ao Padre Seixas co gallo do centenario do seu nacemento, titulado *Xaime Seixas Subirá. Pregoeiro da Irmandade*, cóntanos:

> Entre as moitas misas, hai algunhas que merecen ser destacadas. O 25 de xullo de 1969 Ondas do Mar de Vigo cantou a misa de Rosalía celebrada na igrexa de San Domingos de Bonaval de Santiago. Á saída da misa, o coro e os asistentes entoaron o himno galego para o que se tiña un permiso gobernativo especial. Ao remate escoitouse o berro de Viva Galicia Ceibe e a seguir un grupo comezou o canto do 'Venceremos nós'. A policía cargou entón contra os presentes e detivo a Xaime Isla e ao médico ourensán Carlos Guitián. Un dos membros do coro, Fidel Villar, fixo un comentario de protesta pola detención e pola actuación da policía, dicindo: 'En que país vivimos'. Detivérono tamén e mantivérono retido na cadea ata pasadas as 12 da noite. Para el a detención non tivo consecuencias. Tampouco as tivo para Guitián, non así para Xaime Isla, que acabou procesado polo Tribunal de Orden Público"[158].

Naquel ano 1968 a UPG (Unión do Povo Galego) toma a decisión de celebrar o 25 de xullo como Día da Patria Galega e, ao ano seguinte, "nunha discusión non exenta de polémica", acorda aproveitar a saída da Misa de Rosalía para celebrar a data[159]. O histórico dirixente da UPG, Xosé González —"Pepiño de Teis"— recorda o acontecido nunha lembranza súa do doutor Carlos Guitián:

> A primeira vez que tiven novas do doutor Guitián foi hai ben anos, un vintecinco de xullo en Santiago, posiblemente en 1969. Despois do acto litúrxico e cunha presenza desmesurada de policías, todos os asistentes fixemos a foto de rigor nas escalinatas de acceso ao mosteiro. Alguén, despois do canto do Himno Galego, deu o berro de Viva Galicia Ceibe!, secundado por moitos, que foi aproveitado polos "grises" para disolver aquel cento de persoas. Nin Otero Pedrayo se librou dun empurrón policía ao tempo que erguía o seu caxato

pedindo respecto para un vello. Ao meu carón estaba o escultor Camilo Nogueira, que caeu a rebolos polas esqueiras. Membros da brigada político-social dirixidos polo inefable Benito Nieto, alias 'o chepas' ou 'o cornudo' que así era coñecido en Vigo, deu a orde de detención de Xaime Illa Couto e Carlos Guitián, que foron mallados coas porras e introducidos no 'jeep' policial. Foron procesados polo Tribunal de Orde Pública, que os absolveu segundo a sentenza 'porque se desconoce del procesado —referíndose a Xaime Illa- su ideología y tendencia' y 'por la misma ausencia de un cierto clima separatista en la región en que se produjo' . Carlos Baliñas no libro 'Rosalia de Castro. Entre a poesía e a política' recorda os feitos así: 'Aquel serán mentres se procedían estas detencións e no medio do balbordo producido pasou cabo de min correndo Méndez Ferrín, dicíndome: hoxe córrese por todas as bandas, pola Dereita e pola Esquerda'. A partir dese ano a Misa de Rosalía deixou de ser a data de reivindicación galeguista para trasladarse ás rúas composteláns[160].

Por último, nunha reportaxe de María Obelleiro en *Sermos Galiza* recóllense os testemuños de destacados dirixentes históricos da UPG lembrando o 25 de xullo de 1969 e o significado político da Misa de Rosalía:

Era a única conmemoración de carácter nacionalista que existía", lembra Bautista, "mais cando a UPG se organiza considera que é oportuno darlle un contido máis revolucionario e máis político a ese día". Tamén tiñan asistido á misa Sanxoás ou Saleta Goi. "Casei co Manuel [Manuel María] en maio de 1959 e ese é o primeiro ano que vou á misa de Rosalía. Alí coñecín moitísima xente: Paco del Riego; Xaime Illa Couto coa súa muller, Cristina; Piñeiro; García Sabell; Beiras, pai e fillo; Bodaño; Avelino Pousa; Otero Pedrayo; os Álvarez Blázquez; Bouza Brey…". A misa máis comentada das que tiveron lugar foi a de 1969. Ao saír, Bautista, Xavier Pousa, o Manuel… dixéronme ti ponte aí diante . E púxenme. Viñera bastante policía de fóra de Galiza porque nos últimos anos había máis movemento e a data fórase politizando. E de pronto saen de detrás miña uns berros Viva Galiza Ceibe. Houbo detencións. Entre outros, colleron a Xaime Illa Couto, que non tiña nada a ver, pero previamente querían deter a Otero Pedrayo, mais enseguida se oíu a ese no, a ese no, ben sabían quen era". Bautista e Sanxoás foron dos que berraron "Viva Galiza Ceibe e Socialista". "Estabamos xantando en Calo (Teo) e dixen que quería asistir á misa para facer o que fixen", afirma Bautista. A decisión da dirección política da

> UPG non estaba exenta de polémica. "Non sucedeu como eu prognosticaba, pero si houbo unha acción moi parecida. Detiveron persoas que non eran da UPG[161].

Os feitos que narramos neste libro desenvólvense no ano 1969, cando xa a Ditadura amosaba signos de esgotamento e a represión afrouxaba, pero non aquel día. As forzas de orde público estaban mobilizadas e en alerta. Como acabamos de ver, a UPG convocara para aquela tarde unha concentración aproveitando a significación da misa de Rosalía que reunía a moitos galeguistas históricos o Día de Galicia. Mais non só estaban alerta contra os actos galeguistas senón tamén preocupadas polo que podería acontecer no ámbito universitario, revolto desde o ano 1968, ano no que prendera a mecha das mobilizacións estudantís, tamén na Universidade de Santiago de Compostela[162]. O 24 de xaneiro daquel mesmo ano 1969 o Goberno decretara o estado de excepción en toda España. O motivo oficial era o conflito estudantil e as manifestacións que se produciran, sobre todo en Madrid e Barcelona, protestando contra a entrada da policía na universidade, logo da morte en estrañas circunstancias de Enrique Ruano:

> A represión desatada ao amparo do estado de excepción supuxo o peche de facultade e a ocupación dos centros por parte da Policía: patrullan corredores e aulas, improvisan acuartelamentos en dependencia universitarias, interrompen as clases, deteñen e cachean en aulas, bibliotecas e laboratorios […]. Numerosos estudantes son expulsados das universidades e a outros moitos as autoridades académicas prohíbenlles examinarse[163].

Coñecidos profesores como José Luis Aranguren ou Agustín García Calvo foran expedientados por solidarizárense cos estudantes. É certo que o Goberno levanta o estado de excepción o 25 de marzo de 1969, entre outras cousas para non estragar a tempada turística, mais a inquedanza polas revoltas estudantís permanece. Nas Universidades de Madrid e Barcelona as forzas afíns ao réxime organizan actos de desagravio para reparar os insultos a Franco e a queima dunha bandeira española en Barcelona. Remedando a brincadeira que dicía "reina en España un fresco del norte", poderiamos afirmar que reinaba no país unha tensa calma.

En Galicia estaban a nacer ou a organizárense sindicatos e partidos políticos de esquerda. E no ano 1967 celebrárase un concerto de Raimon na residencia do campus universitario ao que asistiron varios milleiros de persoas. "O concerto de Raimon —escribe Xosé Ramón Rodríguez Polo— impulsou tamén o comezo da

nova canción galega, que inicia *Voces Ceibes* con cancións dun forte contido social e antifranquista en galego, conscientes do que iso significaba […]. A música comezou a cumprir un importante papel na difusión do sentimento nacionalista. É significativo que a versión galega, *Venceremos nós*, realizada había tempo por Xosé Manuel Beiras e Xosé Luís Franco Grande, da canción *We shall overcome* que popularizara Joan Baez nas sentadas da Universidade de Berkeley, se converta nunha das máis populares dos conflitos universitarios do 68 compostelán"[164]. E tamén, como comprobamos grazas ao testemuño de Xaime Isla, puido ser, xunto co berro de "Viva Galiza ceibe", o principal factor para o desencadeamento dos acontecementos á saída da misa de Rosalía daquel ano 1969.

Que sucedeu exactamente? Cal foi a acusación da policía? Que declarou Xaime Isla? Que probas de cargo se presentaron? Cales foron as sentenzas?

Tentarei no que sigue ofrecer unha síntese do proceso policial e xudicial que, sen ser literal, garde a máxima fidelidade aos documentos que falan por si mesmos.

---

123 Elaboro este capítulo biográfico a partir, fundamentalmente, das conversas mantidas con Xaime Isla Couto. As cintas magnetofónicas foron entregadas á Fundación Isla Couto para a súa dixitalización e arquivo, polo que as citas que incluímos son facilmente contrastables. Dispoñemos grazas ao traballo de Xosé Luís Pastoriza dunha Fotobiografía, catálogo da exposición conmemorativa do centenario titulada "Xaime Isla. Raíz e Utopía de Galicia", inaugurada na Casa Galega da Cultura de Vigo o día 2 de outubro de 2015. Cf. PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís (ed.): *Xaime Isla, Raíz e utopía de Galicia*, op. cit, pp. 13-103.

124 A canción foi un agasallo dos amigos de Vigo con música de A Rianxeira e letra de Maricarme Casas. Blanco Campaña só facía de locutor e quen cantaba eran os de Vigo.

125 Conversas do autor con Xaime Isla Couto, cinta nº 1. Arquivo da Fundación Isla Couto. (En adiante, *Conversas, 1*).

126 BREY, María Luísa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", op.cit.

127 Ibid. A asemblea das *Irmandades da Fala* á que alude celébrase na Coruña o 27 de abril de 1930.

128 *Conversas, 1*.

129 *El Pueblo Gallego*, 19-4-1930.

130 BREY, María Luísa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", op.cit.

131 Cf. PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís (ed.): *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*, op.cit., p. 42-43.

132 Ibid., p. 44.

133 Cf. Ibid., p. 48. Sobre a estreita relación de Xaime cos salesianos de Vigo Cf. GARCÍA, Félix: "Bosquexo salesiano de Xaime Isla Couto", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, op.cit., pp. 134 e ss.

134 Ibid., p. 49.

135 ISLA COUTO, X.: *Construír Galicia*, p. 146.

136 "Die Philosophen haben die Welt nur verschieden interpretiert; es kommt aber darauf an, sie zu verändern", MARX, K.: *Tesis sobre Feuerbach* en *Ludwig Feuerbach y el fin de la filosofía clásica alemana*, Dietz, Sttutgart,1888.

137 MOUNIER, Emmanuel: *¿Qué es el personalismo?*, en Obras Completas, t. III, Ed. Sígueme, Salamanca, 1990, p. 199.

138 ISLA COUTO, X.: "Discurso do doutorando", Acto de investidura como Doutor Honoris Causa do Profesor Xaime Isla Couto, Universidade de Vigo, 30 de abril de 1999, p. 23.

139 ISLA COUTO, X.: "Discurso do doutorando", p. 20.

140 Cf. AGÍS VILLAVERDE, M.: *Crónica viva do pensamento* galego, IGESCO, Vigo, 2001.

141 Cf. BOUZADA FERNÁNDEZ, X.M. (ed.): *O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Elementos teóricos e metodolóxicos*, , IGESCO, Vigo 1999.

142 http://fundacionislacouto.org/servizos/instituto-galego-de-estudos-comunitarios/

143 ISLA COUTO, X.: "Ante un novo ano" en *Construír Galicia,* op.cit., p. 40.

144 ISLA COUTO, X.: "Dous documentos políticos" en *Construír Galicia"*, p. 133.

145 MARITAIN, Jacques: "Los fines de la educación", conferencia, Universidade de Yale 1943, publicada posteriormente en *Pour une philosophie de l'education,* Ed. Fayard, París, 1959. (http://www.jacquesmaritain.com/pdf/10_EDU/01_ED_FinEdu.pdf).

146 ISLA COUTO, Xaime e GÓMEZ XURXO, S.: "O padre Seixas: profético, galego e universal", en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián,* n. 90, 1994, p. 101.

147 CARBALLO, Francisco: "Por un cristianismo enraizado en Galicia", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, op.cit., p. 65.

148 CERVIÑO, Xosé (monseñor): "Un home da cultura comprometido coa súa fe", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, op.cit., p. 79.

149 "Manteño un grupo chamado os Saefes, por relación aos habitantes primitivos de Galicia. Está formado por mozos simpatizantes de Esquerda Galega, do BNG e mesmo do Opus Dei. Vén sendo un grupo variado no modo de pensar. Hai pouco celebramos una cea e foi una cousa moi simpática e reconfortante para min a estas alturas da vida, porque ademais conectan co meu pensamento e co de Piñeiro". BREY, María Luísa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", op.cit. Cf. tamén MARTÍNEZ COBAS, Francisco Xavier: "Xaime e os novos", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, op.cit., pp. 155 e ss. Un traballo este último especialmente oportuno por cando Xavier Martínez foi o coordinador de todo este grupo.

150 Sobre a relación de Xaime Isla con Raxó Cf. AGÍS VILLAVERDE, M.: "Don Xaime en Raxó", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, op.cit., pp. 9-14.

151 Cf. http://fundacionislacouto.org/quen-somos-2/mision-e-historia/

152 PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís (ed.): *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*, p. 70.

153 BEIRAS GARCÍA, M.: "Historias da 'Misa de Rosalía'", op.cit.

154 "Na Residencia de Estudantes de Pontevedra [1934-1936], dirixida polo alcalde Bibiano Fernández Osorio-Taffal, coincidín con Prudencio Landín Carrasco, un que logo foi avogado e alcalde de Pontevedra, presidente da deputación e gobernador civil. O seu pai, Prudencio Landín Tobío era do Partido Agrario de Velasco. No 1936 era moi simpatizante das esquerdas. Prudencio, fillo, viña axudarme á Residencia onde xogabamos ao tenis e daquela presumiamos de esquerdas, pero despois viu o Movemento e eles eran unha familia de dereitas e non galeguista, e cambiou. Cando me detiveron a min en Santiago no 1968 á saída da Misa de Rosalía, este quizais tivo algo que ver, porque era o Gobernador Civil da Coruña. Coincidimos con el no Hostal dos Reis Católicos onde estiveramos comendo porque viñera Virxinia, a viúva de Castelao e estaban Colmeiro, o pintor, Valentín Paz Andrade, o meu irmán Ramiro. E á saída da Misa de Rosalía a policía viu a por min e detivéronme". Gravacións sonoras de Xaime Isla Couto. Arquivo da Fundación Isla Couto.

155 VIDAL, Carme: "Xaime Isla Couto —entrevista", p. 9. En 1966 comezaran os contactos de Xaime con EDIGSA co fin de editar discos en galego. En 1967, Xaime solicita a Xosé Manuel Beiras e Xosé L. Franco Grande que adapten ao galego catro cancións, incluída o "spiritual" negro 'We shall overcome', popularizado por Joan Baez, e que se traducirá como "Venceremos nós". Coa axuda de Basilio Losada en Barcelona, o cantante catalán Luis Olivares grava o primeiro disco baixo o selo EDIGSA-Galaxia. Este disco incluía os seguintes temas: 'Amor certo' (True Love), 'Percura a rosa' (Cherche la rose), 'Venceremos' (We shall Overcome), e 'Se sai o sol' (Quan surti el sol).

156 MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: "Seixas en Bonaval", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e XURXO, S. G. (eds.): *O Padre Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, Ed. SEPT, Vigo 2015, p. 86. Describe tamén os feitos en MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis: "Da Estrela e da Illa", en *Faro de Vigo*, 10-10-2015.

157 MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: "Venceremos nós (engádega)", en *Faro de Vigo,* 15-9-2006.

158 DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "Ondas do Mar de Vigo, o coro vigués das misas en galego", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e XURXO, S. G. (eds.): *O Padre Seixas Subirá. Pregoeiro da*

irmandade, Ed. SEPT, Vigo 2015, pp. 64-65.

159 EIRE, Afonso, "Os 50 anos do Día da Patria Galega", *El Correo Gallego,* 25-7-2018.

160 GONZÁLEZ, Xosé: "Homenaxe ao Doutor Carlos Guitián", *Galicia Confidencial*, 24-4-2017. http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/55120-homenaxe-doutor-carlos-guitian

161 OBELLEIRO, M., "As voces da primeira década do Día da Patria Galega", *Sermos Galiza,* 255, 20-7-2017.

162 Sobre as revoltas estudantís de Compostela da primavera de 1968 Cf. GURRIARÁN, R.: *Do Gaudeamus Igitur ao Venceremos Nos (Catálogo)*. Obra Social Caixa Galicia, A Coruña, 2008; *1968 en Compostela. 16 testemuños*. Universidade de Santiago de Compostela, 2010; ou *Inmunda escoria. A Universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2010.

163 Cf. LORENTE FUENTES, María: "Bajo el estado de excepción", en *El franquismo año a año*, vol. 29, Unidad Editorial, Madrid 2006, p. 31. (Tradución do autor).

164 RODRÍGUEZ POLO, Xosé Ramón: *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, Ed. Xerais, Vigo 2009, p. 122.

SEGUNDA PARTE
DETENCIÓN, PROCESO XUDICIAL E SENTENZAS

CAPÍTULO IV
A RECONSTRUCIÓN DOCUMENTAL DOS FEITOS

1. Comparecencias na Comisaría de Policía de Santiago (25/7/69)[165].

Son as 20.15 horas e **comparecen** diante do inspector de servizo de garda, responsable de instruír e certificar a declaración, por unha banda, o capitán da policía armada, así como outro policía armado da mesma unidade; por outra banda, Xaime Isla Couto, catedrático domiciliado en Vigo, e Carlos Julio Roberto Guitián Rodríguez, médico domiciliado en Ourense.

a) Declaración do capitán da policía armada

O capitán da policía armada **manifesta** os seguinte:

- Que sobre as 19:45 horas, do día 25 de xullo, logo de rematar a Ofrenda Floral organizada polo Padroado Rosalía de Castro diante do Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingos de Bonaval de Santiago, o numeroso público asistente, despois de abandonar o devandito templo e xa nas escalinatas que dan acceso ao mesmo entoou primeiramente o Himno Galego, acompañando ao Orfeón que participou no acto.
- Seguidamente cantaron o himno "Venceremos nós", ao tempo que se oían berros de "Galicia Ceibe" e "Liberdades pra Galicia".
- Á vista disto e sendo Xaime Isla un dos máis destacados en proferir berros do tipo sinalado e no canto antes mencionado foi convidado a que cesase na súa actitude.
- Lonxe de obedecer ao requirimento que o comparecente lle fixo, aumentou máis nos seus cánticos e berros de "Galicia Ceibe" e outros semellantes, incitando aínda máis aos asistentes ao acto, polo que se procedeu á súa detención, chegando a berrarlle ao policía armado "Pégueme, se se atreve", envorcallándose acto seguido no chan, e facendo moi difícil que se puidese internalo nun dos "jeeps".
- Esta actitude fixo que fose secundado pola maioría dos participantes no acto, producíndose un momento de certo nerviosismo na masa, cousa que de non actuar o comparecente coa máxima paciencia e dados os gritos do

comparecente de “Pégueme se se atreve”, puidese dar lugar a unha posible alteración da orde pública.

Momento da detención. Xaime Isla vai escoltado por dous policías e non se aprecia a resistencia descrita (envorcarse polo chan, etc.) (Arquivo da Fundación Isla Couto)

- En canto ao outro comparecente, Guitián Rodríguez, manifesta o capitán que se atopaba de paisano como mero espectador do acto e que escoitou, a consecuencia da detención de Isla Couto, como se achegou un individuo que ao escoitar a orde “veña ao coche” díxolle “xa se enterará Vde. da prensa americana”. Ao responder o dicinte que non lle importaba achegouse Guitián Rodríguez dicíndolle ao comparecente que non ofendese ao seu amigo; cousa que o capitán nunca fixo nin pretendeu.
- Deste xeito, Guitián impediu co seu diálogo a identificación e detención do que pronunciara as frases da prensa americana, quizais en descrédito da policía. Momento no que o comparecente chamou ao policía armado para que o identificase e conducise a esta dependencia, polo feito de manifestar que coñecía ao que falara da prensa americana.

Esta é a síntese da declaración que fai o capitán da policía que se atopaba de paisano. A reportaxe fotográfica que realizou a propia policía non recolle nin o

ambiente descrito nin a actitude de Xaime Isla e, en xeral, a declaración resulta tan estrambótica que se descualifica por si mesma: a prensa americana, Xaime cantando e berrando ao mesmo tempo (como facelo?), un que se pon a dialogar cun capitán de paisano que estaba de espectador… Mellor deixar que a crónica oficial fale e que cadaquén poida tirar as súas propias conclusións.

b) Declaración de Xaime Isla Couto

Comparece despois **Xaime Isla Couto**, pregúntanlle se algunha vez estivo detido ou procesado e contesta que non. A continuación con relación ao feitos **manifesta**:

- Que na tarde de hoxe asistiu á misa na igrexa de San Domingos desta cidade, entoando na propia misa cantos litúrxicos e despois de saír da igrexa iniciou outro canto, cuxa versión galega leva por título "Venceremos nós", himno cristián do movemento de "Martín Lutero King". O declarante di que se uniu ás voces que iniciaron este canto[166].
- Que pouco despois se sentiu sorprendido ao sentirse golpeado cunha porra por un dos policías armados, preguntándolle ao policía armado por que era golpeado, xa que este era un cántico profundamente cristián.
- A continuación e inexplicablemente, malia a súa actitude pacífica do declarante, viuse empuxado e levado ao coche celular.
- Preguntado cal era o motivo da función relixiosa que esa tarde se celebraba no devandito templo e en que idioma se expresaron durante a celebración da Santa Misa manifesta que a cerimonia relixiosa consistía nunha misa que se celebraba todos os anos na mesma data e no mesmo templo, organizada polo Padroado Rosalía de Castro, e rezándose responsos no Panteón de Galegos Ilustres, sendo o idioma empregado o galego, consonte a autorización litúrxica e segundo o misal autorizado pola xerarquía eclesiástica.
- Preguntado se non é máis certo que o motivo da reunión do declarante e dos demais asistentes ao devandito templo, débese en realidade a que el pertence a algunha organización política ou partido de tipo galeguista separatista, e a que a celebración relixiosa é tan só un acto espiritual no que poder escudarse, contesta que iso é absolutamente incerto e insidioso e, polo contra, é sobradamente notorio o carácter da misa e a significación do declarante libre de chata algunha con relación ao que se refire a pregunta.

- Pregúntanlle despois se cantou o himno relixioso titulado "Venceremos nós" e se proferiu os berros antes indicados. Contesta que participou no canto, principiando a cantalo e sen poder rematalo a causa do incidente aludido e que é totalmente incerto que pronunciara berro algún.
- Pregúntanlle se pronunciou todas as frases ás que se aludiu e se foi invitado polo policía armado a que calase, e lonxe de facelo cantou con máis brío, pronunciando as frases aludidas. Contesta que iso é absolutamente incerto e que o único que fixo ao ser golpeado foi afirmar clara e vehementemente pero con toda corrección que o que estaba cantando tiña un sentido pura e exclusivamente cristián. O dos berros só pode ser unha pura calumnia.
- Pregúntanlle se no momento da detención lle dixo ao policía armado "pégueme, se se atreve". Contesta que o único que manifestou ao ser violentamente empurrado, golpeado e agarrado é que o seguiría perfectamente ao coche celular.
- Preguntado se tivo que ser subido á forza ao coche celular, ao "jeep" da policía armada, despois de que se tivera envorcado polo chan, co fin de que estes puideran proceder á súa presentación nesta Comisaría, manifesta que o contido da pregunta ou denuncia é abraiante e pintorescamente falsa. E que o que é certo con relación ao que se lle pregunta é que o declarante foi libremente polo seu pé e sen violencia algunha ata o coche celular, podendo testemuñar este feito mesmo os policías armados que o conduciron a esta Dependencia.
- E sen ter máis que dicir firma a declaración en proba de conformidade.

c) Declaración de Carlos Xulio Guitián Rodríguez

Declara, por último, **Carlos Xulio Guitián Rodríguez**, o outro detido. Carlos Guitián era un médico respectado da capital auriense. Seu pai era Carlos Guitián Fábrega (1895-1973), médico en Ourense desde 1919, despois de rematar a carreira en Madrid, foi responsable nos anos 30 da Sala de Venéreas do Hospital e membro do Partido Galeguista. Expedientado no ano 1937 por estar afiliado á Sociedade de Oficios Varios do Centro Obreiro de Ourense, aínda que sen chegar a ser depurado do Hospital[167]. Carlos Xulio Guitián Rodríguez, nado no ano 1927, era naquela altura vicepresidente da Agrupación Cultural Auriense que acababa de nacer había

algo menos dun ano (agosto 1967) para promover e dignificar a cultura e a lingua galega.

Cumprindo a mesma formalidade que se fixera con Xaime Isla, pregúntanlle se nalgunha ocasión foi detido ou procesado por motivo que implicase delito común ou doutro carácter. Contesta que non e con respecto aos feitos que motivaron as presentes dilixencias **manifesta**:

- Que na tarde de hoxe, logo de asistir á función relixiosa no templo de San Domingos de Bonaval desta cidade, aplicada polo eterno descanso de Rosalía de Castro, dirixíase cara ao automóbil da súa propiedade e observou que un mozo increpaba a un señor maior, que se atopaba cerca dun "jeep" da policía armada, polo que se dirixiu cara a el chamándolle a atención, no sentido de que fose máis correcto co que estaba a increpar por unha cuestión de idade.
- Como o dicente insistiu dúas veces nesta postura, o mozo ao que interpelou, que resultou ser un policía, chamou a unha parella de policías armados para que procedesen á súa detención e subida ao jeep.
- Ao decatarse de que o mozo con quen estivera dialogando era un policía subiu ao vehículo policial sen opoñer a máis mínima resistencia, sendo trasladado inmediatamente á Comisaría de Policía, e agardando ser posto en liberdade inmediatamente en cumprimento da xustiza.
- Preguntado se asistiu á función relixiosa con outro fin distinto ao relixioso e se pertence a algunha organización política ou partido declarado fóra da lei declara que non.
- Preguntado se ao final do acto litúrxico, xa fóra do templo, foi un dos que cantou o himno denominado "Venceremos nós" e se coñece ás persoas que o iniciaron e se sabe se o declarante anterior foi un deles, manifesta que non cantou o litúrxico ou espiritual "Venceremos nós", descoñecendo quen puido inicialo e que descoñecía ata a presentación nesta Dependencia ao declarante anterior e, polo tanto, non pode afirmar nin negar se este foi un dos que o iniciou.
- Preguntado sobre a identidade da persoa que defendeu da increpación da policía, e se esta persoa, obxecto da súa defensa, pronunciou frases ben contra o noso Réxime ou contra algunha das súas institucións, concretamente a Policía, di que non o coñece en absoluto e que tampouco oíu ningunha palabra de xénero algún.

- Pregúntanlle se non é máis certo que o coñece pois díxolle á policía "non se meta co meu amigo", e que por algún motivo intenta encubrilo, declara que non dixo que era o seu amigo e que insiste en non coñecelo, nin lembra ter oído palabra alguna.
- Preguntado se pretendeu defender ao señor que, segundo deduciu das insinuacións do policía, era americano, encubrilo e impedir que fose identificado polo axente da autoridade, contesta que non.
- Cre o declarante que pola maneira de expresarse o policía non tiña intención de proceder á identificación do suposto americano.
- E non tendo máis que dicir firma esta declaración de conformidade co Inspector actuante.

Logo de levantar acta das tres declaracións, o Inspector actuante non practica ningunha outra dilixencia e dá por finalizadas as mesmas, remitíndoas ao Sr. Comandante Militar da praza, pasando á súa disposición Xaime Isla Couto e Carlos Xulio Roberto Guitián Rodríguez.



PUESTOS EN LIBERTAD LOS DOS DETENIDOS AYER EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

VIGO, 26. – Han sido puestos en libertad en la mañana de hoy don Jaime Isla Couto y don Carlos Guitián Rodríguez, que habían sido detenidos ayer en Santiago de Compostela a raiz de unos incidentes ocurridos a la terminación de una misa, en memoria de Rosalía de Castro.

Los señores Isla Couto, Abogado, catedrático de Economía y director de la revista "Economía de Galicia" y Guitián Rodríguez, médico de ORENSE, fueron detenidos juntamente con varios otros asistentes al acto religioso.

Al parecer las detenciones se llevaron a cabo al pronunciarse diversos gritos en gallego, después de que fuera interpretado el himno gallego a la salida del templo donde se había celebrado la misa.

Todos los detenidos fueron puestos en libertad inmediatamente, a excepción de los dos citados.

En principio se creyó –y así al parecer habían informado en Comisaría– que los señores Isla Couto y Guitián Rodríguez iban a pasar a disposicion de la autoridad militar, sin que, por lo visto, esa medida se haya llevado a cabo. EUROPA PRESS.

10 "LA REGION"

27-VII-69

La Región, 27-7-1969

Os dous detidos pasan a noite nos calabozos da Comisaría de Santiago e son postos en liberdade ao día seguinte pola mañá, tal como recolle a prensa, coa obriga de prestar declaración ese mesmo día no xulgado de instrución nº 1 de Santiago. Cando Xaime marcha cara Raxó, a súa residencia nos meses de verán, fai unha

parada en Combarro, para solicitar un recoñecemento do médico Antonio Búa Rivas, quen asina o seguinte parte médico:



10399 7 66 G 6

ANTONIO BUA RIVAS
Médico
Ex-Agregado de la Maternidad Provincial de Madrid
Del Cuerpo de Tocólogos Municipales por oposición y del Cuerpo de A. F. D. por oposición
COMBARRO (Pontevedra)

Es copia

Participo a ese Juzgado que examinado en el día de la fecha en mi consulta don Jaime Isla Couto, residente actualmente en Rajó (Poio), presenta dos contusiones esquimóticas en hombro derecho de pronóstico leve. Dios guarde a V. I.
Combarro, 26 - Julio - 1969

Al Juzgado de Instrucción. Pontevedra

"Participo a ese juzgado que examinado en el día de la fecha en mi consulta don Jaime Isla Couto, residente actualmente en Rajó (Poio) presenta dos contusiones esquimóticas en el hombro derecho de pronóstico leve. Dios guarde a V. I. Combarro, 26 de julio de 1969. Al Juzgado de Instrucción. Pontevedra" (Arquivo da Fundación Isla Couto).

2. Actuacións xudiciais do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago

Ao día seguinte, Xaime Isla preséntase no xulgado de instrución número 1 de Santiago de Compostela. Vai impecablemente vestido, como sempre: traxe claro e gravata. Nervioso e preocupado pero sen deixar que tal cousa se aprecie exteriormente. Ao cabo, el tamén é avogado e coñece o que é un procedemento xudicial. Aínda que é ben distinto vivilo como procesado. Dous pensamentos enchen de serenidade o seu espírito: que os padecementos sufridos de véspera en Bonaval e todo o que aconteza a partir de agora é por causa da liberdade e de Galicia; o segundo, é que el se limitará en dicir a verdade; "a verdade faravos libre" —lese nos Evanxeos: así o agarda con todas as forzas tamén neste caso.

a) Declaración de Xaime Isla Couto(26/7/69)[168]

Xaime Isla Couto, de 56 anos de idade, casado, de profesión catedrático, tamén avogado, e residente en Vigo, comparece diante do xuíz de Santiago. Está tamén presente, como manda o procedemento o secretario xudicial que actúa en calidade de testemuña. Xaime **declara**:

- Que se afirma e ratifica na declaración prestada diante da Comisaría de Policía, e con relación ás novas preguntas que lle fai o xuíz engade:
- Que pertence á editorial católica SEPT, que traduciu ao galego o Misal, os Evanxeos e algunha peza musical.
- Que ao iniciarse no adro de San Domingos de Bonaval, despois da misa en sufraxio por Rosalía de Castro, o cántico "Venceremos nós", despois de ter entoado o himno galego, o declarante uniuse ás voces dun grupo de mozas que o iniciaran.
- Naquel momento foi golpeado por un policía armado, reaccionando no sentido de afirmar que o canto era profundamente cristián.
- Que non é verdade que discutise, nin moito menos se resistise ao axente policial, sendo totalmente incerto así mesmo que se envorcou polo chan.
- Que tampouco é verdade que dera gritos de "Galicia Ceibe", oíndo exclusivamente voces de "Viva Galicia".
- Que polo tanto a súa intervención limitouse aos aspectos litúrxicos e relixiosos do acto que viñan de celebrar.
- Que na mesma ocasión, en anos anteriores, e con idéntico motivo, se cantara este himno, sen perturbación algunha. Canción que está nun disco editado legalmente e á venda do público, nunha gravación conxunta con outras cancións que non teñen significación política nin social.

b) Dilixencias previas do xulgado de Instrución nº 1 de Santiago

Ao xulgado de Santiago interésanlle como dilixencias previas, en primeiro lugar, que o médico de Combarro amplíe e precise o seu **parte médico**:

> Que polo médico de Combarro don Antonio Bua Rivas, se amplíe o parte de lesións que con respecto ao querelante don Xaime Isla Couto expediu o 26 de xullo de 1969; precisando con todo detalle, a natureza das lesións que observou; a súa posible orixe, e se a súa intervención como médico de limitou a unha primeira cura ou se continuou prestando periodicamente asistencia facultativa ao lesionado e en tal caso se cursou os oportunos partes de adianto e de non ser así, exprese a razón de non telo feito.
>
> Que de atoparse curado o devandito lesionado emita o correspondente informe de sanidade, precisando os días que estivo imposibilitado para o traballo, os que investiu na súa curación e as secuelas ou incapacidades que lle puideran ter quedado a consecuencia das mesmas.

A segunda dilixencia é a solicitude de **informe sobre Xaime Isla** que o xuíz decano do xulgado de 1ª instancia e de instrución de Santiago eleva ao Comisario xefe de Vigo. Paga a pena reproducir neste caso literalmente o Informe policial porque é unha boa maneira de coñecer o currículum vitae dun avogado, profesor e intelectual galeguista de 56 anos:

> En relación co interesado no seu escrito de data de 26 dos correntes, polo que se interesa se informe a ese xulgado coa maior urxencia sobre os antecedentes e conduta político-social de Xaime Isla Couto, nado o 24 de febreiro de 1915 en Santiago de Compostela, avogado e catedrático, fillo de Fidel e de Manuela, veciño de Vigo, con domicilio en Prolongación de Venezuela, nº 14-8º, Dta., cúmpreme participar a V.I. que é persoa que leva residindo moitos anos nesta cidade, onde, ademais de exercer a súa profesión de avogado, é asesor da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, e catedrático da Escola de Enxeñeiros Técnicos Industriais; observa boa conduta moral pública e privada, estando ben conceptuado social e profesionalmente na boa sociedade da localidade.
>
> No aspecto político-social, con anterioridade ao Movemento Nacional, pertenceu ás mocidades galeguistas, se ben, ao ser politizadas, causou baixa nas mesmas. Ao iniciarse o Movemento, incorporouse ao Exército, marchando a

fronte, onde acadou a graduación de Oficial de Complemento. Na actualidade, coñéceselle como de marcada tendencia galeguista, sen caer no liberalismo extremista, aínda cando é progresista no seu concepto da evolución social e económica de Galicia. Toma parte en case todas as manifestacións de cultura e arte rexionais que se celebran nas distintas localidades da Rexión, unha veces como oínte e outras como colaborador activo ou como conferenciante.

Nos arquivos desta Comisaría figuran do informado os seguintes antecedentes:

En maio de 1966, figurou como adherido a homenaxe que se lle tributou a Celso Emilio Ferreiro Míguez, destacado galeguista-separatista, desafecto ao Réxime e actualmente en Venezuela, e denominado exiliado político, acto que se celebrou en Ourense, e ao que acudiron todos os elementos galeguistas destacados da Rexión. No mes de xuño de 1968 foi sancionado polo Ministerio de Información e Turismo con multa de 25.000 pesetas, pola publicación dun artigo na 'Revista de Economía de Galicia' do primeiro trimestre do ano 1967, editado pola Editorial 'GALAXIA', que versaba sobre 'Disturbios e conflitos do problema marisqueiro en Galicia'. Desempeña o cargo de Conselleiro-Delegado da Editorial 'GALAXIA' e forma parte do Consello de Administración da mesma Editorial; e é asiduo colaborador da Revista "ECONOMÍA DE GALICIA'[169]

Nada que dicir da profesionalidade da ficha político-social. Pode que se lle escapara algún que outro detalle pero ninguén poderá dicir que non tiñan a Xaime Isla ben fichado.

---

165 COMPARECENCIA. Comisaría del Cuerpo General de Policía. Dirección General de Seguridad. Ministerio de Gobernación. Arquivo da Fundación Isla Couto.

166 A Misa de Rosalía fora presidida neste ano polo superior dos Xesuítas en Compostela, Padre Lousa.

167 https://diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com/2012/09/historias-y-fotos-de-la-grippe-de-1918.html.

168 DECLARACIÓN NO XULGADO DE SANTIAGO. Arquivo da Fundación Isla Couto.

169 Dilixencias previas nº164/969; N/Ref.ª Sec. Local I. Social, nº 831, Vigo 30 de xullo de 1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

CAPÍTULO V
A LOITA POLA XUSTIZA E A DIGNIDADE: ALGO MÁIS CA UNHA BATALLA LEGAL

1. Querela interposta por Xaime Isla Couto por maltrato e detención ilegal

Claro que Xaime Isla non queda cos brazos cruzados. Moi axiña, o día 28 de xullo de 1969, pide ao Colexio de Avogados de Santiago, sendo el avogado en exercicio incorporado ao Colexio de Avogados de Pontevedra, que posto que ten que defender asuntos propios no Xulgado de Santiago se lle habilite para tales fins.

Acto seguido, o día 30 de xullo, Xaime Isla presenta no Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago unha querela por "maltrato de obra e detención ilegal" contra a autoridade que tivese o mando e interviñese nos feitos denunciados. Intervén como procurador dos tribunais José Gándara Nión. A querela estaba fundada nos seguintes feitos:

- Que o 25 de xullo de cada ano, festa do Apóstolo Santiago, se vén celebrando en Santiago de Compostela unha misa en lembranza de Rosalía de Castro, no templo de San Domingos de Bonaval, onde está enterrada, ao igual que outros galegos ilustres. É tradición que ao final do acto relixioso se realice unha ofrenda floral, acompañada de notables discursos literarios e cánticos como o do himno galego, que por recomendación das autoridades relixiosas non se entoan mentres dura a cerimonia relixiosa, senón ao final do acto. Cousa que se vén facendo ininterrompidamente desde hai varios anos á saída do templo, do adro do mesmo, sen que foran ata o de agora prohibidos por autoridade algunha.
- Que tamén o pasado 25 de xullo se entoou o himno galego polo coro que interviñera nos cánticos relixiosos durante a misa, sumándose como adoita suceder todos os anos a numerosa concorrencia , entoándose, así mesmo, o cántico eminentemente cristián e pacifista "Venceremos" por todos os alí presentes, ao igual que en anos anteriores.
- Cando xa estaba rematado o cántico "Venceremos", sen mediar amoestación algunha, Xaime Isla foi increpado, golpeado e empurrado brutalmente por un dos axentes da policía armada, sendo conducido ao

cuartel e internado despois nun calabozo, onde foi sometido a unha hora avanzada da noite a un interrogatorio e retido, incomunicado ata o día seguinte, sen motivo algún que o xustificase pois os berros subversivos dos que fala a policía non os proferiu o denunciante. O devandito axente tamén agrediu pola costas a Xaime Isla.

- Expóñense os Fundamento de Dereito e, finalmente, solicítase aos policías querelados unha fianza de 8 millóns de pesetas, para responder dos danos físicos e morais ocasionados.
- Para acreditar os feitos, Xaime Isla propón como testemuñas a:
    - Xosé Luís Fontenla Méndez
    - Carlos Martínez Alonso
    - Xosé Manuel Magadán Pardo
    - Eva Fernández de Prieto
    - Isaac Alonso Estravís
- Presenta como probas documentais:
    - A gravación discográfica da canción "Venceremos nós", legalmente editada e difundida.
    - Copia do parte facultativo de asistencia médica polas lesións ocasionadas.
- Tamén se solicita que se pida ao Comisario xefe de Santiago informe sobre a autoridade que tivese mando e orixinado os feitos que se denuncian na querela e que se cite aos axentes para seren sometidos a un careo.



EL ABOGADO ISLA COUTO SE QUERELLA CONTRA LA POLICIA

FUE DETENIDO EN SANTIAGO, A LA SALIDA DE UNA MISA POR ROSALIA CASTRO

Exige cinco millones de pesetas por los daños físicos y morales recibidos

VIGO, 4.—Don Jaime Isla Couto ha interpuesto querella criminal ante el Juzgado de Santiago de Compostela, por supuesto mal trato de obra, supuesta detención ilegal y supuesto abuso de autoridad. El señor Isla Couto fue detenido por la Policía en Santiago de Compostela, el pasado día 25 de julio, a la salida de un acto religioso, en memoria de la poetisa gallega Rosalía Castro, y permaneció en la Comisaría durante 24 horas.

Al parecer, se manifiesta en la querella, el profesor Isla Couto fue agredido por un agente de la Policía Armada cuando se encontraba en el atrio del templo de Santo Domingo de Bonaval, al término de una misa, y fue conducido a la Comisaría.

El señor Isla Couto es profesor de Economía, director de la «Revista de Economía de Galicia», presidente del Consejo de Administración de una conocida editorial gallega y abogado de los Colegios de Vigo, Pontevedra, La Coruña y Madrid. En su querella, presentada el día 2 de agosto, exige una indemnización de cinco millones de pesetas por los daños físicos y morales recibidos.—*(Europa Press)*.

LA VOZ DE GALICIA
martes, 5 de agosto de 1969

A prensa recolle a nova da querela interposta por Xaime Isla. *La Voz de Galicia*, 5-8-1969

2. Declaración das testemuñas

Para completar o relato dos feitos, coido que son de grande interese as testemuñas propostas por Xaime Isla Couto. Son testemuñas de parte, abofé, mais nalgunha carta privada consultada o procurador pídelle que se limiten a declarar a verdade dos feitos, algo que complementa as versións que ata agora coñecemos documentalmente. Son nomes coñecidos da cultura, da política, da sociedade, que acadarían maior notoriedade aínda despois da Transición política.

a) Eva Fernández Lorenzo

Eva Fernández declara na Coruña o 25 de agosto de 1969. Ten interese a súa declaración porque apunta que tamén foi detido, ademais de Xaime e Carlos Guitián, un membro do Coro "Ondas do Mar de Vigo" (Fidel Villar), que actuara na misa e despois no adro, tal e como indica Quico Domínguez[170]. Non consta declaración na Comisaría de Santiago nin que chegara a ela tan sequera.

Foto tomada pola policía á saída da misa, na que sinala aos tres detidos. Xaime Isla é o nº 1. Arquivo da Fundación Isla Couto

Declara que acudiu ao templo de San Domingos de Bonaval para asistir a unha misa en galego que se vén celebrando en lembranza de Rosalía de Castro. Unha vez rematado o acto saíron todos ao adro da Igrexa e, unha vez alí, comezaron a entoar o "Venceremos nós", antes de cantar o himno galego, como se vén facendo desde hai tres anos.

Foi nese intre cando un señor vestido de paisano empurrou á declarante e dirixíndose á varanda do adro deu unha orde a varios policías armados que estaban ao final da rampla dicíndolle que subisen e que se non calaban que "lles sacudisen a todos". Cando a declarante tenta saír do adro por temor a ser golpeada, viu como dous gardas levaban a un dos asistentes a misa (Xaime Isla) asido polos dous brazos, e outro garda que ía detrás golpeouno coa porra polas costas. Coida que os tres

golpes que lle deron foron no ombreiro dereito, aínda que poida que algún lle caera nas costas ou no costado.

Despois viu como o introducían nun "jeep" da Policía e tamén a un señor groso que cree que era o director do Orfeón, ao que acompañaba outro señor que, segundo dixeron, era un médico de Ourense.

b) Isaac Alonso Estravís

Presta declaración en Albacete o día 30 de agosto de 1969. O declarante ten 34 anos e o seu estado civil é "solteiro", algo bastante razoábel tratándose dun cura, natural de Vilaseca (Ourense) pero residente en Albacete.

Declara que o día 25 de xullo despois da misa das seis da tarde en lembranza de Rosalía de Castro que se celebrou en San Domingos de Bonaval, e logo de cantar no adro o himno galego e a canción "Vencermos nós", un policía secreto dirixiuse aos policías armados que alí se atopaban e ordenou que golpearan, pedíndolle a un deles que o fixera a D. Xaime Isla, ao que golpearon dúas veces coa porra e deténdoo sen motivo, pois o señor Isla Couto non dera causa nin proferira ningún berro subversivo, levándoo inmediatamente á Comisaría nun "jeep".

c) Xosé Luís Franco Grande

Presta declaración en Vigo o día 30 de agosto de 1969. Ten 33 anos, casado, avogado e veciño de Vigo. Na súa declaración di que o 25 de xullo, despois de terse celebrado misa en San Domingos de Bonaval (Santiago), e estando os asistentes no adro da Igrexa unha vez finalizado o acto relixioso, viu como a policía armada, composta por un grupo moi numeroso de axentes, comezaron a empuxar e pisar a algunha das persoas alí congregadas, incluso chegando a empuxar e a pisar ao propio declarante, que naquel intre conversaba cunha profesora de español nos Estados Unidos. Despois viu como un axente da policía armada, obedecendo a outro de superior graduación, sinalaba co dedo cara ao grupo onde se atopaba o señor Isla e, dicindo "palo, palo", sacou a porra e pegoulle repetidas veces no antebrazo dereito, sen que a xuízo do declarante mediase ningún acto provocativo por parte do señor Isla Couto. Despois Isla foi conducido a un vehículo de dita forza e trasladado á Comisaría de Policía de Santiago. Tamén declara que xa antes da misa había fóra do templo máis de cincuenta axentes e sobre dez no interior. O declarante estima que a intervención da policía, segundo dixo un policía na Comisaría, fora motivada por ter entoado un canto litúrxico coñecido en todo o mundo como "We shall overcome", que se vén utilizando tamén en España nos actos litúrxicos, e que a

Policía entendía que era un canto prohibido, cando resulta que foi o declarante quen traduciu do inglés esa canción.

Franco Grande, como xa quedou dito, fora o tradutor, a iniciativa de Xaime Isla, da canción "Venceremos nós", contando coa colaboración musical de Xosé Manuel Beiras ao piano, e pon énfase no asunto. Considero, porén, que as súas apreciacións son veraces por canto nun ambiente de certa prevención policial, tanto o Himno galego, coma o "Venceremos nós", como os berros de "Viva Galiza Ceibe" puideron provocar a carga policial.

d) Xosé Manuel Magadán Pardo

Xosé Manuel, natural de Santiago e domiciliado no Colexio Apóstolo Santiago de Vigo, presta declaración na cidade olívica o día 1 de setembro de 1969.

Declara que o día 25 de xullo estaba oíndo misa no templo de San Domingos de Santiago, na última fila e a carón dunha parella da policía armada, con toda normalidade.

Ao finalizar o acto, quedou no adro da igrexa saudando á xente, e nese momento cantouse o Himno galego, acompañados polo coro que actuara na misa, e un grupo de xente comezou a cantar despois o "Venceremos nós", estando entre eles o señor Isla Couto. No momento no que estaban cantando subiron a escalinata do adro varios policías e prohibiron que se cantara ese canción, dando orde de desaloxar o adro.

O declarante, que se atopaba a metro e medio do grupo, oíu ao señor Isla Couto preguntarlle á policía armada por que tiñan que desaloxar o adro e non se podía cantar. Nese momento un número da policía empuxou suavemente ao señor Isla Couto pero chegou outro vestido con pantalón e camisa gris que ordenaba aos policías que se atopaban alí e dixo: "nada de desalojen: con la porra y duro". Entón o policía que empuxaba a Xaime Isla sacou a porra e propinoulle dous golpes no ombro a Xaime Isla. Ao baixar a escalinata o declarante perdeuno de vista. Soubo despois o declarante que o levaran á Comisaría nun "jeep" e foino visitar pero dixéronlle que estaba nun calabozo e non se podía ver.

Como se pode comprobar, tamén neste caso, Xosé Manuel Magadán pola súa proximidade ao lugar dos feitos achega datos moi interesantes, como a conversa entre o policía armado e Xaime Isla, actitude que cambia logo da orde do policía vestido de gris, que non estaba de uniforme porque non levaba as correaxes e distintivos habituais deste corpo.

e) Xosé Luís Fontenla Méndez

Presta declaración en Pontevedra o día 3 de setembro de 1969. Ten 53 anos e traballa na cidade do Lérez como xestor administrativo.

Comeza a declaración indicando que o 25 de xullo estivo na misa en lembranza de Rosalía de Castro en San Domingos de Bonaval e, rematado o acto relixioso, saíu ao adro da Igrexa, onde se interpretou o himno galego.

Cando a xente xa ía marchando, cantouse tamén o "Venceremos nós" que algúns corearon. Advertido por unha muller coa que estaba charlando, observou como un policía lle zoupaba nas costas coa porra ao señor Xaime Isla repetidas veces. Xaime Isla o único que facía era tentar esquivar os golpes pero sen ofrecer resistencia, polo que o policía deixou de arrearlle e levouno collido polo brazo á saída do adro.

O declarante seguiunos uns metros por detrás ata o "jeep". Daquela foi cando escoitou a un policía de paisano, coa camisa aberta, soltando unha mala palabra, dicir:

—"A qué venimos aquí?", -e despois, soltando outra mala palabra, engadiu-:

—"¿No venimos a pegar? Pues, muévanse … Y a dar leña al que cante. El que quiera cantar que vaya a su casa".

Despois soubo que o policía, que antes falara con el como se fose un asistente ao acto, lle collera a matrícula do coche.

f) Mª Carmen Valderrama Currás

Margariña, como a coñecemos familiarmente, presta declaración en Pontevedra o día 3 de setembro de 1969. Ten 24 anos, está casada, é licenciada en Filosofía e é veciña da capital do Lérez.

Declara que o día 25 de xullo cando saían da misa celebrada anualmente en honor de Rosalía de Castro, un señor vestido de paisano que estaba no adro, mandou á policía armada que subira a pegar na xente que estaba cantando, como todos os anos, sen que nunca houbese desorde algunha. Cantouse o himno galego e "Venceremos nós".

Os policías fixeron o que se lles ordenou, empuxando á xente, e dirixíronse a Xaime Isla, quen non opuxo resistencia, pegándolle e introducíndoo no coche da policía. Tamén declara que durante a misa había varios policías dentro do templo, tanto de uniforme como de paisano.

Conclúe dicindo que cando ocorreron os feitos, a declarante estaba falando cunhas nenas pequenas, mellor dito, suxeitándoas, temendo que puideran magoarse no alboroto.

Xaime Isla entre o público congregado no adro de San Domingos de Bonaval[171]

Malia seren distintos os testemuños, todos coinciden no esencial:

- Xaime Isla Couto foi detido mentres cantaba o "Venceremos nós" no adro de San Domingos de Bonaval.
- Foi cominado a deixar de cantar. El preguntou a razón, cousa que exasperou á policía.
- Ningunha das testemuñas oíu que Xaime Isla proferise berros do tipo "Viva Galiza Ceibe" ou "Liberdade(s) para Galiza".
- Ninguén indica que se resistise á autoridade ou se envorcase polo chan.
- Dous policías armados levárono detido, colléndoo cada un por un brazo.
- Recibiu varios golpes coa porra dun policía nas costas, máis exactamente no ombreiro.
- Foi levado á Comisaría de Policía de Santiago nun "jeep", confinado nun calabozo, onde pasou a noite, e tomáronlle declaración.
- Ao día seguinte pola mañá, 26 de xullo de 1969, foi liberado coa obriga de presentarse nos xulgados.

Estas son as conclusións que razoablemente podemos tirar tanto da declaración de Xaime Isla como do manifestado polas testemuñas. A policía tiña outra versión dos feitos que é a que lle fai chegar ao xulgado de primeira instancia de Santiago o día 28 de agosto.

3. O informe do comisario xefe de Santiago ao xuíz (28/8/1969)

O día 20 de agosto, o xuíz de primeira instancia de Santiago solicita á Comisaría de Policía de Santiago o preceptivo informe policial dos feitos acaecidos o 25 de xullo para valorar a querela de "detención ilegal e maltratos" presentada por Xaime Isla. Unha semana despois, exactamente o día 28 de agosto, o Comisario Xefe de Santiago envía un informe, que ten un folio de extensión, no que indica:

- Os datos identificativos de Xaime Isla (nado o 24/10/1915, casado, catedrático e avogado, natural de Santiago, etc.).
- Que foi detido e posto a disposición do Sr. Maxistrado Xuíz de Instrución de Garda con data de 26 de xullo de 1969.
- Motivo da detención: "Proferir gritos subversivos contra el Régimen y desobediencia y resistencia a los agentes de la autoridad".
- Indícase que o lugar dos feitos foi a escalinata do templo de San Domingos de Bonaval, a iso das 19:45 horas, logo que acabaran os actos dedicados nese templo a Rosalía de Castro.
- Non perde a ocasión o comisario de lembrar ao xuíz que nese día 25 de xullo se celebra o Día de Galicia en San Domingos de Bonaval por estaren soterradas alí as cinzas de Rosalía de Castro e doutros galegos ilustres.
- Con relación aos feitos que provocaron a detención informa que, despois de ter sido requirido varias veces polos funcionarios do corpo xeral de policía e da policía armada para que abandonara a súa "actitud hostil al Régimen y cesara en sus gritos subversivos contra la integridad de la Patria", secundado por un numeroso grupo de individuos que provocaron unha grave alteración da orde pública, Xaime Isla no canto de obedecer tales requirimentos, arreciaba máis nas súas voces e gritos.
- Tamén ameazou e desafiou aos axentes pronunciando repetidamente a frase "Péguenme, si se atreven", incitando deste xeito aos demais membros do devandito grupo de "revoltosos".

- Polo que foi preciso proceder á súa detención, opoñendo unha tenaz e activa resistencia, empuxando violentamente aos policías armados que tentaban levalo e guindándose ao chan.
- Os policías víronse, xa que logo, obrigados a suxeitalo FORTEMENTE e collelo polo aire e introducilo no vehículo de servizo para levalo á Comisaría.
- Aclara o comisario que foi tratado coa maior corrección posible tanto no momento da detención, malia a súa resistencia, como durante o tempo que permaneceu en dependencias policiais. En ningún momento foi "golpeado e empuxado brutalmente" por ningún dos policías armados que procederon a restablecer a orde pública.
- Tampouco estivo incomunicado, algo do que poden dar testemuña os múltiples amigos e "correlixionarios" que o foron visitar no curto espazo de tempo que permaneceu detido nas dependencias da Comisaría de Santiago[172].
- O único que admite o comisario é que foi "requirido" non "increpado" repetidas veces para que cesase na súa actitude de rebeldía "impropia de un Catedrático y de un Abogado de su categoría social, cual llevó a cabo los referidos hechos para que no lo tildaran de 'cobarde' los elementos allí presentes, galleguistas-separatistas-comunistas, entre los que figura catalogado y 'figura destacada' de los mismos".
- A querela buscaba os mesmos fins, remata dicindo o comisario da policía, e foi aireada a "bombo y platillo por los órdagos de la prensa periódica, incluso antes de haber sido presentada en el juzgado" para calumniar e inxuriar á policía gobernativa.

O informe policial evoca aqueles tempos escuros e rancios do franquismo e non precisa grandes comentarios. Mais si algunha aclaración sobre os feitos que o comisario xefe non coñece ou ben non quere contar. Como xa adiantamos, houbo aquela tarde do 25 de xullo de 1969 unha convocatoria da UPG (Unión do Povo Galego) para concentrárense en San Domingos de Bonaval, aproveitando os actos dedicados a Rosalía de Castro. A UPG, cómpre lembralo, nacera o 25 de xullo de 1964, e combatía a vía culturalista do galeguismo dos homes da Xeración Galaxia, entre eles Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto. Sobre a súa ideoloxía, escribe Ramón Maiz, estaba "inspirada nos principios do marxismo-leninismo e do anticolonialismo, postuladora dun nacionalismo ambiguamente non separatista,

aunaría no seu ideario político, expresado no seu órgano oficial *Terra e tempo* (1965), populismo, marxismo e terceiromundismo anticolonial"[173]. Ramón Villares na súa *Historia de Galicia* completa este debuxo ideolóxico engadindo o aspecto máis característico como partido nacionalista: a súa asunción do dereito á autodeterminación[174]. E González Beramendi sinala dous aspectos relevantes: o primeiro, que "a UPG creouse coa intención expresa de promover unha fronte de liberación nacional a imitación da de Alxeria e con ela naceu o primeiro partido marxista revolucionario"; e, segundo, que "durante os seus primeiros anos a UPG será un grupo moi pequeno (entre 25 e 100 militantes)"[175].

Como xa indiquei, algúns dos líderes da UPG estaban aquel 25 de xullo no adro de San Domingos, acompañados por un certo número de militantes, como acreditan os testemuños gráficos. Mais sería dun grupo de mozas estudantes que xurdiu a iniciativa de entoar o "Venceremos nós" formando un corro e collidas da man:

Venceremos nós, venceremos nós,
algún día venceremos.
Dende o fondo da noite
dime o corazón
que algún día venceremos.
Collidos da mans, collidos das mans,
coas mans de todos
faremos un camiño na noite.
Dime o corazón
que algún día venceremos.
Nós non temos medo,
nós non temos medo,
nós non temos medo hoxe.
Dende o fondo da noite
Cristo venceu
e venceremos nós tamén.

E aproveitando o barullo do canto do himno -ao que se sumaron espontaneamente as ducias de persoas que asistiran á Misa de Rosalía entre elas Xaime Isla-, foi cando se escoitaron os berros de "Viva Galiza Ceibe" e "Liberdades para Galiza". A Policía Armada debeu ficar desconcertada, pero axiña os axentes de

paisano da Brigada Política-Social tomaron o mando da operación porque coñecían perfectamente o valor político e reivindicativo do "Venceremos nós" e porque non podían tolerar o desafío que representaban aqueles berros. E como ben demostra o informe que o Comisario Xefe remite ao xulgado de 1ª instancia e instrución de Santiago, Xaime era un "elemento" perfectamente coñecido para a Brigada Político-Social.

Desde logo Xaime non era marxista[176], como o comisario indica no seu informe, pero si un galeguista de principios rexos e dunha gran coherencia persoal, sen esquecer a súa militancia cristiá, da que veño falando. Calquera puido berrar "Viva Galiza Ceibe" ou "Liberdade para Galicia", tanto os mozos da UPG alí reunidos ou calquera outro dos asistentes, pois eran dúas reivindicacións políticas máis que xustificadas naqueles tempos. Teño dúbidas de que o fixese Xaime Isla, como apunta a policía, e non lembro que Xaime Isla me dixera tal cousa as veces que falei con el do asunto. Sexa como for, estes foron os feitos, tal como os contaron uns e outros e o caso quedou visto para sentenza.

---

170 Cf. DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "Ondas do Mar de Vigo, o coro vigués das misas en galego", op.cit., pp. 64-65.

171 Fotografía tomada pola Policía de Santiago. Arquivo da Fundación Isla Couto.

172 Esta versión é contraditoria tanto co testemuño de Xosé Manuel Magadán, como co de outras persoas, testemuñas directas dos feitos, coas que me entrevistei, caso de Carlos Baliñas Fernández, que acudiu esa noite á Comisaría para visitar a Xaime Isla e entrevistarse co gobernador Landín Carrasco ou co comisario, sen poder ver a ninguén.

173 MAIZ, R.: "El franquismo en Galicia", en *Historia de Galicia*, *vol. 4: La época contemporánea,* Ed. Faro de Vigo, Vigo, 1991, p. 985.

174 "Nestes presupostos preténdese inscribir a Unión do Pobo Galego (UPG), fundada no ano 1964, partido que, por partir do principio de que Galicia "é una nación é como tal ten dereito á súa determinación" supuxo una ruptura cualitativa na evolución do nacionalismo". VILLARES, Ramón: *A Historia*, Ed. Galaxia, Vigo 1984, p. 220.

175 GONZÁLEZ BERAMENDI, J.: *Da provincia á nación. Historia do galeguismo político*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, p. 1083.

176 Sobre a posición de Xaime Isla Couto verbo do marxismo Cf. AGÍS VILLAVERDE, Marcelino e IGLESIAS VARELA, Alba: "O pensamento de Xaime Isla Couto: herdanzas e amores", en *Grial. Revista galega de cultura,* n. 207, 2015, p. 38 e ss.

CAPÍTULO VI
TRES SENTENZAS E UN RÉXIME CUESTIONADO

1. Sentenza inculpatoria (24/4/1970)

Remata o verán de 1969 coa instrución e as dilixencias practicadas polo Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela, que finalmente se inhibirá en favor do Xulgado Especial de Orde Pública[177]. O Xulgado de Orde Pública acorda, con data de 1 de setembro de 1969, o procesamento de Xaime Isla consonte ao art. 384 da *Ley de Enjuiciamiento Criminal*, considerando que os feitos constitúen un delito de desordes públicos, recollido polo Código Penal (art. 248). Asemade, decrétase a súa liberdade provisional, establecendo unha fianza de trinta mil pesetas para asegurar as responsabilidades pecuniarias que procedan.

Comeza, xa que logo, a década de 1970, que sería a da morte do ditador Francisco Franco e do seu Réxime, agardando unha sentenza que alén de afectar a unha persoa concreta poñería en evidencia a falta de escrúpulos de toda a maquinaria policial e xudicial. Nin as cousas pasaran do xeito que se relataran nos informes policiais, nin na instrución xudicial, nin tiña moito sentido no contexto dunha Europa democrática coutar o dereito á liberdade de expresión. Por iso, eran moitos os que agardaban unha sentenza absolutoria.

Non foi así. O Tribunal de Orde Pública dita sentenza condenatoria o día 24 de abril de 1970, considerando probado:

- Que Xaime Isla, de 54 anos, formou parte dos numerosos asistentes á misa celebrada o 25 de xullo en San Domingos de Bonaval, na que se cantaron diversos himnos, entre eles o titulado "Venceremos nós", no que el participou. Que pronunciou a frase "Viva Galicia Ceibe", sendo detido, aínda que sen quedar acreditado que alterase a orde pública.
- O ministerio fiscal cualificou os feitos como constitutivos dun delito de desordes públicas, sendo o procesado responsable do mesmo en concepto de autor. Delito polo que o ministerio fiscal solicitou a pena de catro meses de arresto maior e multa de 15.000 pesetas, con prema persoal de 30 días en caso de non facer efectivo este importe, máis o pago das costas.

- A defensa solicitou a absolución por considerar que non cometera ningún delito.

Á vista dos puntos anteriores, o Tribunal establece os catro *considerandos* seguintes:

- Que a conduta do procesado entraña un delito de desordes públicas dado que proferiu o berro de "Viva Galicia ceibe", que "debe reputarse de rebelión porque implica un atentado a la integridad de la patria al afirmarse el deseo de una Galicia independiente de España". Un feito agravado por producirse nunha reunión numerosa de persoas nun lugar público.
- Que do devandito delito é responsable criminalmente en concepto de autor o procesado, pola súa participación directa nos feitos.
- Que non concorren circunstancias que modifiquen a responsabilidade orixinal a efectos punitivos.
- Que as costas do proceso deberá satisfacelas o procesado, dada a súa condena.

Catro demoledores *considerandos* que dan lugar ao seguinte FALLO:

> Que debemos **condenar** y condenamos al procesado Jaime-Lorenzo Isla Couto como responsable, en concepto de autor, de un delito de desórdenes públicos a la pena de TRES MESES DE ARRESTO MAYOR, con sus accesorias de suspensión de todo cargo público, profesión, oficio y derecho de sufragio durante el tiempo de la condena y al pago de las costas[178].



ESPAÑA

TRIBUNALES

ORDEN PUBLICO: JUICIO CONTRA EL CATEDRATICO VIGUES DON JAIME ISLA COUTO

MADRID, 21. (Europa Press.)—Don Jaime Lorenzo Isla Couto, catedrático de la Escuela Técnica de Ingenieros Industriales de Vigo, ha sido juzgado por el Tribunal de Orden Público bajo la acusación de haber cometido un delito de desórdenes públicos. El ministerio fiscal solicita para el procesado cuatro meses de arresto y multa de 15.000 pesetas.

Se le imputa el haber proferido frases solicitando libertad para Galicia, al salir de una misa que se celebró en la iglesia de Santo Domingo, en Santiago de Compostela, el 25 de julio de 1969, después de efectuarse una ofrenda floral en el panteón de gallegos ilustres de dicho templo.

El señor Isla negó haber proferido tales frases, habiéndose limitado a cantar el himno gallego, al igual que otras muchas personas, a la salida del acto celebrado en la iglesia de Santo Domingo para lo que tenían autorización, y una canción llamada "Venceremos nos", que fue interrumpida por la policía.

Varios testigos que comparecieron —entre ellos dos sacerdotes— alegaron no haber escuchado proferir al inculpado ningún grito separatista gallego en el momento de ocurrir los hechos que se enjuician.

El letrado defensor solicitó la libre absolución.

Escrito de abogados sobre una supuesta detención ilegal

VIGO, 9.—(De nuestra Delegación).—Letrados de los Colegios de Vigo, Pontevedra, La Coruña y Madrid han dirigido sendos escritos a los decanos de sus respectivos Colegios solicitando la intervención ante las autoridades competentes y el Consejo General de la Abogacía por supuestos malos tratos de obra y supuesta detención ilegal del abogado Jaime Isla Couto, profesor de la Escuela Técnica de Ingenieros Industriales, director de la «Revista de Economía de Galicia» y presidente del Consejo de Administración de la Editorial Católica «SEPT».

El señor Isla Couto interpuso una querella criminal por los hechos ocurridos el pasado día 25 de julio a la terminación de la misa por Rosalía de Castro oficiada en la iglesia de Santo Domingo de Bonaval de Santiago de Compostela.

Se sabe que un grupo de fieles se ha dirigido también al cardenal arzobispo de Santiago de Compostela.

A prensa fixo un seguimento do proceso

A sentenza foi, de certo, un duro golpe porque, entre tanto, Xaime Isla recibira ducias de cartas dándolle azos e confiando na absolución por parte do Tribunal de Orde Pública. Cartas entre as que figuraban non só as de persoas amigas, senón as dos Colexios de Avogados de Galicia. Manuel Iglesias Corral, despois coñecido deputado autonómico, envía o 16 de setembro unha carta ao presidente do Consello Xeral da Avogacía Española, dando conta da alarma que provocara nos Colexios de Avogados galegos o trato recibido por Xaime. De nada serviron todas estas mostras de apoio.

2. Dúas sentenzas exculpatorias (23/2/1971 e 23/3/1971)

Mais Xaime Isla Couto non se rende. Despois de tantos anos de fidelidade galeguista e de loita política, despois de aprender a tourear ás autoridades e a censura nas causas abertas contra Galaxia e contra *Grial*, despois dos desgustos gobernativos

e das sancións económicas contra a *Revista de Economía de Galicia,* e tamén dos éxitos e conquistas roubadas ao réxime a base de estratexia e intelixencia, Xaime Isla Couto non ía renderse sen presentar batalla.

Deste xeito, con data de 24 de abril de 1970, presenta un recurso de casación ao Tribunal Supremo por "quebrantamiento de la forma e infracción de Ley". Un defecto de forma e unha mala aplicación da Lei!

Se no canto de ser un xuízo fose unha partida de naipes a cousa podería semellar ser un farol en toda regra. Nunha das moitas cartas que se conservan sobre o caso, datada o día 13 de outubro de 1970, o seu avogado Ramón Chaves González, explícalle a Xaime o sentido desta estratexia, sorprendente para alguén alleo ao día a día do Tribunal Supremo, e remata cunha frase ateigada de esperanza e que resultou ser profética: "A lo mejor ocurre que ahora, cuando con el otoño, se sinte uno menos optimista, ganas el recurso"[179].



RAMON CHAVES GONZALEZ
ABOGADO
MADRID-15

DESPACHO: GAZTAMBIDE, 63-4.º D
CONSULTA: DE 4 A 6
TELÉF. 243 63 28

MADRID-15, 13 de octubre de 1.970.

Sr. D.
Jaime Isla Couto
Abogado
Avd. Garcia Barbón, 3.
V I G O.

Querido Jaime:

Ahi te mando la copia del escrito formalizando el recurso (intercalé tu sentencia). Como te adelanté por telefono, me he decidido por plantear el único motivo que puede ser acogido, ya que la "táctica" de anunciar tambien el recurso del nº 2 del art. 849 y el de Quebrantamiento, tendia a no formalizar el recurso hasta ahora (en otro caso, tendria que haberlo formalizado ya en el pasado junio), y porque además, asi me entregan los autos, es decir, te los mandan a casa.

Por otra parte, nada es documento autentico para el Tribunal Supremo y como exige ese citado nº 2 del art. 849; además, lo de lugar publico, en relación con el quebrantamiento, es un requisito alternativo en la expresión del art. 248, al que le basta "cualquiera reunión o asociación".

El peligro del resultando 1º de la sentencia radica en que abulta los hechos, para extraer una mayor gravedad, conjuntando el himno "Venceremos" con el grito de "Viva Galicia ceibe".

Pero a lo mejor ocurre que ahora, cuando con el otoño, se siente uno menos optimista, ganas el recurso.

Con cariñosos saludos para tu mujer y un fuerte abrazo para tí de

Este optimismo de Ramón Chaves agocha unha intrahistoria porque Xaime, probablemente, resultou favorecido pola elección dun maxistrado do Tribunal Supremo, Ángel Escudero del Corral (1916-2001), que actuaría como relator da súa sentenza. Este maxistrado presentaba un perfil ideolóxico favorable para o recurso de Xaime, como sinala Ramón Chaves nunha carta de 14 de novembro de 1970[180]. E ademáis das ideas liberais, Ángel Escudero desempeñara grande parte da súa carreira xudicial en Galicia entre 1944 e 1958, primeiramente en Allariz e posteriormente nas Audiencias Provinciais de Lugo e Pontevedra. Xa que logo, o maxistrado mantiña relacións de amizade con moitos amigos e colegas de Xaime, tal e como nos desvela, outramente, Ramón Chaves: "Te lo digo por si quieres que haga algo de tipo 'recomendacional' (siempre con permiso de Don Roberto González Pastoriza…'), p. e., a través de Adrio, el Abogado de Pontevedra, quien 'mima' mucho a Escudero. O de cualquier otro"[181].

Con todos estes preparativos a vista do recurso ten lugar o día 11 de febreiro de 1971 perante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, en base ao seguinte motivo de casación:

> Al amparo del nº 1 del art. 849 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, infracción por aplicación indebida del art. 248 del Código Penal, por cuanto dicho precepto exige para su aplicación que se 'dieran gritos' y sólo consta que el recurrente dio uno[182].

Na sentenza —con data de 23 de febreiro de 1971— tamén se fai un reflexión de carácter sociolóxico sobre o que significa alterar a orde pública, poñendo á comunidade nunha situación real de perigo, ou o que significan desde o punto de vista semántico algúns dos termos empregados polo Tribunal de Orde Pública para cualificar os feitos. Chama a atención o relator sobre o sentido da expresión "palabras provocativas", desde o punto de vista axiolóxico, así como as condicións de lugar, tempo, ocasión, reiteración, que outorgan á infracción un matiz relativo e circunstancial. Concluíndo que os meros berros son inocuos e polo tanto deben quedar fóra do campo penal, aínda que poidan ser considerados doutro xeito no ámbito administrativo, no que se poden reprochar condutas menos graves e de risco remoto ou abstracto.

Por outra banda, considera o relator que non se pode afirmar que asistir a un acto en memoria dunha gran poetisa galega teña como fin promover o separatismo desintegrador da patria. Engadindo, a continuación, un argumento tan abraiante,

dada a época e o contexto no que se pronuncia que me permito reproducir a continuación:

> Ni siquiera que el grito tuviera —dado el diferente contenido de la palabra 'ceibe'— un seguro matiz separatista no permitido, o que más bien envolviera un sentido regionalista, exaltador de la unidad dentro de la variedad, que no es reprobable, sino que incluso resulta defendible en lo cultural y político, por no lesionar sino posiblemente beneficiar la seguridad e intereses del Estado[183].

Máis que a argumentación xudicial dun maxistrado, semella, ás veces, lendo os considerandos, que asistimos a unha clase de Filosofía, de Metafísica ou de Moral. Porén, unha cousa é certa: esta sorprendente argumentación en apoio do único motivo de casación presentado funcionou.

No seu FALLO o tribunal Supremo declara que hai lugar para o recurso de casación e, polo tanto, que queda anulada a sentenza ditada polo Tribunal de Orde Pública verbo da consideración dos feitos xulgados como un delito de desordes públicas. Ordena igualmente que lle devolvan o depósito que tiña constituído e indica que tampouco lle corresponde o pago das costas do xuízo.

O día 23 de marzo de 1971, volve reunirse o Tribunal Supremo para tratar nunha peza separada o delito de desordes públicas que apreciara o Tribunal de Orde Pública. No seu considerando, o maxistrado limítase a dicir que, por todo o que xa fora amplamente exposto na anterior sentenza de casación (que o feito non era constitutivo de delito consonte ao art. 248 do Código Penal, que o berro pronunciado por ser illado, polo lugar no que se pronunciou, pola falta de significación certa, pola ausencia de consecuencias que implicasen risco ou perigo inmediato capaz de incitar á rebelión separatista) debe absolver tamén neste caso ao imputado do delito de "desordes públicas", con todas as consecuencias legais[184].

O procurador Saturnino Estévez Rodríguez envíalle a Xaime Isla un oficio con data de 13 de marzo de 1971 no que lle comunica o FALLO das dúas sentenzas[185]:

Lcdo. Saturnino Estévez Rodríguez

PROCURADOR
Conde de Peñalver, 68
Teléfono 275 28 54
MADRID (6)

Tribunal: Supremo Letrado: D. Ramon Chaves

Secretario Sr. Herreros Despacho del día 13-3-71

En el procedimiento n.º 1167/70 *seguido por D.* JAIME LORENZO ISLA COUTO *contra D.* sentencia pronunciada Tribunal O. Publico *sobre* Desordenes publicos

se ha dictado con fecha 23 *de* Febrero *de 1971*, *notificada el* 10-3-71, *la siguiente resolución:*

VENCIMIENTO:

FALLAMOS: Que debemos declarar y declaramos haber lugar al recurso de casación por infracción de Ley, interpuesto por la representación del procesado Jaime Lorenzo Isla Couto y en su virtud casamos y anulamos la sentencia dictada por el Tribunal de Orden Publico de fecha 24 de Abril de 1.970 en causa seguida al mismo por el delito de desordenes publicos, declaramos de oficio las costas procesales, devuelvase el depósito que tiene constituido comuniquese esta sentencia y la que a continuación se dicta a la referida Audiencia a los efectos legales procedentes.

SEGUNDA SENTENCIA

FALLAMOS: Que debemos absolver y absolvemos a Jaime Lorenzo Isla Couto del delito de desordenes publicos de que venía acusado, con todas las consecuencias subsiguientes de dejar sin efecto cuantas medidas cutelares reales o personales se hubieran tomado en relación con la causa de que este recurso dimana. Declaramos de oficio las costas.

Es copia

Tamén o seu avogado, Ramón Chaves González, lle escribe a Xaime Isla para darlle os parabéns, pero fai algúns comentarios dignos de seren reproducidos[186]:

Madrid, 16 de marzo de 1971

Querido Jaime:

La sentencia, además de absolverte reparando la injusticia 'a sabiendas' del Tribunal de Orden Público, quiere complacerte. No hay más que leer en ella, p.e., la referencia que hace al Abogado, o al regionalismo… Casi, casi Escudero se merece una carta tuya, y no de agradecimiento, porque el hacer justicia lo repugna, pero sí de reconocimiento al valor por el triunfo de la Justicia.

> La sentencia merece, así mismo, la satisfacción expresa a recoger por los Colegios de Abogados gallegos. Yo se la mando a los decanos de La Coruña y de Lugo, a quienes trato.
>
> Le envío copia de esta carta a Fontenla, con la sentencia, y por aquello de que él es un joven 'motorizado', y para que él actúe como sabe.
>
> Con mi enhorabuena y un fuerte abrazo.

Mentres as amizades e os colegas agasallaban a Xaime con parabéns, unha nota informativa do Servizo de Información da Coruña da Dirección Xeral de Seguridade recolle un duro informe da Policía de 22 de marzo de 1971 dirixido ao gobernador civil da Coruña relativo ás noticias publicadas na prensa sobre a libre absolución de Xaime polo Tribunal Supremo. Polo seu interese reproducimos parte desta nota rescatada por Xan Fraga en *Terra e Tempo,* xa que reflicte perfectamente o espírito dun réxime político autoritario e o estilo de pensamento e traballo dunhas forzas policiais represoras que ían perdendo a batalla pola liberdade:

> Esta noticia está siendo vivamente comentada en los medios afectos, sorprendiendo la tesis sustentada por dicho alto Tribunal, ya que los testigos presenciales del incidente pudieron advertir el claro propósito de convertir aquella oportunidad en una provocación y en un acto de desafección que diera lugar a enfrentamientos y resistencias a la fuerza pública, secundando las consignas de desprestigio político ya conocidas.
>
> Por parte de la fuerza pública los comentarios son de desaliento, pues habiendo quedado, por la forma en que se produjeron los hechos y por la presencia de elementos marxistas calificados, bien claro el verdadero objetivo que allí se proponían, les produce confusión la desestimación dolosa de un grito separatista que en un acto público es siempre una incitación al desorden[187].

Estas dúas sentenzas exculpatorias supuxeron moito máis que a recuperación da cordura e do sentido común no contexto dun réxime político onde todo era excéntrico e delirante. No horizonte dunha nova década que traería a España e a Galicia a recuperación das liberdades, a sentenza foi interpretada como unha conquista colectiva para desmontar, peza a peza, un réxime tan anacrónico e caduco como o propio ditador. Agora si que podía ser certo o profético título da canción: "Venceremos nós".

3. O pobo é quen máis ordena: adhesións e testemuños recibidos

A nova das sentenzas absolutorias espallouse axiña. Tanto a prensa nacional como a prensa galega fixéronse eco na noticia, o que deu lugar a que desde moi diferentes lugares de España de Galicia chegaran cartas e notas de adhesión a Xaime Isla Couto. Velaí o que publicaba *La Voz de Galicia* (só se refiren ao caso de Xaime nos tres primeiros parágrafos). O periódico *La Vanguardia* recollía tamén a nova:

ISLA COUTO, ABSUELTO POR EL SUPREMO

Como autor de un delito de desórdenes públicos

EL TRIBUNAL CONSIDERA QUE SU GRITO DE «¡VIVA GALICIA CEIBE!» NO PERTURBO LA PAZ CIUDADANA

MADRID, 20. — La sala segunda del Supremo ha anulado una sentencia del Tribunal de Orden Público, en la que era condenado don Jaime Lorenzo Isla Couto, como autor de un delito de desórdenes públicos, a tres meses de arresto, declarando el alto tribunal no cometió delito alguno, por lo que es libremente absuelto.

El 25 de julio de 1969, a la salida de una misa en sufragio del alma de Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela, don Jaime Lorenzo gritó «¡Viva Galicia ceibe!».

Y el Supremo, de acuerdo con la tesis mantenida por el abogado del condenado, don Ramón Chaves González, en la vista del recurso que interpusiera el mismo, declara que los hechos expuestos no constituyen delito de desórdenes públicos, puesto que el grito dado por el señor Isla no perturbó la paz ciudadana.

También la sala segunda del Supremo ha dictado su reciente

sieron Ricardo Pablo Iturgáiz Arocena, Lorenzo Sánchez Fernández, José Antonio Azurmendi Arina y Antonio Larrañeta Armendáriz, contra la sentencia del Tribunal de Orden Público que les condenara, como autores de un delito de manifestación no pacífica, a tres meses de arresto, confirmando estos pronunciamientos.

El primero de marzo de 1968 se concentraron unas trescientas cincuenta personas, sin autorización, en la Plaza del Castillo de Pamplona y dieron vueltas alrededor de la tribuna de la música, algunos de manera silenciosa, otros, dando gritos no concretados, y al aparecer la fuerza pública, parte de los manifestantes gritaron contra los representantes de la autoridad, y otros, silbaron.

Detenidos los condenados como participantes en la manifestación, éstos, dictada la sentencia del tribunal de orden público recurrieron contra la misma, y sus re-

LA VOZ DE GALICIA 21. 3. 1971

TRIBUNALES

Un condenado por el T.O.P., absuelto por el Supremo

MADRID, 20. (Cifra).— La Sala Segunda del Supremo ha anulado una sentencia del Tribunal del Orden Público, en la que era condenado don Jaime Lorenzo Isla Couto, como autor de un delito de desórdenes públicos, a tres meses de arresto, declarando el Alto Tribunal que el señor Isla no cometió delito alguno, por lo que es libremente absuelto.

El 25 de julio de 1969, a la salida de una misa en sufragio del alma de Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela, don Jaime Lorenzo gritó "Viva Galicia ceibe".

Y el Supremo, de acuerdo con la tesis mantenida por el abogado del condenado, don Ramón Chaves González, en la vista del recurso que interpusiera del mismo, declara que los hechos expuestos no constituyen delito de desórdenes públicos, puesto que el grito dado por el señor Isla no perturbó la paz ciudadana.

Novas da absolución de Xaime Isla Couto polo Tribunal Supremo

Como parte da súa estratexia de defensa e de denuncia pública do acontecido á saída da Misa de Rosalía, Xaime Isla Couto escribira unha carta en Raxó con data de 30 de xullo de 1969 dirixida ao Colexio de Avogados de Pontevedra, enviando copia aos Colexios de Galicia e de Madrid. Nesta longa carta, poñía en coñecemento do decano do Colexio de Avogados que á saída da misa do 25 de xullo en lembranza de Rosalía de Castro fora increpado, golpeado e empuxado brutalmente pola policía; conducido á comisaría de Santiago, internado nun calabozo, sometido a un interrogatorio a hora avanzada, retido e incomunicado ata o día seguinte no que foi incoado diante da Autoridade Militar e despois no Xulgado ordinario de Garda que, logo de recibir a declaración, decretou a súa liberdade. Engadía Xaime que "conscientes, sin duda, del abuso cometido y de la arbitrariedad de la detención, los responsables de ello fabricaron una denuncia en la que falsamente y burdamente se me imputó el haber proferido gritos subversivos y cometido actos de resistencia y

desacato a la Autoridad, además de intentar solamente fines separatistas con la celebración religiosa referida"[188]. Os Colexios enviaron primeiro cartas de adhesión. O primeiro, o de Pontevedra contesta inmediatamente[189]. Tamén os demais o fan (Coruña, 4/8/69; Vigo, 19/9/1969; Presidente Consello Xeral da Avogacía Española, Madrid 29/8/15), e cando, dous anos despois o Tribunal Supremo absolve a Xaime Isla, envían cartas de felicitación e satisfacción.



ISIDORO MILLAN MARIÑO
Decano del Ilustre Colegio de Abogados

Andres Muruais 6, 3.º
Teléf. 85 21 87

Pontevedra, 31 de julio de 1969

Sr. D. Jaime Isla Couto
RAXÓ

Mi querido amigo y compañero:

Anoche se reunió la Junta de Gobierno de este Colegio y en ella di cuenta de su comunicacion sobre lo acaecido el dia 25 en Compostela.

La repulsa por el atropello de que V. fue objeto ha sido unanime y lo mismo el deseo de que semejante falta no quede impune, protesta y anhelo que en este caso avivan mas el conocimiento que todos tenemos de su exquisita correccion.

Antes, tan pronto me enteró de lo ocurrido nuestro común amigo Fontenla, utilicé el telefono para ponerme al habla con Iglesias Corral, lo que no logré por encontrarse ausente, y me ofrecí tambien a trasladarme a La Coruña a fin de entrevistarme con el Auditor, con quien mantengo cordial relacion. A los pocos momentos conversé de nuevo con Fontenla y éste me dijo que, habiendo recobrado V. la libertad, suspendiese de momento toda gestion. Le rogué entonces que le saludase en mi nombre e hiciese presente que el Colegio sentía como propias las ofensas inferidas a cualquiera de sus miembros.

Por ello, en la reunion de anoche acordó la Junta solidarizarnos con su conducta y prestarle el apoyo moral y material que las circunstancias demanden, tributo y obligacion que imponen el compañerismo, el prestigio de la toga y el respeto a la dignidad humana.

A su lado, pues, estamos todos.

Siempre suyo buen amigo que le abraza

Isidoro Millan

Uns días despois contesta o decano do Colexio de Avogados de Madrid interesándose polo caso, a través do Colexio de Santiago[190]. E así, sucesivamente.



EL DECANO DEL ILUSTRE COLEGIO
DE ABOGADOS DE MADRID

José Luis del Valle Iturriaga

Sr. Don Jaime Isla Couto.
Abogado.
García Barbón, 3 -7º.
V I G O.

Mi distinguido amigo y compañero:

Recibo su carta de 30 de Julio p.pdo. y al objeto de poder intervenir de una manera más eficaz en la cuestión a que se refiere Vd., me dirijo con esta fecha al Decano de Sanatiago de Compostela para que tenga la amabilidad de informarme en cuanto pueda conocer sobre el particular para, con todo detalle, actuar en consecuencia.

Aprovecho la circunstancia para saludarle cordialmente,

Madrid, 4 de Agosto de 1.969.
JLVI/LG.

Son moitas tamén as cartas dos amigos. A primeira, tan só dous días despois dos feitos, é a que recibe do avogado e amigo Cesáreo Saco López, desde Monforte de Lemos. Saco fora un correlixionario de Xaime nas Mocidades Galeguistas do PG, no que ingresara no 1931. No ano 1946 foi detido en Madrid xunto con Ramón Piñeiro. Xaime, que viaxa a Madrid para facer as oposicións á cátedra de Dereito e Economía da Empresa vacante na Escola de Peritos Industriais de Vigo, visita no cárcere o día 16 de outubro pola tarde, logo de rematar a oposición, aos irmás Saco, Camilo e Cesáreo[191]. Saco remataría despois de saír do cárcere a carreira de Dereito en Oviedo e exercía de avogado en Monforte de Lemos, desde onde lle escribe a Xaime[192]. Non podemos reproducir todas as cartas recibidas, por iso seleccionarei esta primeira e unha das últimas, da que é autor Carlos Baliñas Fernández, catedrático de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela[193].



CESÁREO SACO LÓPEZ
ABOGADO

DESPACHO: AVDA. GRAL. FRANCO, 17-2.º TELEFONO 181
DOMICILIO: CARDENAL, 32 TELEFONO 382

MONFORTE DE LEMOS 28 de Santiago de 1.969
(LUGO)

Sr. Don
Xaime Isla Couto
Vigo, Prolong. Venezuela, 3

Meu querido e vello amigo:

Vaian por diante istas liñas de afervoada adhesión, e de desagravio, con motivo dos incidentes producidos en Santiago o Día da Eisaltación do Día de Galicia en que tí fuches principal protagonista. Estiven ausente en ise aito por haber sido feira en Monforte o día vintecatro e rematéi o traballo moi tarde; poiá de ir tiña que ir de víspera. Que teñas moitas venturanzas con tal fausto acontecemento.

Recibe moitos saudos da miña Dona Cirstina e meus pra tua dona Cristina, e recibe unha forte aperta do teu amigo

Cesáreo Saco

A carta de Carlos Baliñas ten dous aspectos que me gustaría salientar. Primeiro, que a batalla xudicial que acaba de gañar Xaime Isla non é un asunto privado e individual senón que ten repercusións colectivas para a consideración de Galicia e da súa cultura[194]. Segunda, a circunstancia de que o 15 e xullo dese mesmo ano será inaugurada a Casa de Rosalía en Padrón, logo dos arranxos realizados. Carlos é o vicepresidente do Padroado Rosalía de Castro, que preside A. Sixto Seco, e comunica a Xaime, membro fundador e padroeiro histórico, a feliz noticia.



Prof. Carlos Baliñas

Facultad de Filosofía y Letras
Departamento de Filosofía Fundamental
Santiago de Compostela

1 de abril de 1971

Sr. D. Xaime Isla Couto
VIGO

Meu benquerido amigo:

Non hai mal que non traiga o seu ben. Alegréime moito da sentencia absolutoria do Tribunal Supremo, cuios considerandos afirman moitas cousas que era muy conveniente que se dixeran precisamente desde o Tribunal Supremo.

Xa sabes que me tes, como sempre, a tua disposición. Da xuntanza na Casa de Rosalía --recordo agoro que xantamos xuntos-- vai salir algo bo: o dia 15 de xullo coidamos que se inaugure a Casa-Museo. Supoño que estarás en relacións cos que organizaron ahí a Delegación local do Patronato.

Un cordial saúdo

Baliñas

Na súa visita á Universidade de Santiago de Compostela, co gallo de ser nomeado Doutor Honoris Causa, o filósofo Paul Ricoeur pronunciou unha conferencia

titulada "O Xusto: entre o legal e o bo". O título deste discurso, pronunciado no salón de actos da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela o 27 de febreiro de 1997, evoca á perfección o dilema que decote formula un proceso xudicial: a tensión entre a lei e o seu cumprimento, e o que podemos considerar bo desde o punto de vista moral. No proceso xudicial aberto contra Xaime Isla Couto ninguén dubidada desde a perspectiva moral que a razón estaba da súa parte. Xaime Isla foi ao longo de toda a súa vida unha persoa de ben, cuns principios éticos e unha coherencia sen tacha. Mais o que estaba en cuestión era se coa lexislación franquista na man podería triunfar tamén a xustiza e o ben. Finalmente, trunfou grazas ao Tribunal Supremo, que deu mostras dunha ecuanimidade e sentido da xustiza encomiable, abrente dun novo tempo político que se aveciñaba.

---

177 Data do auto: 14 de agosto de 1969. Tamén se inhibirá o xulgado de primeira instancia de Santiago, con data de 12 de novembro de 1969, en favor do Tribunal de Orde Pública con relación á causa aberta a raíz da denuncia de Xaime Isla por "Maltrato e Detención Ilegal". De feito, nin tan sequera se realizan dilixencias, agás o relativo á toma de declaración das testemuñas.

178 Sumario nº 765 de 1969, Juzgado de Orden Público. Rollo nº 766 de 1969. Actuou como presidente do tribunal o xuíz José Francisco Mateu Canoves, que sería asasinado por ETA o 16 de novembro de 1978 en Madrid, sendo o primeiro xuíz asasinado pola banda terroritas pola súa condición de ex-presidente do Tribunal de Orde Pública.

179 Carta de Ramón Chaves González a Xaime Isla Couto. Madrid, 11-10-1970. Arquivo da Fundación Isla Couto.

180 "Ya tenemos Ponente en lo tuyo: don Ángel Escudero. Fué de los tres que le pedí al Oficial de Secretaría. Aunque el tal Escudero se las dá de sabiondo (es un tanto pedante), creo que puede hacer algo, pues, por lo visto, se las de liberal; y lo de liberal tiene mucho que ver con 'ceibe'". Carta de Ramón Chaves González a Xaime Isla Couto. Madrid, 14-11-1970. Arquivo da Fundación Isla Couto.

181 Carta de Ramón Chaves González a Xaime Isla Couto. Madrid, 21-12-1970. Arquivo da Fundación Isla Couto. O Adrio ao que se refire Ramón Chaves cremos que se trata do avogado e político pontevedrés Gonzalo Adrio Barreiro (1919-2018). Roberto González Pastoriza (1898-1985) era avogado e un dos principais referentes do Partido Galeguista en Vigo durante a II República, canda a Valentín Paz-Andrade.

182 Sentencia de la Sala Segunda del Tribunal Supremo de 23 de febrero de 1971. Recurso nº 1167/70, vista 11/2/71, Ponencia 5136. Arquivo da Fundación Isla Couto.

183 Ibid.

184 Sentencia de la Sala Segunda del Tribunal Supremo de 23 de marzo de 1971. Arquivo da Fundación Isla Couto.

185 Despacho do 13/3/1971 do procurador, procedemento 1167/70. Arquivo da Fundación Isla Couto.

186 Carta de Ramón Chaves González a Xaime Isla Couto, Madrid, 16-3-1971. Arquivo da Fundación Isla Couto.

187 FRAGA, Xan: "Xaime Illa Couto na Misa por Rosalía", *Terra e Tempo. Dixital galego de pensamento nacionalista,* 29-7-2012.

188 Carta de Xaime Isla ao Ilmo. Sr. Decano do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra, Raxó (Pontevedra) 30-7-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto. Consérvase tamén neste mesmo Arquivo o borrador da longa carta manuscrita cunha pluma que aínda mostra a vizosa cor azul da tinta.

189 Carta de Isidoro Millán Mariño a Xaime Isla Couto, Pontevedra, 31-7-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

190 Carta de José Luis del Valle Iturriaga a Xaime Isla Couto, Madrid, 4-8-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

191 Cf. PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís: *Xaime Isla, Raíz e utopía de Galicia*, op. cit., p. 49.

192 Carta de Cesáreo Saco López a Xaime Isla Couto, Monforte 28-7-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

193 Carta de Carlos A. Baliñas Fernández a Xaime Isla Couto, Santiago de Compostela, 1-4-1971. Arquivo da Fundación Isla Couto.

194 Un asunto no que tamén insistirá en carta persoal a Xaime o seu amigo de Pontevedra Xosé Luís Fontenla: "Comprendo —dille- a desgaña que che pode producir este asunto, mais entendo tamén que trascende o plano meramente personal en moitos sentidos". Carta de Xosé Luís Fontenla Rodríguez a Xaime Isla Couto, Pontevedra, 30 -8-1969. Arquivo da Fundación Isla Couto.

CONCLUSIÓN
VENCEREMOS NÓS, OU O PREZO DA LIBERDADE

A historia do galeguismo político do século XX é imprescindible para comprender a Galicia contemporánea, a súa raizame e as súas fontes nutricias. Moitos dos logros políticos, sociais e institucionais dos que agora gozamos tiveron os seu alicerce nun tempo ben distinto á realidade democrática do século XXI, dentro dunha España das Autonomías. Paseniño, mais con decisión, moitas persoas traballaron caladamente durante décadas para que a nosa Terra se situase un día en pé de igualdade con calquera outra cultura europea. Devolver a dignidade á nosa cultura, xeneralizar ou normalizar a lingua galega en todos os eidos, tamén no da Igrexa, sentírmonos orgullosos dos logros que xuntos podiamos acadar como pobo foi un proceso longo e difícil, ao que moitas persoas entregaron o mellor de si.

Como pon de manifesto o caso de Xaime Isla Couto que vimos de referir, as cousas non foron sempre así. A Guerra Civil e o Franquismo botaron por terra todo o camiño andado por esa "santa compaña de imortaes galegos" dos que fala Castelao na súa *Alba de Groria,* impoñendo unha férrea centralización do Estado que esmagou calquera reivindicación galeguista e condenou, no mellor dos casos, as manifestacións culturais propias a mero folclorismo.

Contra esta política erguéronse persoas e grupos que, tanto en Galicia como no exilio, loitaron para manter acesa a chama galeguista. Nos anos 50, unha nova xeración tomaría o relevo da Xeración Nós, clausurada abruptamente pola Guerra Civil española e o posterior réxime de Franco. Esta xeración que emerxe na "longa noite" do franquismo era un grupo de intelectuais cun gran sentido práctico e, se cadra por iso, optaron polo traballo cultural, que era tamén unha ferramenta política, máis poderosa do que moitos pensaron. Conta Xerardo Fernández Albor, con certa retranca, que dunha volta Ramón Piñeiro explicoulle a un comisario de policía, con aquela bondade de espírito coa que el falaba: "nós só facemos un labor cultural". O policía retrucou: "¡pues eso es precisamente lo que me preocupa!"[195] Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto, Francisco Fernández del Riego, entre outros, xunto a algúns nomes da Xeración Nós, respectados como verdadeiros patriarcas, caso de Ramón Otero Pedrayo, traballaron arreo para devolver a Galicia á normalidade cultural, política e social roubada polo Franquismo[196].

Un destes eidos nos que se implicou de maneira moi intensa Xaime Isla Couto foi a galeguización da Igrexa. A creación de revistas de pensamento cristián desde moi cedo, caso da revista *Logos* en Pontevedra, o agromar de grupos como *Deus Fratesque Gallaeciae*, a loita desde a Editorial SEPT para traducir ao galego os textos litúrxicos e a Biblia, e moitas outras iniciativas, estaban orientadas xustamente a consecución deste obxectivo galeguizador, que tiña na misa en lembranza de Rosalía de Castro, celebrada cada 25 de xullo en San Domingos de Bonaval, unha referencia histórico-simbólica.

A historia, que decote argalla o destino dos homes ao seu antollo, quixo que fora nunha destas misas rosalianas cando o réxime franquista mediu as súas forzas cun home íntegro chamado Xaime Isla Couto, entregado á causa de Galicia. Coido ter amosado que os feitos acontecidos ao rematar a misa en lembranza de Rosalía de Castro, o 25 de xullo de 1969, no adro da igrexa de San Domingos de Bonaval (agresión, detención, cativerio, e proceso xudicial), alén de probar a coherencia persoal de quen os sufriu, foi un dos episodios nos que as institucións franquistas tentaron dobregar as ansias de liberdade da sociedade galega máis concienciada. Por fortuna, non o lograron e o caso Xaime Isla Couto permitiu escribir unha páxina na nosa historia política pouco coñecida e, ás veces, terxiversada.

Agardo que neste ano 2019, no que se cumpren cincuenta anos desa misa en lembranza de Rosalía de Castro de 1969, na que tiveron lugar os feitos aquí relatados, esta contribución poida servir para coñecer un pouco mellor a figura deste intelectual que, xunto con Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, conforman a hidra ou trindade de Galaxia.

Tentei dar a coñecer un capítulo na nosa historia política contemporánea que nos fala da normalización da lingua galega no eido da Igrexa e, asemade, da loita dunha xeración que traballou arreo para conquistar espazos de liberdade durante o Franquismo. Á súa intelixencia, tenacidade e abnegación debemos moitos dos logros colectivos de Galicia, país pequeno que colle enteiro no corazón.

---

195 FERNÁNDEZ ALBOR, Xerardo: "Galeguismo e democracia: as miñas lembranza de Ramón Piñeiro", en AGÍS VILLAVERDE, M. e FREIRE GARABAL, M. (eds.): *Galicia, 25 anos despois. Homenaxe a Xerardo Fernández Albor*, Servizo de Publicacións da USC, 2009, p. 29.

196 Sobre a conformación da Xeración Galaxia cf. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *A xeración Galaxia*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

APÉNDICE GRÁFICO



3
2
1



BIBLIOGRAFÍA

I. FONTES

ISLA COUTO, Xaime: *Construír Galicia*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Trasalba (Ourense), 1992.

—: "Carta de Xaime Isla Couto ao Cardeal Quiroga de 13 de novembro de 1968", en LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da igrexa en Galicia*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989.

—: "Dende o cristianismo e a democracia", (entrevista) en FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor: *Unha ducia de* galegos, Galaxia, Vigo, 1982.

—: "Ramón e Galaxia", en *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, Galicia Editorial/Fundación Caixa Galicia, A Coruña 1991.

—: "Limiar" en ISLA COUTO, Xaime: *Construír Galicia*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Trasalba (Ourense), 1992.

—: "Discurso do doutorando", Acto de investidura como Doutor Honoris Causa do Profesor Xaime Isla Couto, Universidade de Vigo, 30 de abril de 1999.

—: "Castelao e as Mocedades Galeguistas", en PASTORIZA ROZAS, Xosé L. (ed.), *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia,* Fundación Isla Couto/Editorial Galaxia, Vigo 2015, p. 123.

ISLA COUTO, X. e GÓMEZ XURXO, S.: "O padre Seixas: profético, galego e universal", en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n. 90, novembro-decembro 1994.

II. BIBLIOGRAFÍA SECUNDARIA

AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

A.B.: "La traslación de los restos de Rosalía de Castro de Murguía: el acto fúnebre en Santiago", en *La Patria Gallega. Boletín-Revista. Órgano Oficial de la Asociación Regionalista*, ano I, nº 5, 30 de maio de 1891, edición facsímil, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

AGÍS VILLAVERDE, M.: "O padre Seixas e a misa en Rosalía de 1965. No cincuenta cabodano da primeira misa en galego", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e GÓMEZ XURXO, S. (eds.): *O Padre Xaime Seixas Subirá.*

Pregoeiro da Irmandade. Homenaxe no centenario do seu nacemento (1915-2015), SEPT, Vigo, 2015.

AGÍS VILLAVERDE, M.: *Crónica viva do pensamento* galego, IGESCO, Vigo, 2001.

AGÍS VILLAVERDE, M.: "Don Xaime en Raxó", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

AGÍS VILLAVERDE, Marcelino e IGLESIAS VARELA, Alba: "O pensamento de Xaime Isla Couto: herdanzas e amores", en *Grial. Revista galega de cultura,* 207, 2015.

ANÓNIMO: "A primeira Misa en galego", en *Grial. Revista galega de cultura,* 9, 1965.

ARAÚJO IGLESIAS, M. A.: *Escritos cristiáns sobre problemas, personaxes e conflictos de Galicia*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1987.

ARAÚXO IGLESIAS, M. A.: "Cara a unha eirexa galega", en FERNÁNDEZ FREIXANES, V.: *Unha ducia de galegos,* Editorial Galaxia, Vigo 1982.

BALIÑAS FERNÁNDEZ, Carlos A.: *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Patronato Rosalía de Castro, Padrón, 1987.

BEIRAS GARCÍA, Manuel: "Entrevista a Manuel Beiras García", en *La Voz de Galicia*, 3-1-1995.

BEIRAS GARCÍA, Manuel: "Historias da 'Misa de Rosalía'", en *Galicia: 1950-1980. Trinta anos de cultura. Publicación conmemorativa do trinta aniversario da Editorial Galaxia*, Editorial Galaxia, Vigo, 1980.

BOGUSZEWICZ, M.: "La actitud lingüística de la Iglesia católica en Galicia cincuenta años después del Concilio Vaticano II", en *Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos*, Universidade de Varsovia, Vol. 16 / 2012.

BOUZADA FERNÁNDEZ, X.M. (ed.): *O desenvolvemento comunitario local. Un reto da sociedade civil. Elementos teóricos e metodolóxicos*, IGESCO, Vigo, 1999.

BREY, María Luisa: "Unha conversa con Xaime Isla Couto", entrevista inédita, realizada no ano 1993 (Arquivo da Fundación Isla Couto).

CAAMAÑO SUÁREZ, M. e RODRÍGUEZ PAMPÍN, X. M.: *Pro e contra da Litúrxia en Galego. Historia dunha polémica*, SEPT, Vigo, 1980.

CABADA CASTRO, M.: *O padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galeguista e universalista*, SEPT, Vigo, 2013.

CARBALLO, Francisco: "Por un cristianismo enraizado en Galicia", en *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

CASAS, Manuel: "Día de Rosalía Castro". *El Pueblo Gallego*, 25-7-1935.

CASTELAO, Alfonso R.: *Alba de Groria*, Ed. Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires, 1951.

CASTRO, Xavier. *O galeguismo na encrucillada republicana*. Publicacións da Deputación de Ourense, Ourense, 1985.

CERVIÑO, Xosé (monseñor): "Un home da cultura comprometido coa súa fe", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto,* Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

CORES TRASMONTE, B. et al.: "Día de Galicia" en *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 13, Ed. El Progreso, Lugo, 2003.

CURROS ENRÍQUEZ, Manuel: *Curros Enríquez canta a Rosalía de Castro (1891,1904)*. Fundación Rosalía de Castro-Centro de Estudios Rosalianos, Padrón, 2001.

DIÉGUEZ, L., VIDAL, C., GARRIDO, X.C., *Bautista Alvárez. Unha vida para a nación,* Documental, Santiago de Compostela, Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, 2005.

DOMINGO CUADRILLERO, Jorge: *El exilio republicano español en Cuba*. Siglo XXI Eds., Madrid, 2009.

DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "A Comunidade de vida cristiá de Vigo Vigo e a liturxia en galego", en *Lumieira*, 17 (1991), pp. 211-213.

DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico):"O Padre Seixas na nosa lembranza", en *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, Santiago de Compostela, 151, 2007.

DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "Ondas do Mar de Vigo, o coro vigués das misas en galego", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e XURXO, S. G. (eds.): *O Padre Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, Vigo 2015.

DOMINGUEZ, F. (Quico): "Xaime Isla e a inculturación da Igrexa galega", en *Grial. Revista galega de cultura,* 207, 2015.

DOMÍNGUEZ, Francisco (Quico): "50 anos na inculturación da Igrexa Galega", en http://editorialsept.gal/sample-page/sept-50-anos-na-inculturacion-da-igrexa-galega.

DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e GÓMEZ XURXO, S. (eds.): *O Padre Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, Vigo 2015.

EIRÉ, Afonso, "50 anos do Día da Patria Galega", *El Correo Gallego,* 25-7-2018.

ERMIDA MEILÁN, Xosé Ramón, "A represión contra o antifranquismo durante o estado de excepción de 1969", *Sermos Galiza,* 330, 17-1-2019.

FERNÁNDEZ ALBOR, Xerardo: "Galeguismo e democracia: as miñas lembranza

de Ramón Piñeiro", en AGÍS VILLAVERDE, M. e FREIRE GARABAL, M. (eds.): *Galicia, 25 anos despois. Homenaxe a Xerardo Fernández Albor*, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2009.

FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor: *Unha ducia de* galegos, Editorial Galaxia, Vigo, 1982.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: "Las jornadas rosalianas del Día de Galicia. Homenaje del Centro Gallego Bonaerense, a nuestra Gran Lírica", en *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, Año XXXIII, n. 442.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: *A xeración Galaxia*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

FERRO RUIBAL, Xesús: *A Igrexa e a lingua galega. Ensaio*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1987.

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé Fernando: *Discurso de apertura do 1º Seminario galego de arte e comunicación*. Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, Edicións do Castro, Sada, 1984.

FRAGA, Xan: "Xaime Illa Couto na Misa por Rosalía", *Terra e Tempo. Dixital galego de pensamento nacionalista,* 29-7-2012.

FRANCO GRANDE, Xosé Luís. *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeneración* da noite *(1954-60),* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1985.

GARCÍA, Félix: "Bosquexo salesiano de Xaime Isla Couto", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (Borobó). "A Misa dita por D. Chinto". *O Correo Galego*, 25-10-2000.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (Borobó): "As cavilacións do Padroado de Rosalía". *El Correo Gallego,* 26-10-2000.

GARCÍA DOMÍNGUEZ, Raimundo (Borobó). "La traslación de Rosalía" en *A cantora do Sar*. Fundación Rosalía de Castro, Padrón, 1999.

GARCÍA MARTÍ, Victoriano. "Biografía" en *Rosalía de Castro. Obras Completas.* Ed. Aguilar, Madrid, 1958.

GÓMEZ XURXO, S.: *Conversas do Pai Seixas con Silvestre G. Xurxo*, SEPT, Vigo 1985.

GONZÁLEZ, Xosé: "Homenaxe ao Doutor Carlos Guitián", *Galicia Confidencial*, 24-4-2017.

GONZÁLEZ BERAMENDI, J.: "Nación e tradición" no monográfico de *La Voz de Galicia* dedicado a Otero Pedrayo, 1-2-2001.

GONZÁLEZ BERAMENDI, J.: *Da provincia á nación. Historia do galeguismo*

político, Ed. Xerais, Vigo, 2007

GURRIARÁN, R.: *Do Gaudeamus Igitur ao Venceremos Nós*. Obra Social Caixagalicia, A Coruña, 2008.

GURRIARÁN, R.: *1968 en Compostela. 16 testemuños*. Universidade de Santiago de Compostela, 2010;

GURRIARÁN, R.: *Inmunda escoria. A Universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2010.

LAGO-CIZUR GOÑI, A.: "Informe do Censor", en *O Misal Galego co Ritual dos Sacramentos e máis unha escolma das principás oracións do fiel Cristián*, As Edicións do Adro, SEPT, Vigo, 1968.

LÓPEZ MUÑOZ, Daniel. *O idioma da Igrexa en Galicia,* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989.

MAIZ, R.: "El franquismo en Galicia", en *Historia de Galicia*, *vol. 4: La época contemporánea,* Ed. Faro de Vigo, Vigo, 1991.

MANDIÁ, Diana: "A estrea galega de Castelao", *El País*, 11-2- 2011.

MARÍA, Manuel: "Pequena historia da Misa de Rosalía", en *Rosalía Vive*, número monográfico extraordinario de *A Nosa Terra*, dedicado a Rosalía de Castro, Vigo, 1984.

MARTÍNEZ COBAS, Francisco Xavier: "Xaime e os novos", en AA.VV.: *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

MARX, K.: *Tesis sobre Feuerbach* en *Ludwig Feuerbach y el fin de la filosofía clásica alemana*. Dietz, Sttutgart, 1888.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: "Venceremos nós (engádega)", en *Faro de Vigo,* 15-9-2006.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis: "Da Estrela e da Illa", en *Faro de Vigo*, 10-10-2015.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: "Seixas en Bonaval", en DOMÍNGUEZ, Q., CABADA, M. e XURXO, S. G. (eds.): *O Padre Seixas Subirá. Pregoeiro da irmandade*, SEPT, Vigo, 2015.

MÍNGUEZ GOYANES, Xosé L.: *Quiroga Palacios no seu tempo,* Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 2000.

MORENTE TORRES, Xosé: "La liturgia en gallego". *El Ideal Gallego*, 28-8-1965.

MOSQUERA PÉREZ, Xosé: "Discurso pronunciado en Bos Aires o 24 de xullo de 1959", Arquivo Sonoro de Galicia, Consello da Cultura Galega.

MOUNIER, Emmanuel: *¿Qué es el personalismo?*, en Obras Completas, t. III, Ed. Sígueme, Salamanca, 1990.

OBELLEIRO, M., "As voces da primeira década do Día da Patria Galega", *Sermos Galiza,* 255, 20-7-2017

PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís (ed.): *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*, Fundación Isla Couto/Editorial Galaxia, Vigo 2015.

PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís: "Presencia da Nación! O galeguismo xuvenil de Xaime Isla Couto" en *Grial. Revista galega de cultura*, 207, 2015, pp. 22-33.

PASTORIZA ROZAS, Xosé Luís: "Ramiro Isla Couto: pioneiro do nacionalismo alén mar", en BERAMENDI, J., et al. (Eds)., *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego, 2017, pp. 309-324.

PÉREZ PRIETO, V.: *Galegos e Cristiáns*, SEPT, Vigo, 1994.

PIO XII: "En el alba y en la luz. Radiomensaje de Navidad de su Santidad Pío XII ", 24 de nadal de 1941, Librería Editrice Vaticana.

QUIROGA PALACIOS, Fernando: "Carta do Cardeal Quiroga Palacios a Xaime Isla Couto de 4 de decembro de 1968", en LÓPEZ MUÑOZ, Daniel: *O idioma da Igrexa en Galicia*, , Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1989.

REY LAMA, Gonzalo. *Vinte quilómetros ó sur de Santiago. A Casa-Museo de Rosalía.* Colección Escribiduras, núm. 1. Fundación Rosalía de Castro, Padrón, 1999.

RODRÍGUEZ FRAIZ, A.: *Castelao na alma dos escritores do seu tempo*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 1990.

RODRÍGUEZ POLO, Xosé Ramón: *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, Ed. Xerais, Vigo, 2009.

RUÍZ JIMÉNEZ, J. M.: *Introducción al pensamiento de Jaques Maritain*, Instituto Emmanuel Mounier, Madrid, 1991.

SEIXAS SUBIRÁ, X.: *Homilía do Padre Seixas, pronunciada na Misa en lembranza de Rosalía de Castro de 1965*. 50 aniversario da primeira misa en galego (1965-2015), Galicia Milenio. Foro de Pensamento e Opinión, Santiago de Compostela, 2015.

SEIXAS SUBIRÁ, X.: "Primeira misa en idioma galego" en *Faro de* Vigo, 24-7-1966.

TORRES QUEIRUGA, A.: "Nota pra unha teoloxía do galeguismo", en *Grial. Revista galega de cultura,* 9, 1965.

VIDAL, Carme: "Xaime Isla Couto —entrevista-", en *A Nosa Terra*, 919, 27-1-2000.

VIDÁN TORREIRA, Manuel: "Historia do primeiro Misal en galego", *El Correo*

Gallego, 18-7-1987.

VIDÁN TORREIRA, Manuel e PRECEDO LAFUENTE, Xesús: *O Cantar dos Cantares* de Salomón, en *Grial. Revista galega de cultura,* 6, 1964.

VIDÁN TORREIRA, Manuel e PRECEDO LAFUENTE, Xesús: *A Apocalipse* de San Xoán (Escolma), en *Grial. Revista galega de cultura,* 14, 1966.

VILLARES, Ramón: *A Historia*, Editorial Galaxia, Vigo 1984.

XOÁN XXIII: *Carta Encíclica Pacem in Terris. Sobre la paz entre todos los pueblos que ha de fundarse en la verdad, la justicia, el amor y la libertad*, 11 de abril de 1963, Librería Editrice Vaticana, Roma. Trad. Galega: XOÁN XXIII: *Pacem in terris: a paz entre tódolos pobos fundada na verdade, na xusticia, no amor, na libertade*, versión e limiar de Isaac Alonso Estravís, Edicións do Adro, SEPT 1968.